

Adeus ao reinventor do teatro galego



Roberto Vidal Bolaño.


(Páx. 23-26)

Nº 1.047.
Do 12 ao 18 de setembro de 2002.
Ano XXV IV Xeira.

ANOSA TERRA

FUNDADO EN 1907

1,75 euros



OS VIXIANTES DO LUME



PACO VILABARRROS

Henrique Harguindey / Maruxa Barrio *Antoloxía do Conto Popular Galego*

Unha selección dos mellores contos xurdidos da creatividade popular galega. Enxeñosas parábolas que nos remiten a un mundo tradicional hoxe en transformación.



UN DOS LIBROS DE ACTUALIDADE HOXE leva por título *Imperio*. O seu autor é o filósofo italiano Toni Negri. O uso do termo "imperialismo" quedara circunscrito nos últimos anos a certos movementos do terceiro mundo e a un sector dos partidos comunistas hoxe xa desaparecidos. De modo significativo a palabra está volvendo a florecer da man de medios de comunicación e de intelectuais non só da antiglobalización, senón tamén doutros situados no espectro político moderado. A batalla que se xoga un ano despois do 11-S tamén atinxe así aos conceptos. EEUU érguese como potencia única, con potestade de actuación en todo o planeta e con inmundeade ante os tribunais internacionais. O resto das nacións seguen a defender teoricamente o modelo nacido da II Guerra Mundial, precisamente para evitar outra conflagración. Este é o da multipolaridade. Mais, na práctica, só o terceiro mundo é valedor del e por iso vive baixo a constante ameaza norteamericana. Rusia ten máis interese en converterse no principal provedor de gas e petróleo aos EEUU e os Estados europeos, en maior ou menor grado, non discuten a hexemonía norteamericana. O monopolio político de Washington encóntrase xa que logo lexitimado pola maioría dos países desenvolvidos, pero é bon que se lle volva chamar ás cousas polo seu nome: Imperio. ♦

Pais e profesores analizan o comezo de curso

(Páx. 15)

As rapazas non se cortan, xa din tantos tacos coma os homes

(Páx. 33)

O enlace Agag-Aznar

(Páx. 29 e 32)



Desde o mirante do Faro divisase media Galiza.

Noite e día, 95 vixiantes escrutan desde os altos cumes a xeografía na procura do lume

Os mirantes contra incendios convertidos en novos fareiros

AFONSO EIRÉ

Son os novos vixias que, como antano, inzan os cumes máis altos de Galiza. Pero non encenden lumes nin fachos. Moi ao contrario. Desde os seus mirantes tratan de albis-car calquer signo de fume para evitar os incendios. Así viven na soedade. Así traballan.

“Onde hai fume hai lume”. Semella un xogo tradicional dos raparigos, pero resulta o método primordial de traballo na rede de vixiancia contra os incendios. Nos puntos máis altos do país, 95 persoas escrutan, agora no verán, noite e día sen descanso, tratando de albis-car o máis leve indício de fume, sabedores de que pode ser o conato dun grande incendio. Son os *Vixiantes do Monte*.

— Monte Faro para Distrito, Monte Faro para Distrito.

— Adiante Monte Faro.

— Vemos un fume cara o norte, pensamos que é no monte de San Miguel, pero tápanos a curota e non podemos precisar o lugar exacto nin a súa orixe.

— Recibido Monte Faro. Recibido. Atención brigada de Chantada. ¿Onde vos atopades? Dirixídevos rapidamente a San

Miguel que está a comezar un incendio. Repito, dirixídevos rapidamente a San Miguel do Monte que está a comezar un incendio.

É unha alarma máis das moitas que se producen no verán. Neste caso, o 6 de Setembro, cando a brigada chega, en menos de 15 minutos ao lugar do lume, non só confirma a existencia dun incendio senón a súa magnitude. Informa ao Distrito, con sede en Monforte, que existen tres focos moi activos, un deles adentrándose no monte de piñeiros, polo que necesitan apoio.

Desde a caseta do Monte Faro, mentres ollamos como o fume non só sube facendo torres retorneadas, senón que amplía a súa base, cada vez máis negra, podemos escoitar pola emisora como desde a xefatura do distrito se dirixen ao helicóptero *Mar Roxo*

para que apoie á brigada que está a apagar no lume. Despois de catro pasadas, recollendo auga no tanque dun veciño, do Moure, ás 17,37, o *Mar Roxo* recibe a orde de retirarse. Pero cambia a dirección do vento cara o norte e Eolo aumenta a súa intensidade pouco a pouco. Uns minutos despois, o Distrito chama a Monte Faro.

— Atención Monte Faro, atención Monte Faro.

— Adiante Distrito, aquí Monte Faro.

— Ponte en contacto co helicóptero *Mar Roxo* e dille que queda anulada a orde. Que actúe en San Miguel.

Cincuenta leguas á redonda

Monte Faro é o nome máis acado para esta torre de vixiancia, situada a 1.153 metros de altitude, a es-

casos 500 metros da histórica capela do Faro, cuxa romaría canta o trobeiro Xohán de Requeixo. Manuel María afirma que desde este monte, no corazón de Galiza, se poden contemplar cincuenta leguas á redonda nas catro provincias. Cos prismáticos divisáanse os altos cumes do Caurel de Novoneyra, os montes de Manzaneda, o Pico Sacro, os chans de Melide, o Picato de Lugo, e ata o fume das chimeneas das Pontes e Meirama.

Hoxe nesta torre de vixiancia presta servizo Elvira Ratón, unha muller que leva oito anos neste traballo e nos explica sinxelamente en que consiste: “Trátase de ollar canto antes o fume. Esteña onde esteña, por moi pequeno que sexa. Canto antes o vexas e deas parte, moito millor. Así é como evitamos moitos incendios”.

Para os *Vixiantes do Monte*

calquera lume pode ser un incendio. Non importa onde sexa: perto ou lonxe das casas, no arredor dun prado ou na cañeta dunha leira; que por alí haxa ou non haxa monte. “Salvo os provocados, que teñen tres ou catro focos a maioría das veces, os demais incendios comezan sempre cun pequeno lume. Unha veces é fortuito, un cigarro ou un cristal, outras encenden un lume pequeno que se lle escapa ou se lle vai das mans ao que o plantou e provoca o desastre. Se o vemos e as brigadas o collen a tempo son fáciles de dominar, pero cando se estende acadando dimensións insospetadas e moitas veces catastróficas, sobre todo nas zonas onde o monte e moi irado e non se pode traballar ao xeito, como ocorreu hai poucos días alá en Quiroga”.

Continúa na páxina seguinte



Edita:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
Cesáreo Sánchez Iglesias.

Conselheiro Delegado:
Xosé Fernández Puga.

Voceais:
Xosé M^o Dobarro, Manuel Mera, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.

Secretariado:
Xan Piñeiro.

Director:
Afonso Eiré López.

Redacción:
Xan Carballa, Manuel Veiga, Horacio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Bergantinos, César Lorenzo Gil, Paco Vila Barros (Fotografía).

Edicións Especiais:
Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta:
Xoselo Taboada.

Coordenación Humor Gráfico:
Picho Suárez.

Colaboradores:

Galiza: Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, Xoán Vila, Santiago Jaureguizar, Manuel Monge, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Bañobre, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, M^o Pilar García Negro, V.M. Vázquez Portomene, A. Gato Soengas.
Sociedade: Perfecto Conde, X. Vázquez Piñor, Encarna Otero, Xavier Queipo, Henrique Harguindéy.
Economía: Manuel Cao, Ramón Maceiras, Carme Vences, X.F. Pérez Oia.
Península: Gonzalo Nuno de Faria, Manuel Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.
Mundo: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena.

Dorados: Manuel Pampín, Moncho Viñas.
Ourense: Ramiro Fonte, Vítor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Lois Diéguez, Celso López Pazos, X.M. Eyre Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel, Rodolfo Dacuña, X. González Gómez, Gonzalo Vilas.
Fín de Semana: Borobé, Francisco Carballo, Marga Romero, César Varela, Xurxo F. Ledo, Luísa Villalta, Francisco A. Vidal.
Legre: Eva Montenegro Piñeiro.
Última Páxina: X.R. Pousa, X.A. Gacino, Fran Alonso, Manuel Cidrás.
Fotografía:
Andrés Panaro, Xosé Marra, Voz, Noticias.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Sillar, Gonzalo Vilas, Suso Sammartín, Ana Pillado Vega, Hermo, Garrincha, Fernando Rodríguez & Serxio Suárez (Posoneiro).

Xefe de Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz
publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscricións:
Lola Fernández Puga
subs.anosaterra@terra.es

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abalde

Redacción e Administración:
Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo.
Apartado 1371. 36200 Vigo
Edición Electrónica:
www.anosaterra.com

Teléfono:
986 433 886 - 222 405.
Fax 986 223 101.

Correo Electrónico:
info@anosaterra.com

ADMINISTRACIÓN, SUBSCRICIÓN E PUBLICIDADE:
986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 0213-3105.



PACO VILABARROS

Vén da páxina anterior

O celo profesional dos *Vixiantes* é tanto que xa non é a primeira vez que chafan unha comida. A algún veciño, maiormente emigrante, dalle por prender o lume perto da casa para realizar unha churrascada e aparece unha dotación contraincendios para apagarlo. “Non verán non se pode prender lume fóra, está prohibido e debemos dar parte de todos por moi pequenos que sexan”, coméntanos Elvira.

Se o día está claro, non só se esma moitas veces a base do lume para poder indicarlle ao Distrito con precisión a súa causa probable, senón a dimensión que pode acadar e a dificultade e o tempo que pode levar apagalalo. A mesma cor do fume e a súa altura son unha indicación básica para poder calibrar a gravidade do lume. Xa non digamos cando comezan a subir as lapas no que semella un cántico espiatorio cara o ceo dun pobo que ofrece o mellor que ten a non se sabe que divindade insaciábel e vengativa.

Mirante desde hai cuarenta anos

Seméllanos que ten que ser moi difícil precisar a localización do foco do incendio. Elvira explícanos que non, que “durante as campañas do verán prodúcense tantos lumes que vas aprendendo xeografía e sabendo mesmo onde está cada unha das parroquias e lugares”. Nas paredes da caseta, fronte da chimenea francesa e ao carón dunha mesa camilla, sitúanse varios mapas do Distrito e dos concellos limítrofes para axudar no traballo de localización. Estes mapas son do Servizo Cartográfico do Exército, algun deles tan detallado que mesmo ten os camiños, congostras, fontes e puzas. O máis novo, a cor, ten un defecto, pon os nomes en español o que leva a moitas confusións e dificultadas cando se trata de indicarlle ás brigadas a localización exacta do incendio. Os seus membros, coñecedores moitos deles da xeografía local, unicamente poden localizar o lume se reciben a indicación co nome verdadeiro.

A caseta do Faro, que leva cuarenta anos funcionando, o mirante na linguaxe popular dou da zona, está a menos de dous quilómetros do Cruceiro do Couto, onde chantaron o marco no que se xuntan as provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Avanza a tarde mentres escoitamos pola emisora como a base de Lalín precisa “un coche bomba e unha cisterna nodriza urxentemente” para un incendio que hai perto da Gouxá. Desde a caseta, cara o suroeste, podémolo ollar perfectamente, cada vez cun fume máis mesto e negro. “Nunca estiven por alí, pero debe ser perto do antigo campo da feira”, coméntanos Elvira.

Despois de dar un argueireiro percorrido cos prismáticos polos catro puntos cardinais, aínda que se centra principalmente no este, onde está a maior parte do territorio do seu Distrito, Elvira dispónse a prepararnos un café na cociña que a caseta ten na cara sur, ao carón da saída de operacións e víxía cuns amplos ventanais polos que pasa a ser con-

vidado tanto o sol coma o inverno.

Son as únicas dependencias que ten esta caseta na planta alta que rodea un corredor con baranda de ferro. Unha escaleira ben irada permite subir a esta dependencia desde a pista e un cortallumes que a comunica co mundo. Na planta baixa, nunha especie de garaxe onde resgardar o coche da neve e a xiada, están as baterías que lle dan vida a todo o sistema de luz e ás emisoras alimentadas con paneis solares e un pequeno muíño de vento. Unha rima de leña alimentará tamén a fogueira da chimenea contra o frío escario que tolle ata os toxos.

A función do 085

A conversa sobre o Faro e as súas lendas que nos escachurra, chega

á capela e á barbaridade que están a perpetrar, levantándolle as lousas do chan e poñéndolle pedra serrada. Anos atrás tamén edificaron, pola cara este, un inmenso cobertizo de pedra adosado á parede da capela para que os cegos pudesen comer ao recollido o 15 de agosto e o 8 de setembro: dúas veces ao ano. O goberno de Chantada, por entón nacionalista, conseguiu que o derribasen.

— Atención Monte Faro. Atención Monte Faro, aquí distrito, sobresáltanos a emisora cortando o noso vagaroso palique. A Elvira levántase coma un resorte.

— Aquí Monte Faro. Adiante Distrito, adiante.

— ¿Ves desde aí un lume no Saviñao, en Chave?

— Remato de realizar aínda hai pouco un barrido e non ollei

‘Eu non teño medo’

“As veces/ as guedellas érguense e foxen coa noite/ e as pernas esvaídas vanse de min pra lonxe/ e o sapo toca./ A noite do Faro e dona loba.”, recordándonos os versos de Ruben Jorge Eyré nun monolito levantado no Chan de Seixas, o penúltimo descanso da costa antes de chegar ao cumio do Faro.

Pero a Elvira afirma que pasar toda a noite sóa no monte, mesmo na época de inverno, non lle dá medo. “¿A que o vou ter?”, pergúntanos nunha resposta retórica.

“¿Aos lobos? Non chegan aquí ao cumio. Aquí non teñen nada que comer. Algunhas veces téñoos escoitado ouvear no mes de abril, cando as lobas andan saídas”.

Pero non está “soiña no monte/ sen ver cousa ningunha” como afirma a canción. “Desde aquí vense moitas cousas. Moitas. Pero eu prefiro calar. Non me importa que veñan os coches nas madrugadas. Nin a presa que teñen algúns. Nin os sinais que se fan coas luces. Eles non se meten conmigo e eu non me meto con ninguén”, coméntanos Elvira.

Procura non saír da caseta. En realidade só está obrigada a facelo cando chega e cando marcha e, antes das dúas da tarde, para comprobar a temperatura, humidade, dirección e in-



PACO VILABARROS

tensidade do vento na pequena estación meteorolóxica veciña. Con estes datos dá un parte co índice de perigo de incendios.

A única vez que Elvira di sentir medo, púxollo precisamente a Guardia Civil de Rodeiro, que a enfocaron aos ollos e non podía saber quen era. Desde aquelas prohibiúllas que se acheguen a caseta. Se olla algo raro perto, avisa. E se algún teima en achegarse dá parte á Guardia Civil.

E as curuxas que cantan na Regata de Bergadaiñas, o moucho que anuncia a Morte da Filomena por Camba, o raposo que ladra buscando compañía... Éses son para a Elvira “compañeiros amigos”, como o son as estrelas fugaces que pasan unha e outra vez mentres ela queda solitaria coma unha nova fareira, na procura de lume. ♦

nada. A Elvira colle os prismáticos e sae ao corredor. Enfoca cara Currelos automaticamente, indicándonos a posición exacta onde debía ollar o fume.

— Atención Distrito, atención. Aquí Monte Faro.

— Adiante Monte Faro. Adiante.

— Desde aquí aínda non dou visto nada. Temos moita calma e dificultada a visión.

— Se o ves, avisa.

A Elvira sigue esculcando cos prismáticos cara o punto onde tería que saír o fume. Nós, mentres tanto, seguimos as peripecias através da emisora. O Distrito de Monforte chama a cada unha das brigadas da zona. As da Xunta e as que teñen a maioría dos concellos, para saber a súa posición exacta. Manda á do Saviñao saír cara Chave, “que hai unha alarma de incendio”, coa indicación de que chamen cando cheguen a Escaroirón para recibir instrucións. Tamén lle indica á de Bóveda que se dirixa cara Currelos. Por unha segunda emisora escoítase outra voz que lle indica ao vixiante da Serra da Magdalena que utilice “o sistema que che dixen o outro día para saber onde cae o lume”.

Entra de novo a Elvira sen que fose capaz de enxergar o lume en Chave. “Debeu ser a alarma que algún deu através do 085. É o sistema máis eficaz para detectar os incendios. Calquera que vexa fume pode chamar a el. O distrito envía alí a unha brigada e podemos coller o lume desde o comezo. Estas chamadas evitan moitos incendios”, explícanos a vixiante.

Non tarda en saír de novo ao corredor. Fixa unha e outra vez os prismáticos aló ao lonxe, a máis de 20 quilómetros en liña recta, Miño polo medio. “Xa está, agora xa o vin”, dínos como se acabase de atapar a unha presa esquiva.

— Atención Distrito, atención Tobío. Agora xa podo velo. Efectivamente é en Chave, pero non che podo dar moitos datos máis pois, como xa che dixen, teño bastante calma.

— Gracias Elvira. Atención Bóveda, aquí distrito, ¿onde andades? Apurate un pouco e dirixíxevos canto antes a Chave. ¿Sabedes onde está, non?

Vai caendo a noite. O vento comeza a soplar con máis forza. A Elvira olla un fume cara Ourense e diríxese á emisora.

— Atención Peroxa, atención. Aquí Monte Faro.

— Adiante Monte Faro.

— ¿Sabes que tedes un lume perto do campo de golf de Vila-martí?

— Gracias Monte Faro, afirmativo. Hoxe hai traballo é non da tempo para máis parola.

“Tamén nos axudamos moito entre as distintas casetas. Se ves un fume aínda que non sexa no teu distrito avísanos”, explícanos Elvira.

Pasa puntual o avión das 21.30 horas cara Compostela mesmo por riba de nós. Hai un anaco que o sol se meteu no mar devagaríño alá polas Rías Baixas. O mar apagado o seu luceirío deixando unha cor encarnada no ceo coma se o Lourenzo se enfriase. “Roxo por Oseira, mulleres á raxeira. Podemos ter unha boa noite”, dínos Elvira coa sabiduría de xeneracións enxergando ao seu carón. Tamén de noite Elvira deberá de buscar un fume que se pode confundir cos tebras do chamusco. ♦

*Vivimos no mellor
dos mundos posibles*
Faijón González

O PSOE ven de mostrar unha candidez entrañábel. Os seus líderes pasaron medio ano repetindo que co PP aumentara a inseguridade cidadá. De súpeto saiu Aznar e dixo: “Vou barrer os delincuentes das rúas en cinco minutos”, así ao estilo Marbella, e cunha frase quedou tumbada toda a estratexia socialista. A táctica de Zapatero foi como a de alguén que quixese gañarlle as eleccións a Hitler pedindo man dura contra os **xudeos**.

Hai uns sabrosos artigos de Otero Pedrayo da posguerra, case todos en castelán por razóns obvias, que acaba de reeditar Galaxia. É ben lelos. Pero un pensa: ¿Por qué o catalán Josep Pla é traducido ao castelán e lido en Madrid, mentres que de Otero nunca se preocupou ninguén na **capital**?

O director da película que ven de gañar o León de Ouro en Venecia, Peter Mullan,

A Sentencia -en castelán- do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza sobre o control dos coñecementos de lingua galega nas probas de acceso á función pública autonómica pode ser analisada desde dúas dimensións. A primeira é a posibilidade mesma de realizar estes controis. A segunda é a da forma máis acaída de ter constancia deses coñecementos. Hai aquí elementos de interpretación xurídica -nos que a Sentencia pode entrar pero que, evidentemente, son iso, interpretacións e, polo tanto, están sometidas á crítica razoada-, outros de simple vontade política. Nestes últimos poden utilizarse as leis como escudos pero é ben sabido que na amplitude dos preceptos que regulan estas cuestións hai múltiples solucións todas elas válidas.

Non se pode discutir, e de feito a Sentencia non o discute, a capacidade autonómica para controlar os coñecementos do galego dos aspirantes á función pública autonómica. Tanto a Lei de Normalización lingüística como a normativa de función pública facultan á Administración autonómica a realizar eses controis coa finalidade de asegurar que os empregados autonómicos están capacitados para garantir os dereitos lingüísticos dos cidadáns. Hai que lembrar que a xurisprudencia consolidada nesta materia sitúa en primeiro lugar os dereitos cidadáns a relacionarse na lingua da súa elección. O carácter servicial que ten o labor das Administracións públicas obrigaas a anteponer os dereitos do conxunto dos cidadáns aos particulares dos seus empregados que, en definitiva, no seu posto de traballo actúan para garantir os intereses xerais.

Isto lévanos á segunda dimensión da cuestión. ¿Cómo debe ter constancia a Administración de que os seus potenciais traballadores poden desempeñar con eficacia e respecto aos dereitos cidadáns o seu traballo? Pois ben, nisto a Sentencia tan só acerta parcialmente. As sucesivas sentencias do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional ofrecen xa algunhas pautas dos límites e posibilidades con que contan as Administracións públicas. En primeiro lugar a xurisprudencia ten sinalado que, efectivamente, as fórmulas de control poden ser variadas e non teñen que limitarse ao momento da oposición. As Administracións poden realizar exames específicos ou poden aceptar acreditacións oficiais dos coñecementos. Tamén poden someter aos seus empregados a controis unha vez que xa forman parte da Administración pública. Esta é a base dos fundamentos xurídicos da Sentencia citada.

Nembargantes, se ben non é discutíbel xuridicamente a fórmula concreta mediante a cal se valoren eses coñecementos si que se debía ter entrado, e a Sentencia non o fai, en se o sistema de avaliación elixido é adecuado para garantir os dereitos lingüísticos do cidadán. Para iso o Tribunal Superior de Xustiza contaba tamén cun amplo número de Sentencias coas que ilustrarse. E aquí é onde radica a miña discrepancia xurídica coa Sentencia e política coa decisión da Xunta. Sendo válido calquera medio para deixar constancia dos coñecementos de galego tamén é claro que este medio (exame, título, curso...) debe servir para que cada empregado público estea



ANA PILADO

O galego e a Administración

ALBA NOGUEIRA

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza sobre a exigencia do galego nas oposicións abre máis interrogantes dos que pecha. Unha pregunta: ¿Serviríalle a unha empresa para contratar a alguén que precisa saber inglés que lle dixéramos que fixo inglés ata o final do Bacharelato ou que dispón dun título nun cursoño?

en disposición de responder ao público de acordo coas esixencias propias do seu posto de traballo. Nesa liña a xurisprudencia é clara. A Administración non pode ter esixencias lingüísticas uniformes para todos os seus empregados por que non todos teñen as mesmas necesidades de relación cos cidadáns. Non é o mesmo alguén que ten que estar nun posto de atención ao público que alguén que non o están; alguén que debe escribir informes especializados que alguén que non o debe facer; e non é o mesmo unha Administración cun grao de normalización no uso do idioma que outra que aínda debe alcanzar

eses estándares. Por ese motivo o control dos coñecementos lingüísticos debe permitir avaliar a capacitación concreta de cada suxeito para o posto de traballo que vai desempeñar. Dificilmente isto pode facerse coa acreditación do estudo da lingua nos niveis obrigatorios de ensino ou coa escasa marxe de apreciación que permite estar en posesión dun dos dous únicos niveis dos cursos oficiais. ¿Serviríalle a unha empresa para contratar a alguén que precisa saber inglés que lle dixéramos que fixo inglés ata o final do Bacharelato ou que dispón dun título nun cursoño que tan só consta de dous niveis de dificultade? Seguramente non.

Debemos recordar que o acceso ao emprego público

Continúa na páxina seguinte

“O acceso ao emprego público debe fundamentarse nos principios constitucionais de mérito e capacidade e os concursantes demostrar a súa mellor valía fronte a outros competidores”

Cartas

Non repitan críticas

Como lector habitual de *A Nosa Terra* (con especial interese na súa nada despreziable sección cultural) teño observado que se adoita bater demasiadas veces na mesma pedra no tocante á crítica de libros. Non creo esaxerar se digo que mister Eyré e compañía teñen comentado un mesmo libro varias veces ao longo dun ano. No caso do último número, coído que tanto “Enderezo descoñecido” coma “Sentinela alerta (paso da exclamación)” foron comentados con anterioridade, e aínda non hai moito. Sucedeu xa o mesmo con obras de Manuel Rivas ou Suso de Toro, entre outros. Non sei se lles supón moita

novidade que lles aclare que, aínda que as editoras galegas non publican cada unha un cento de libros ao ano, si creo que editan dabondo como para que vostedes teñan ben onde escoller. De feito, hai moitos libros vostedes deixaron sen comentar mentres que, repito, fixeron ata tres comentarios doutros. Non se pode ser tan tiquismiquis en temas culturais. Logo vaian por aí dicindo que a literatura galega ten pouquiña difusión, cando vostedes non fan demasiado por mellorar a situación: calquer persoa allea á cultura galega que lle bote un ollo á súa publicación creará que en Galiza as editoras publican un libro cada seis meses ou cando lles cadra. ♦

CYBERLUGH@TERRA.ES

Benvida a compostaxe a Lugo e Santiago

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) felicita aos gobernos municipais de Santiago e de Lugo pola súa decisión de promoveren a compostaxe da materia orgánica do lixo como alternativa á súa combustión na planta incineradora de SOGAMA SA. A FEG recoñece especialmente o papel xogado polos respectivos concelleiros de medio ambiente como impulsores dunha decisión moi positiva para o medio ambiente e para os intereses dos veciños e veciñas. A decisión dos gobernos de Lugo e de Santiago é consecuen-

te cun enfoque progresista da xestión do lixo, preocupado pola promoción do desenvolvemento sostíbel e polos intereses colectivos. Sen embargo, o Goberno galego, a través de SOGAMA SA, antepón os criterios de mercado aos sociais e ecolóxicos.

A FEG demanda á Xunta e ás Deputacións Provinciais que axuden aos Concellos que promoven unha xestión do lixo respectuosa co ambiente. Destinar aínda máis diñeiro público a SOGAMA SA e non conceder nin tan sequera un euro aos municipios comprometidos coa reciclaxe supón unha utilización partidista, ineficiente e antiecolóxica do diñeiro dos contribuíntes.

A FEG agarda que novos gobernos municipais progresistas,

Nova mortificación para a lingua

MARIA PILAR GARCIA NEGRO

A lingua galega parte dunha situación histórica, centenaria, de des-institucionalización e afastamento, por invasión da lingua oficial do Estado, de todas as funcións públicas. Foi o propio esforzo interno á sociedade galega, esforzo intelectual, político e patriótico, o que conseguiu, desde a segunda metade do século XIX, que a lingua natural e autóctona do País ocupase espazos públicos e comezase a tomar carta de naturalidade en ámbitos de relevo social e, portanto, con efecto multiplicador de uso e de prestixio. Resulta, por isto, inconcebible que, cumpridos máis de vinte anos de rexime autonómico e case outros tantos de vixencia da Lei de Normalización Lingüística, a lingua que determina, como elemento central, a nova institucionalización galega non só non teña experimentado avances normalizadores que se traduzan en consolidación e aumento de utentes senón que continue a recibir, ano após ano, novas mortificacións, novos vaciados da xa cativa lexislación existente. Non é o *laissez faire, laissez passer*, é o exercicio activo de desmantelamento dos exíguos dominios onde o galego tiña presenza (que non utilización) obrigatoria.

Se até Xuño de 2000, a proba de galego era obrigatoria nos exames á función pública

autonómica, a partir desta data, a Xunta de Galiza ten a ben decretar que tal proba sobra e que unha acreditación de cursos de galego ou os estudos de Ensino Primario ou Secundario eran suficientes para garantir a posesión do galego ao futuro funcionario-a. Se isto é así, ¿como é que tal posesión "suficiente" non se fixo valer, durante anos e anos, para esixir o dominio e uso, oral e escrito, da lingua galega, na atención aos administrados e no desempeño da función laboral que, por certo, pagamos todas as gallegas e galegos? ¿Hoxe serve o que onte non servía, por insuficiente?

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, demostrando un respecto pulquérrimo por toda a lexislación *ad hoc*, facendo caso omiso das prescricións do Estatuto de Galiza (1980) e da Lei de Normalización Lingüística (1983) e amosando, como nos vellos tempos, adhesión inquebrantábel ao goberno, ratifica esta decisión política. É, en suma, a Xunta de Galiza a que **politiza**, para mal, a lingua galega, a que a desampara máis unha vez e a que provoca máis un desmantelamento do seu raquíutico uso público. Por todo isto, formulámonos as seguintes preguntas:

¿En que condicións pensa a Xunta de Galiza que vai ficar o escaso, dificultoso e dificultado uso do galego na función pública autonómica?

¿Que seguimento vai facer da posesión suposta da lingua galega nas funcionarias e funcionarios dela dependentes?

¿Que reciclaxe ou proceso de formación vai prever para os/as conselleiros/as e altos cargos que non realizaron estudos de galego nen o practican, apesar de xuraren ou prometeren acatamento ao Estatuto de Galiza?

¿Que avaliación fai a Xunta de Galiza verbo do escaso –e mesmo reprimido– uso do galego nas dependencias da Xunta de Galiza e na atención aos/as administrados/as?

¿Como vai avaliar a Xunta de Galiza que o coñecimento "suficiente" non xulgado en proba nengunha conleve a súa utilización de facto no desempeño da función laboral dos/as traballadores/as dependentes dela? ♦



Vén da páxina anterior

debe fundamentarse nos principios constitucionais de mérito e capacidade. Os concursantes deben demostrar a súa mellor valía fronte a outros competidores. Se non hai matices nesa competencia malamente imos escoller aos mellores. Máis aínda se esa fose unha fórmula válida ¿porqué non eximir automaticamente doutras probas a aqueles que teñan unha titulación relacionada (mecanografía para os que teñan unha FP de administrativo; temas de Dereito para os licenciados nesta titulación...)? Parece claro que isto non se fai porque a obtención da correspondente titulación é tan só un requisito mínimo do que parte a Administración para a súa selección. A adaptación do/a candidato/a ao posto de traballo é o que deben comprobar as distintas probas do proceso de selección. Do mesmo modo que a xurisprudencia ten entrado a valorar o "peso" que os coñecementos lingüísticos poden ter na nota final dunha oposición tería sido razoábel que a Sentencia apreciase o argumento de que é necesaria unha efectiva comprobación e baremación dos coñecementos da lingua para realizar a selección de acordo cos principios constitucionais de mérito e capacidade. Parece unha pobre fundamentación soste-lo fallo sobre afirmacións gratuitas como a de que o simple paso do tempo é unha proba da efectiva normalización lingüística da Administración autonómica descoñecendo, por outra banda, todos os estudos sociolingüísticos existentes. Tampouco é admisible dar por válida a capacitación dos funcionarios tan só porque a lei da Escola Galega de Administración Pública sitúe como un dos seus obxectivos esta tarefa.

Non os esquezamos, cando a Xunta e os sindicatos, excepto a CIG, pactan a supresión da proba de galego non deberían ter en mente a comodidade dos opositores senón os dereitos lingüísticos dos cidadáns que hoxe seguen sendo decote desprezados. Os empregados públicos, e a Administración para a que traballan, deben estar en todo caso ao servizo dos cidadáns e ser os primeiros en cumprir e facer cumprir a normativa vixente. Mal o poderán facer se no proceso selectivo non se controla de xeito serio que están capacitados para facelo.

En definitiva, as leis e o Dereito permiten moitas veces distintas solucións igualmente válidas pero todas elas teñen que servir para o obxectivo último que, neste caso, é o respecto dos dereitos lingüísticos dos cidadáns. Non os dos funcionarios. Se alguén cabalmente pensa que os cursiños oficiais habilitan aos empregados públicos neste terreo tan só deberíamos pasar ao segundo chanzo do problema político, que non xurídico: ¿porqué despois de dezaoto anos de suposta normalización lingüística aínda non conseguimos manter todas as relacións coa Administración en galego? A resposta non está nas sentencias. ♦

ALBA NOGUEIRA LÓPEZ é Profesora de Dereito Administrativo na U. de Santiago de Compostela

e moi especialmente os de Ferrrol, Pontevedra e Vigo, aposten dunha vez, na medida das súas posibilidades, por promoveren intensamente a reciclaxe e a compostaxe, en lugar de seguiren entregando todo o lixo a SOGAMA, unha opción coa que din non estar de acordo pero que están contribuíndo a viabilizar. ♦

FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA

Volvamos á orixe

Aleluia. Loado sexa Deus. Deus ten que existir. Se Deus existe. Se Deus ten un fillo. Se o seu fillo toma forma humana e ven hoxe a facernos unha visita. Sería DJ. E pincharía en Vademecwm

(Vigo). O vivindo o sábado 7 de setembro en A Coruña, escoitando a DJ Nacho (Vademecwm, Vigo) faimo volver a ter fe.

Unha sesión memorábel, era de esperar, pero superou as expectativas. Os meus euros mellor invertidos dende Howie B.

Nacho despregou a súa sabedoría mesturando e iluminounos a todos. Ben, todos os que percibiamos o que alí acontecía. Estou por dicir que eramos ben poucos.

Unha sesión a base de House. Hard house. Nada deep. Momentos de tecno. Tecno intelixente, iso si. Frescura. Naturalidade. Luz. Nada de escuridade. Nada de Hard Tecno. Nada de agobio. Nada de ritmos frenéticos, escuros e insoportables, salvo baixo a

influencia de algunha substancia psicotrópica. Todo unido baixo un fío condutor: o ritmo tribal. Africano. Unha sesión coherente. Case un discurso. Nada errática. Non paramos de bailar nin un segundo.

Mentres en A Coruña temos que soportar unha fin de semana si e outra tamén sesións a base de house profundo, con influencias brasileiras e demais músicas do continente americano. Que creo, son inxustamente convertidas nunha mestura soporífera, que nada ten que ver coa tradicional música americana, dominada polo ritmo. Nacho veunos a lembrar que en A Coruña estamos a anos luz de Vigo non que a música contemporánea de baile se refire. Algo que moitos sospeita-

bamos. E do que uns poucos tiñamos a certeza.

Indo máis aló. Temos que esquecer América. Hai que volver á orixe. Os ritmos americanos non deixan de ser variacións dun ritmo común. O Africano. "It began in Africa" (The Chemical Brothers dixit). ♦

MANOLO CAMPO (A CORUÑA)

asistiu a recepción do galardón vestido de saia escocesa. (Non hai precisión de comentarios).

A policía nacional no País Vasco fala de "abandono" e "soedade". A maiores dos atentados, da actitude da poboación ou das declaracións grandilocuentes e puntuais do ministro de turno, os policías nacionais alí, non poucos deles galegos, sempre viviron en condicións infrahumanas. Son carne de cañón, como o pobre albañel Miguel Angel Blanco, galego igualmente. Tamén sufrían e morrían os galegos nas guerras de Cuba, Marrocos e Filipinas. Igual que os negros e portorriqueños en **Vietnam**.

Os noticiosos


din que os arredores de Moscú están en chamas, que o fume entolda a capital. Unha turista chama desde a capital rusa. ¿Que tal? ¿Hai moitos incendios? Non, aquí nin nos enteiramos. ¿E fume? ¿Non hai moito fume? Non aquí todo é normal e os lumes están **controlados**. ♦



Tony Blair.



Guillermo de la Dehesa.



Josep Lluís Carod Rovira.

En Londres preguntan pola voda do Escorial

The Times de Londres, baixo o título "Vodas de Poder", comenta o enlace matrimonial da filla do presidente español e remata a súa análise afirmando: "As vodas do poder xa non son exclusivas de emperadores e autócratas, magnates dos negocios e supermodelos, estrelas enfurruñadas e mafiosos con pedrerías, todos demostran con ostentación o seu poder intimidando a quen queiran emulalos. E un dato. Na Cámara dos Comúns preguntáronlle a Blair sobre quen lle paga esta viaxe privada. E unha pregunta: ¿Por qué Garzón non actuou contra Berlusconi cando o tivo a man en Madrid existindo unha demanda contra el?". ♦

De la Dehesa descubre o truco da converxencia galega

Guillermo de la Dehesa, conselleiro do Santander-Central-Hispano, analiza a situación de Galiza nunha

entrevista que publica a revista *Eco* (nº 136, setembro). "Galiza converxe - afirma - porque a converxencia é o resultado de dividir o valor engadido bruto ou PIB polo número de habitantes, e como o crecemento demográfico de Galiza é máis negativo aínda que en España, hai converxencia". O que hai algúns anos fora conselleiro delegado do Pastor considera que "Galiza, rodeada por rexións en má situación, o máis lóxico é que se una ao norte de Portugal, con alta densidade de poboación e moi urbanizada. Iso é fundamental para conseguir o despegue". ♦

A caza de bruxas contra Esquerri Republicana

O diario *ABC* deu conta en portada, a cinco columnas, da reunión habida tempo atrás entre os líderes de ERC e Batasuna, unha información que o secretario de Esquerri Republicana, **Carod Rovira**, cre orixinala nos datos fornecidos a ese periódico pola CNI (Centro Nacional de Intelixencia). O diario *El Mundo* (10 de setembro) defende nun comentario editorial a Esquerri Republicana de

Cataluña. "A divulgación dun encontro, a principios do ano pasado, entre Josep Lluís Carod-Rovira, de Esquerri Republicana de Catalunya, e **Arnaldo Otegi**, de Batasuna, suscitou unha reacción desmesurada. Ningún debería neste momento contribuír a subir a temperatura do termómetro nunha escalada de histerismo que levaría a unha situación sen sentido. Batasuna era no momento de producirse eses contactos un partido legal. ERC reuniuse con ese grupo político como nunha etapa ou noutra, de maneira máis ou menos formal, o fixeron tamén outros partidos". ♦

Unha perigosa central nuclear iraquí

O goberno de Irak mostrou o pasado 9 de setembro á prensa internacional as ruínas dunha antiga planta nuclear na que, segundo Washington, se constrúen armas atómicas. Un informe norteamericano, utilizado para xustificar o inicio da guerra, sostén que o país árabe pode dispoñer de armas nucleares en seis meses. A imaxe foi portada de *La Voz de Galicia* o pasado día 10. ♦



Ourense

Auria en chammas

ABELARDO VÁZQUEZ PITA

A provincia de Ourense sofríu un verán negro polo lume forestal. A resposta cidadá foi a creación dun Comité de Defensa do Monte.

Os incendios forestais foron e son, un ano máis, protagonistas do verán galego, pero particularmente do ourensán. A particularidade deste 2002 foi que moitos dos lumes producíronse nos montes que circundan a capital e que deron lugar a imaxes apocalípticas que non impediron ao conselleiro de Medio Ambiente, Carlos del Álamo, negar a realidade coa infeliz expresión "cero patatero", que levou ao deputado do BNG, Alfredo Suárez Canal, a consideralo como "un extraterrestre" ao negar a realidade e falseala a través dos medios de comunicación.

Como consecuencia da cifra real de incendios e máis da falta de resposta do Goberno galego, constituíuse en Ourense baixo o lema "Arde Ourense, ¡basta xa!", o Comité de Defensa do Monte, que integran 17 colectivos entre partidos políticos (agás o PP), sindicatos e organizacións ecoloxistas. Foi a principal resposta da sociedade ourensá a unha situación que non mellora malia ter sido o da loita contra o lume un dos programas "estrela" dos gobernos de Fraga Iribarne desde chegou á presidencia da Xunta. Este comité lembrou que Galicia é un dos territorios da UE que sufríu maior deterioro ambiental nos últimos anos, xa que desde 1988, segundo datos oficiais, téñense producido máis de 100.000 incendios forestais que queimaron máis de 500.000 Ha. de monte, das que perto de 200.000 eran arborizadas. Desde 1995 prodúcense máis de 10.000 incendios por ano, un por cada 2 Km cadrados de superficie forestal. Mentres a media estatal é de un lume por cada 25 Km cadrados, Galicia, tendo o

7,7% da superficie forestal do Estado, rexistra o 45%. Ademais, a metade dos incendios e superficie queimada de Galicia está na provincia de Ourense.

O Comité de Defensa do Monte Galego denunciou que nos plans INFOGA lévanse investidos 90.000 millóns de pesetas (591 millóns de euros) e que a situación é a mesma que nos anos oitenta. Esquecéronse da prevención e dos traballos forestais permanentes ao longo do ano creando un círculo vicioso e "unha rede de intereses político-empresariais" que impiden investimentos racionais e efectivos. O BNG denunciou, así mesmo, que se está a crear unha "auténtica industria do lume". Desde o Comité defendéuse un concepto integral de coidados da masa forestal ao longo do ano e con persoal cualificado e estábel, que garanta a profesionalización, a seguridade dos traballadores e que se fixe poboación no medio rural. Por outra parte, este colectivo advertiu que se a Administración non promove a constitución do Consello Forestal Galego, el mesmo asumirá esa iniciativa convocando a todos os colectivos e institucións implicados.

Por último, o Comité de Defensa do Monte Galego pediu a dimisión do conselleiro de Medio Ambiente, Carlos del Álamo, e do delegado na provincia de Ourense, Agustín Prado Verdeal, por ter "demostrado reiteradamente a súa falla de sensibilidade, a súa incompetencia, falla de visión e incapacidade de buscar alternativas que poñan freo a actual situación". ♦

Gasa

BIETTO IGLESIAS

A empatía, esa comunión afectiva que me pon no lugar dos outros, é virtude por min moi estimada. De aí que me atope no Escorial, pero non de visita coa mamá, hai un monte de anos, abrindo a boca ante o leito con sobrececeo de Isabel Clara Eugenia; desfilo radiante cara o himeneu, lucindo un vestido de gasa natural, con media manga e decote barco, entalado e evasé. Estou emburricada porque un persoeiro galego me agasallou cun termo de 37 euros (como pra guindarlo á cabeza), mais consólamme a coquette do traxe nupcial e síntome mona a pesar dese sorriso herdanza de papá, que di desamparado sen o telladiño do seu bigote. Tódalas nais engradan na voda das fillas, anque a miña ri as paciencias, contenta de enviarme a un tálamo confortable, de ganchete dun noivo con posibles e carné do partido. Quizais temía que, retirado o pai da Presidencia, non houbese xeito de empacuetarme. Non lle levo o apunte desa falta de romanticismo, porque os castellanos somos así, realistas como Sancho Panza. Tal pragmatismo arredame daqueles que ven no amor un impulso cara a excelencia (os feos empeñados en deitarse cos guapos). Xa sei, o meu namorado o que ten de guapo pode ben con el, pero outras lerchas casan contra un peón de albanel e mican o *glamour* na perruquería, lendo *Semana*. A tortilla española no menú foi un puntazo. Se os czares servisen ensaladilla rusa nos seus casorios, evitaríase a Revolución e a presente independencia de Lituania. Asiste Julio Iglesias. Cómpre ter cara (esa cara torrefecta e estarricada por varias cirurxías estéticas) pra insistir en que a vida segue igual. ♦

**Pola
 concordia**

X.L. FRANCO GRANDE

Alá polo ano 1955, Ramón Lugrís, un dos rapaces máis destacados da mocidade galeguista de entón, escribiu estas palabras que non teñen perda: “(...)estou seguro que tan só co diálogo poden ter remedio os problemas que hoxe converten a España nun estreamecinte caos (...) Hai poucas experiencias (...) porque no país o mal é crónico (...) Certamente, na historia contemporánea de España atopamos moi poucos exemplos de homes que soubesen do poder do diálogo. E eses poucos non tiveron tempo nin lugar axeitados para pór en práctica o seu pensamento. Os movementos políticos –e de toda caste– fallan en España pola baixa calidade do elemento humano. O problema de España –así, en singular– é de educación.”

O diagnóstico de entón moi ben podería se-lo de agora mesmo. Penso que aínda ten máis actualidade no día de hoxe. O que pon de manifesto o pouco que levamos andado e, tamén, o preocupante que empeza a se-lo momento en que vivimos de desprezo absoluto polo diálogo, o que, á súa vez, provén da falta de educación cívica. Situación, sinala Lugrís, que xa alá polo ano 1935 levou a Madariaga a subliñalo perigo de caer na guerra civil.

O grave é que as posicións irracionais, a visceralidade e as baixas paixóns se poñan en circulación dende arriba, dende o cumio do poder, tanto do poder en exercicio como do que pretende exercelo un día. Porque é aguilloa-la irracionalidade e predispoñernos ó desquiciamento Non todo electoralismo é permitido. E o que de certo non o pode ser é este que non leva a ningunha saída racional. Porque, digan o que queiran, só nos pode levar a que máis ben ince o que se pretende erradicar.

Debería abrirse un gran debate en todo o país, en Galicia e fóra dela, para situá-las cousas no seu lugar. Porque moitos que poderían contribuir co seu pensamento e as súas ideas á unha visión civilizada de España, ou calan ou se enganchan ó carro da facilidade, ou desertan do seu deber de influír nos demais, de leva-la concordia ás xentes e non alporizalas. Porque o problema, ó meu ver, excede dos lindes da política e comprende os da educación, da cultura, do civismo. ¿Ou tamén estamos aquí seguindo o exemplo daqueles intelectuais que, esquecendo as súas responsabilidades, lle abren o camiño a Bush para facer do mundo a súa leira?♦

**Queren que o presidente teña maior autonomía
 Sindicatos e patronal
 dispostos a consensuar o presidente
 do Consello Galego de Relacións Laborais**

A.N.T.
A patronal galega e os sindicatos chegaron ao acordo de consensuar entre eles unha persoa para que presida o Consello Galego de Relacións Laborais ao non estar de acordo coa primeira oferta realizada polo conselleiro.

Non está fácil a sucesión de Teresa Pedrosa á fronte do Consello Galego de Relacións Laborais. Por unha parte, os sindicatos e a patronal non gustan da proposta que lles realizou o conselleiro de Xustiza. Por outra, existen múltiples tensións na Xunta, pois Fraga terá que redeseñar toda a área laboral ao abandonar tamén a consellería Manuela López Besteiro.

De momento, existe un rechazo tanto da patronal coma dos sindicatos a Pilar Cancela, actual secretaria do Consello, proposta en primeira instancia polo conselleiro Pillado. Aos axentes sociais non lle parece a persoa adecuada para este posto por considerala moi vinculada ao Goberno.

Patronal e sindicatos apostan por unha persoa que teña maior autonomía desde a presidencia deste organismo. Tanto é así, que no verán comunicáronlle a Fraga e a Pillado a necesidade de reformar a lei que rexe este organismo. Entre as necesidades que lle fixeron patente estaba a necesidade de que o nomeamento do presidente gozase de maior autonomía e non fose unicamente unha cesión do presidente da Xunta a proposta do seu conselleiro, senón que os



Teresa Pedrosa, Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais e candidata do PP á alcaldía de Pontevedra.

integrantes do consello tivesen certa capacidade de decisión.

Acordos de principios

Esta visión do que debe de ser o CGRL levou a que os sindicatos e a patronal decidisen consensuar o nome que ocupe a presidencia no lugar da candidata do PP á alcaldía de Pontevedra. As conversas están moi avanzadas e semellan decididos os perfís. Entre os nomes que parecen barallar (ninguén que confirmalo para “non queimalo”) podería atoparse o de Xai-

me Cabeza, catedrático da Universidade de Vigo.

Outros nomes que soaron, aínda que, polo menos ás centrais sindicais non lle foron propostos, foron o de Xosé Vázquez Portomeñe, director xeral de relacións laborais. Portomeñe, ademais de proceder do Goberno, podería ocupar a xerencia da Universidade de Compostela.

Outra das persoas do gusto do conselleiro Pillado sería María Coutiño, subdirectora xeral da Consellaría de Xustiza. Nin os sindicatos nin a patronal aceptan.

Na próxima semana podería chegarse a un acordo entre os axentes sociais. Tería que ser logo Fraga quen decidise. Teresa Pedrosa podería deste xeito abandonar o seu posto para entrar de cheo na campaña electoral. Mentres tanto, Fraga pretende que as conselleiras Corina Porro e Manuela López sigan até marzo, que será cando se realicen os cambios no Goberno. Desde a oposición, sobre todo o PSOE, acusa ao PP de servirse dos postos institucionais para a carreira electoral.♦



Xosé Lois en A Nosa Terra

Comezou no debuxo de humor no boletín da Agrupación Cultural *Auriense*, da que foi presidente durante 14 anos. Os seus primeiros traballos en *A Nosa Terra* foron as tiras da *Sabeliña*, unha nena labrega crítica e retranqueira, sendo colaborador fixo do semanario desde 1977. A partir de 1982 publica todos os días nos periódicos *La Región* e *Atlántico Diario* unha viñeta do personaxe *O Carrabouxo*, nome que case se converteu no pseudónimo do autor.



A reforma europea de pesca suscita consenso no parlamento galego.

A. N. T.

PP, BNG e PSdG-PSOE expresaron a necesidade de consensuar outros temas cruciais

Unanimidade parlamentaria contra a reforma pesqueira

A. N. T.

Supón una iniciativa singular nos últimos anos do parlamentarismo galego. Un grupo de traballo elaborou durante meses unha proposta que foi aprobada unánimemente por todos os grupos. Nela exprésase o rechazo á reforma pesqueira que pretende a UE. Gustoulles tanto aos parlamentarios que expresaron a intención de consensuar outros asuntos cruciais.

Que Galiza é unha rexión "altamente dependente da pesca" semella algo incuestionábel. Polo tanto, entra na lóxica que se "mellore substancialmente" a presenza do seu sector pesqueiro nos comités consultivos e de xestión da UE. Tamén que exista oposición a que as reformas pesqueiras incrementen a discriminación entre os territorios, con Galiza como a máxima perxudicada. Ante esta situación, é lóxico que o Parlamento se pronuncie contra unha reforma pesqueira que pretende modificar, prorrogando, a actual Política Pesqueira Común. Pero o que non é tan normal na dinámica parlamentaria galega é que o pronun-

ciamento o realice por unanimidade de todos os grupos.

Moito menos aínda que a proposición non de lei aprobada sexa froito dos traballos realizados por unha comisión, que foi a encargada de redactar o documento. A pregunta agora é se, como pasou noutras contadas ocasións nas que se acadou unha postura unánime (autovías e ferrocarrís como máximos exemplos), quedará todo nun pronunciamiento de boas intencións, sen virtualidade práctica.

¿Defenderá o Estado español ante a UE esta proposta cunxunta do Parlamento galego? Esa é a principal incógnita e a decisión que vai mostrar a verdadeira efi-

cazia desta oposición unida á Política Pesqueira Común.

Seguir consensuando

Polo momento, os tres grupos mostráronse satisfeitos co acordo acadado e ata anunciaron a súa disposición a consensuar outras propostas para que delas salgan posturas comúns en asuntos cruciais para o país.

O nacionalista Bieito Lobeira non só afirmou que Galiza necesita "respostas unitarias", senón que demandou que o grupo de traballo que elaborou o documento siga a traballar. Como non podía ser menos, recordou que hai 17 anos o BNG se opuxo en solitario ao xeito en que o Estado español entrou na UE por considerar que ofrecía un trato discriminatorio para sectores relevantes da economía galega, entre eles a pesca. "Un sector pesqueiro que é tratado como se Galiza aínda non formara parte da UE,

impóndolle restricións inaceptables", afirmou Lobeira.

O deputado popular Serxio López García tamén expresou a súa lección "polo consenso acadado", declarando que a iniciativa aprobada era unicamente "unha declaración institucional de mínimos". Despois referiuse ao procedemento usado como a "forma en que podemos facerlle un servizo ao país".

A deputada socialista Carme Gallego anunciou que o seu grupo vai estar sempre co Goberno "cando se trate dos intereses xerais do país". Pero criticou a "resposta tardía do PP" para facerlle fronte ao proxecto da UE, "polo que, agora, temos que negociar á contra, pois as propostas xa están formuladas", denunciou.

¿Cumpriranse os bos desexos dos deputados, ou quedará como un desexo de intencións que escriben no diario de sesións ao comezo do curso escolar? ♦

Lugo

Os ladróns son xente honrada

JAUREGUIZAR

Os obxectos perdidos ou roubados dannos unha verdadeira radiografía das xentes da cidade.

maioría das 27 recuperadas son de pel, o que sinala que os usuarios continúan dando importancia á aparencia do lugar no que reservan os seus cartos. Apareceron todas elas con documenta-

ción, pero sen un peso; todas, agás unha que algún mudara en altair para tres desvalorizados billetes de mil pesetas.

Parece que as gafas, tanto quitadas e poñelas para mirar de

lonxe, para asombrar unha luz intensa, para ler o *Marca*, adoitán quedar tamén por calesquera lugar. Proba, no caso das de sol, de que os ladróns son xente honrada, porque tampouco se quedaron con dous reloxos de muller nin tiveron reparos en que unha pulseira, un pendente de ouro e un esqueiro de prata gravado foran levados ás dependencias policiais.

Todas esas cousas permítenos facermos unha idea de que é interiormente a veciñanza luguesa, unha idea como a que nos fixemos do interior de Daniel Somoza García, que abandonou involuntariamente unha radiografía. ♦

Libros de texto

X. M. SARILLE

Obrigan a un forte desmolbo familiar e provocan un enfado grande, precisamente despois das vacacións de verán. O conselleiro estivo moi oportuno ao comprometerse na gratuidade dos libros. Como non se materializará até dentro duns anos, ten tempo para afirmarse e negarse varias veces. Ahí están os incendios que Fraga extinguiu hai xa doce anos e que seguen a arder estes días. A declaración libresa serve agora para calmar os ánimos en plena precampaña das municipais. Despois xa veremos, porque non é tan fácil.

Os libros de texto son un despilfarrar, mérqueos a Xunta, a familia ou quen sexa. Sería interesante entrar nun debate serio sobre isto, sobre a voráxine anual de merca e abandono de libros que só serven para un ano, ou no mellor dos casos para dous, se os pais ven o mundo de cor tan rosa como para optar pola parella de fillos.

Os libros nunca foron obxectos efímeros até que as editoras entraron nun xogo tan consumista como as demais empresas, como os negocios que non teñen compromisos especiais coa cultura. Non son necesarios tantos libros como materias, non fan falta tantas páxinas, tantas fotos, tantas cores, tanto desorde de contidos nen tanto prezo. Aínda que a moitos nos dea o riso ao ver a Enciclopedia Alvarez, o tocho compacto e único merecería unha reflexión. Cando menos para os cursos máis baixos, se vai acompañado doutros libros máis duradeiros, conservábeis e con vixencia para os heredeiros da posíbel biblioteca.

E outra cousa máis. Nalgun instituto, a pesar da cuestionábel legalidade, houbo profesores que a comezos de curso facilitaban os libros de segunda man aos novos alumnos, aforrándolles así o diñeiro da merca. Ese podería ser un servizo dos centros de ensino, igual que se pretende instaurar o do acompañante de autocarro. Aforrariáse un diñeiro que as mesmas editoras poderían embolsar coa venda doutras obras, máis duradeiras. Esa experiencia existe nalgúns países europeos. ¿Cal é a diferenza? Que uns controlan ás poderosas editoras e outros non. Lástima de Alvarez, que só nos serve para a burla do florido pensil, sen pensar que ademais de contidos fascistas tiña un esquema que non inventara nen Mussolini nen José Antonio. ♦

¿Por que se constitúe o Comité de Defensa dos Montes?

Noutras ocasións frustráronse iniciativas semellantes porque as organizacións sociais reaccionaron tarde. Este ano coincidiron determinadas circunstancias que impulsaron o Comité que quer ser un órgano social permanente. Somos dezaioito organizacións e temos ánimo de medrar e extendernos por todo o país. Naceu en Ourense porque somos, por desgracia, a verdadeira capital dos incendios forestais. Ao PP convídamolo pero nin contestou.

Os datos son cen mil incendios e medio millón de hectáreas queimadas no período 1998-2002. A metade deles en Ourense.

Desde o ano 1995 que aumentou o número de incendios ata uns 10.000 permanece constante e a metade deles prodúcense en Ourense. Hai máis eficacia nos servizos contraincendios, pero apenas significou algo máis que os incendiarios teñen máis traballo e deben prender máis lumes. A estadística oficial fala dun 81% de incendios provocados, ou sexa que falamos de 8.000 delitos anuais, unha barbaridade.

Levamos trinta anos de lume forestal masivo e sempre se repiten as motivacións sen que se atalle o problema.

Con esa cantidade de delitos anuais a incidencia na xustiza é de risa, cunha ducia de procesados ao ano. Nós non temos nin unha Fiscalía de Medio Ambiente, como teñen a maioría das comunidades autónomas, e sen un órgano especializado e unha boa coordinación de todos as institucións que deben investigar a impunidad é fácil, máxime nun delito que para probar culpabilidade practicamente hai que coller ao pirómano coas mans na masa.

Respecto á causalidade nós botamos en falla un estudo profundo que dea conta pormenorizada das causas probábeis de cada lume e as alternativas, non só técnicas, para acabar con determinadas causas. Por exemplo cando se fala de intereses gandeiros, inmobiliarios, industriais, segundo sexa a motivación haberá que ofrecer respostas. Os lumes no monte teñen beneficiarios e hai que ir ás causas e buscar coordinación entre todas as administracións. Non esquezamos que as propias administracións ás veces provocan lumes por deixación; poño por caso o vertedoiro de Celanova que todos os anos xera lumes, cando é unha instalación pública que debe estar blindada contra eses riscos. Outro exemplo de mala política pública son as queimas controladas, que nalgún ano chegaron a 250.000 tramitadas, un disparate que fomenta unha cultura do lume absurda.

Ben sabemos que non hai solucións definitivas e que hai propostas diferentes e precisamente por iso é urxente a constitución dun Consello Forestal. Se este é un problema tan grave, con tantas implicacións ambientais e económicas, fagamos un pacto político para buscar unha solución. Despois de 540 millóns de euros gastados nos últimos doce anos estamos nun círculo vicioso que dá unha resposta ineficaz. Se as tuberías de gas de Ourense estivesen estoupando aquí e acóllese non poñeríamos máis bombeiros



A. N. T.

E membro do Comité de Defensa dos Montes

Xulio López

‘Se estoupasen as tuberías de gas non poñeríamos máis bombeiros’

XAN CARBALLA

Biólogo, membro da asociación Amigos da Terra, Xulio López forma parte do récén constituído en Ourense, Comité de Defensa dos Montes e asegura que “hai que reaccionar a un problema que ameaza con converterse nun costume fatal que se acepta sen máis. Hai que buscar un consenso social para atallalo”, asegura.

pero xustamente iso é o que se fai co lume no monte.

Desde 1989 mellorouse moito en medios para apagar o lume.

Houbo un plan de choque que mellorou moito as condicións e a capacidade de apagar o lume, pero ante esa situación nova os incendiarios adaptáronse e fan máis lumes. Aquele éxito xa non é tal á vista da situación destes anos, por máis que se maquen en estadísticas ou se lle furten á opinión pública. Ademais non debemos es-

quecer que un grande aparato como o que se creou xera os seus propios intereses, hai unha industria contra o lume que pode converterse nun factor a estudar na causalidade dos incendios.

¿Ademais de partidos, sindicatos e asociacións ecoloxistas están no Comité representantes da industria forestal? ¿No transfondo do lume non está a busca dunha política forestal consensuada?

Hai varias asociacións (Asefo-

ga, Serfoga) integradas e todos temos claro que a clave de todo está na ordenación forestal. Hai unha sensación de que lume forestal é un problema crónico e irresolúbel, pero aínda que aceptemos que sempre vai haber fogos no monte o límite está moi debaixo do actual. Hai que actuar en política agro-gandeira, en fixación de poboación no rural, na produtividade do monte,... pero se temos unha política reducida á extinción seguiremos na mesma fatalidade

de hoxe. Hai uns anos desde a administración dicíase que era un problema de mafias, outro ano que eran os gandeiros ou estratexias electorais,... agora o conselleiro Del Álamo di que non hai mafias. É un discurso errático que amosa que non se sabe ben como actuar e debían deixarse axudar, chegar a acordos coas organizacións sociais, non negarse a recoñecer a realidade. Este ano non se puido ocultar a gravidade da situación porque Ourense ou Santiago víronse rodeadas polo lume.

¿Ocultáanse os datos reais?

A Administración non é nada transparente. O ano pasado na Serra de San Mamede o delegado da Xunta falou de apenas unha ducia de hectáreas cando estábamos nun incendio de varios centos según demostraron os traballadores das brigadas de extinción. Pero aínda dando por boas as estatísticas públicas o problema é arrepiante. Non se trata de entrar en guerras de cifras.

¿Investigase o que sucede despois cos montes queimados? ¿Daría algunha pista sobre os porqués do lume?

Se se fixera ben esa investigación saberíamos moitas cousas. Pero sábese que se urbanizaron, despois de recalificar, determinados montes queimados, sobretudo arredor das grandes cidades. Hai parques industriais que se amplían sobre terra queimada. Se houbese unha Fiscalía ou un órgano de investigación especializado e con medios, eses seguimentos poderían dar bos resultados. Pero as organizacións ecoloxistas non temos medios para iso.

¿Aumentar as penas dos incendiarios, como se falou nestas semanas, ten sentido?

Pódese pensar que aumentar os anos de cárcere pode ter efecto disuasorio, pero o asunto é que non se investiga e apenas hai delitos nin xente enxuzada.

Isaac Díaz Pardo sempre di que un monte sen limpar é como ter unha enorme balsa de gasolina esperando por un misto que lle prenda lume.

Unha das ideas que debatimos é que a estacionalidade dos corpos contra incendios produce efectos perniciosos. Dunha banda as brigadas sométese a unhas xornadas esgotadoras durante varios meses, con remuneracións baixas, e daquela non hai continuidade, nin profesionalización porque a xente renuncia. Se noutras épocas se empregase a esta xente para facer limpeza ou mellorar os contralumes, diminuíría o traballo do verán.

¿Acostumouse a xente á fatalidade do lume?

Todo o que se faga para rematar esta plaga será benvido, pero a sociedade ten a sensación que que os incendios no verán son un acontecemento clásico como as festas do nadal. Para nós a actualización primeira debe ser da Administración, que debe ter a valentía política de liderar a creación dun Consello Forestal, de buscar unha política forestal do máximo consenso posible... todos os puntos de vista teñen que respetarse e sumarse. A experiencia é que a administración procura evitarnos como interlocutores pero nós estamos sempre coa man tendida para sentarmos na mesma mesa e ofrecer as nosas opinións para solucionar este problema que nos castiga desde hai tantas décadas. ♦

Cangas recupera a Capela do Hospital

A.N.T.
Trinta e seis anos despois do seu derribo, Cangas recuperou a Capela do Hospital, un pequeno e entrañábel edificio que chamaba poderosamente a atención dos forasteiros, como Ruth Anderson, hispanista norteamericana que en 1939 publicou un libro sobre Galiza onde alude á devandita Capela. Unha exposición en Internet [www.xiria.org] permite coñecer a fundación, vida, derribo e loita pola recuperación da Capela do Hospital.

A Capela do Hospital era algo máis que unha capela. Era un verdadeiro "casino dos pobres". Reducida a moi pouco a súa actividade como lugar de culto, era un lugar de xogos para nenos e nenas, de cita para noivos e noivas, para os mariñeiros antes de iren para o mar. Era un lugar vencellado á anual procesión de San Roque, coas poxas dos animais que se ofrecían, cun mar de rapaces e raparigas con bandeirolas, e coa queima dos "galáns", remate pirotécnico da festa.

A Capela non era o monumento histórico-artístico máis vello nin máis valioso de Cangas pero tiña un lugar preferente no corazón dos cangueses.

Fora construída en 1711, como peza dunha fundación benefi-

ca que comprendía tamén o Hospital ou Casa dos pobres. Pero o abandono dos sucesivos patrones, que foron apoderándose dos bens e fincas legadas para o sustento da Fundación, foina levando a unha situación de deterioro.

En 1966, tras varios intentos de venda e demolición, a Capela é derribada. No seu lugar instálase o edificio da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, entidade que lle paga ao párroco de Darbo -principal protagonista da operación- 200.000 pesetas para a reconstrución da capela en lugar idóneo.

O derribo non se fixo sen oposición: letras de Antroido, alfombras de Corpus, artigos de prensa, traballos escolares, etc, mostraban a vontade dos cangueses en

defenderen a súa Capela. Pero eran tempos da Dictadura e os sentimentos do pobo foron reprimidos como "desordes públicos".

E o párroco non cumpríu o seu compromiso: os restos da capela permaneceron ciscados por distintos lugares ou foron expoliados por particulares, cando non serviron para cimentación dos edificios dos que era promotor inmobiliario o devandito párroco.

Coa chegada da democracia, emerge de novo a loita pola recuperación da Capela. Distintas persoas e colectivos cangueses inician unha campaña que durará moitos anos. Unha maqueta de Antonio Graña que reproduce a Capela é esencial para a sensibilización popular, coa visualización da lembranza. Fotos e documentación laboriosamente reunida posibilitan o levantamento de planos a escala. Créase unha Comisión. Fanse exposicións e orgázanse conferencias. Recóllese milleiros de sinaturas. Escávase para recuperar restos enterrados. E, mentras tanto, vaixe acadando

que as institucións, co Concello de Cangas á fronte, asuman o papel que lles corresponde.

Por fin, en 1999, asíñase un convenio entre o Concello de Cangas e Caixavigo polo que esta entidade se compromete a financiar, en por ela ou coa colaboración das entidades e institucións ás que implique, a reconstrución. A Capela será destinada a actividades de tipo cultural e social, con exclusión de calquera outro uso.

Caixanova implica na financiación ao Ministerio de Cultura e encárgase a reconstrución ao arquitecto José Ramón Duralde. Co-dirixe a obra o aparelador cangués Francisco Mallo, autor do levantamento dos planos e do anteproxecto. Tras un retraso co acceso do alcalde Sotelo, a obra comeza en agosto de 2001.

A inauguración da Capela non estivo exenta de polémica. A Comisión pro Recuperación acusou ao Alcalde de intentar censurar unha exposición inaugural que ela preparara. O Alcalde, po-



la súa parte, e con frases soberbias e despectivas, atribuíu o logro á súa xestión, menosprezando os esforzos de tantos anos realizados por algúns e o traballo de corporacións anteriores. Xa meses atrás criticara publicamente a Caixanova.

Finalmente a Capela foi inaugurada o 4 de setembro. A recreada Capela, que diferencia de xeito deliberado os elementos orixinais dos feitos de novo, luce fermosa, moi pertiño do seu primitivo emprazamento, nun entorno que se ve magnificamente realzado. ♦

Un membro da fiscalía cualifica o alcalde de Sada de 'dádivoso e xeneroso'

A.N.T.
O membro da Fiscalía do Tribunal Supremo, Fernando Sequero Sazatomil, referiuse recentemente ao alcalde de Sada sinalando que "coñezo a Ramón desde hai tempo e a verdade é que é un home dádivoso e xeneroso". Esta afirmación coincide no tempo coa investigación que está a levar a cabo a Fiscalía do Tribunal Supremo a respecto dos indicios de delito (malversación de caudais públicos) na actuación do Alcalde de Sada e senador do Partido Popular, Ramón Rodríguez Ares.

O BNG, através do seu depu-

tado Carlos Aymerich, dirixiu unha pregunta ao Congreso dos Deputados na que sinala que "é de agardar que tales cualificativos non respondan á experiencia directa que éste ou outros fiscais teñan da 'xenerosidade' ou da 'dádivosidade' de Ramón Rodríguez Ares, máxime cando tales declaracións se realizan no marco dun curso de verán coorganizado pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e no propio concello de Sada, ocasión especialmente propicia para agasallos e dádivas".

O BNG pediu finalmente que o Ministerio Fiscal actúe en Ga-



Ramón Rodríguez.

liza e en Sada coa obxectividade e a imparcialidade que deben presidir a súa actuación. ♦

Ferrol

E se quedamos sen gasolina...

MARTINA F. BAÑOBRE

O transporte público é pouco usado, apenas se usa un 20% o bus urbano ou interurbano. As lanchas a Mugardos ameazan con desaparecer en Outubro.

Polo que semella, o servizo de transporte colectivo de viaxeiros na nosa comarca anda baixo mínimos. Hai un par de semanas que o concelleiro de Tráfico, Xoán Xosé Pita, informaba que os cidadáns empregan soamente o 20% das prazas de autobuses urbanos e interurbanos. Por se fose pouco, novas procedentes da empresa Retrasub apuntaban que a finais do mes de agosto desaparecería de xeito inminente o servizo de lanchas que une Ferrol coa vila de Mugardos.

A onde imos parar. E o máis importante, como imos chegar ata alí. As lanchas de Mugardos, xunto coas que sulcan a ría de Vigo, son os únicos vestixios das

innumerábeis embarcacións de pasaxe que noutrora sulcaban as augas galegas. E agora, todo apunta cara a súa desaparición. Ao final, un acordo entre o concello mugardés, a Autoridade Portuaria e a propia empresa Retrasub alongou a vida destas lanchas ata o mes de outubro, agardando medidas que eviten a definitiva desaparición do servizo. E despois, xa veremos.

Ante estes problemas, a Mancomunidade aposta firmemente pola potenciación do transporte público. E iso afecta tanto aos buses como ás devanditas lanchas de Mugardos. No tocante aos primeiros, agardan unha axuda da Unión Europea

que financie observatorios de mobilidade de pasaxeiros e a implantación de novas rotas adaptadas ás necesidades reais. Con respecto ás lanchas, a idea consiste en incluír novos destinos e procurar medidas que lles devolvan a orixinal rendibilidade económica.

Aínda así, cheguen ou non as axudas comunitarias, queda un importante papel por desempeñar: o dos viaxeiros. A fin de contas, os cidadáns son os únicos que poden decidir se desexan empregar ou non o transporte público. Iso, ata que un día queden sen gasolina e se decaten de que non lles quede outra que ir a pé... ♦

O Concello de Poio pretende que sexa incorporada ao *Parque das Illas Atlánticas* Incertidume sobre o futuro da illa de Tambo tras o abandono do Exército

RUBÉN VALVERDE

A illa de Tambo, situada fronte a Marín, na Ría de Pontevedra, pasará en breve a mans civís. Ata hai pouco foi base militar, despois dunha historia dilatada chea de diferentes usos. O día 30 deste mes está previsto que o Estado desacepte a illa como de interese e uso militar. A partir de entón abrense as interrogantes de que facer con ela e a quen transferirle a titularidade.

Entre os usos que no pasado tivo a illa estivo o relixioso, erixíndose alí un mosteiro no século VII, vinculado directamente á comunidade bieita de San Salvador de Poio. Máis tarde, co auxe comercial do porto de Marín, fúndase o lazareto de Tambo en 1837, pero as protestas dos cidadáns pontevedreses contra os buques portadores de enfermidades tropicais levaron a que en 1879 se trasladase o lazareto a San Simón. Moitos historiadores ven neste

cambio o principio do fin do apoxeo do porto de Marín e o inicio do protagonismo do porto vigués. A propiedade da illa exclaustrouse pasando a Montero Ríos e a súa familia vendeulla ao Estado quen a cedeu á Mariña.

Agora, coa desaceptación para usos militares, o lóxico sería que a illa pasase a depender do Concello de Poio. O alcalde desta vila pontevedresa, Luciano Sobral, afirma que xa se acordou en pleno que a xestión da mesma

non sexa cedida ao Concello. A razón é sinxela: como a maior parte das corporacións galegas, existe escaseza de cartos nas arcas para poder facerse cargo do mantemento da illa. A proposta que fará o municipio é a de que Tambo pase a formar parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas e que polo tanto sexa a Consellería de Medio Ambiente quen se faga cargo da mesma.

Luciano Sobral afirma que “coa Xunta aínda non tivemos conversas nese sentido pero pensamos que é a mellor maneira de manter as instalacións”. Nestes momentos a empresa Tragsa, contratada polo Estado, desenvolve tarefas de limpeza para deixar este pequeno espacio de terra nas mellores condicións

posíbeis antes de ser transferida.

A Xunta non se definiu

Sen embargo, dende a Consellería de Medio Ambiente aclaran que “para que unha illa pase a formar parte dun Parque Nacional ten que ter un valor natural relevante, non simplemente que paisaxísticamente nos pareza bonita”. As mesmas fontes engaden que “o feito de que unha illa sexa parte ou non do Parque non ten nada que ver coa titularidade nin con quen teña o uso nestes momentos”. Dende a Consellería poñen como exemplo Cortegada que, sendo de natureza privada, tamén é un espazo protexido. “Se ata o de agora non se acordou que Tambo for-

mase parte do Parque non ten porque se producir agora ese nomeamento”, sinalan. “Quen decide se un espacio pasa a formar parte dun Parque Nacional non é a Xunta, senón unha comisión dependente do Ministerio de Medio Ambiente”, conclúe a Consellería.

Para o alcalde de Poio, “xa o Padre Sarmiento falara da riqueza da fauna e flora da illa”. Na actualidade a vexetación está fundamentalmente composta por piñeiros, ericas e toxais. En canto á fauna, salienta a poboación de aves, fundamentalmente gaiotas e algúns coellos. Sobral apunta que “só en último caso e se non existise máis remedio o Concello se faría cargo de Tambo”. ♦

A Xunta recorre a sentenza e reclama a titularidade pública da illa O Tribunal Supremo devólvelle Ons á familia Riobó

RUBÉN VALVERDE

A xustiza deulle a razón á familia Riobó e, mediante unha sentenza do Tribunal Supremo, o Estado tería que revertirle a propiedade da illa de Ons. A Xunta de Galicia, actual propietaria da illa logo de serlle transferida por parte do Icona, recorreu a sentenza xa que estima que aínda que Ons non fose destinada a usos militares “si se utilizou para fins de interese público”. A Consellería de Medio Ambiente, encargada de xestionar o arquipélago Ons-Onza, non ten previsto negociar coa familia Riobó ata que saia o fallo do recurso.

Dido Riobó era coñecido por dúas cousas: a súa dedicación á illa e as súas ideas masónicas e republicanas. Co golpe de Estado franquista, foi denunciado polos seus “amigos”, os Massó. Sabeedor de que a Garda Civil o buscaba e que sería fusilado, decidiu suicidarse o 3 de outubro de 1936. En 1943 o Ramo de Guerra decide expropiar a illa con fins militares a cambio do pago de un millón de pesetas. O obxectivo era construír unha fortificación e unha base naval, algo que nunca se chegou a facer. O mando militar trasladoulle a illa ao Ministerio de Agricultura, en vista de que non era necesaria estratéxicamente. De aí pasou en 1978 ao Icona.

A familia Riobó baseou a súa reclamación no dereito de recepción conseguido pola familia Otero Goyanes sobre a illa de Sálvora en 1958, tras ser expropiada para fins militares en 1904 e non levarse a cabo ningunha acción neste sentido. Dende hai anos intenta negociar co Estado e coa Xunta unha devolución ou contraprestación económica. “Quixemos falar en numerosas ocasións coa Xunta, pero non hai diálogo con Don Manuel I”, afirma a muller de Manuel Riobó Fernández, representante da familia. “Ata agora que gaña-

mos non o cría e agora quere meterlle o paquete ao Goberno Central”, engade.

Para a Consellería de Medio Ambiente a reclamación non é contra eles senón contra o Estado, “que foi quen a expropiou”, sinalan. “Agora a sentenza está recorrida e ata que non se falle non imos facer nada xa que existe a posibilidade non só de devolve-la, senón tamén de indemnizar, pero haberá que agardar a ver que acontece”, afirman dende a Consellería. O valor da illa aínda está sen determinar, pero para os representantes da Xunta “está claro que non se trata dos 7.000 millóns de pesetas que reclama a familia”. O Goberno autonómico basea o seu recurso no interese público e apuntan que “se recorremos o fallo non é por outra cousa que polo interese de tódolos galegos e cidadáns que queiran visitar a illa”. O que si que quere deixar claro a Consellería de Medio Ambiente é que “sexa de quen sexa a titularidade, iso non afectará para nada a declaración de Parque Nacional e polo tanto haberá unhas normas que cumprir”.

Para a presidenta da Asociación de Veciños de Ons, María Jesús Acuña, “aos que vivimos aquí non nos importa de quen sexa a propiedade xa que temos uns dereitos históricos que nos amparan e que teñen que ser respectados”, en referencia directa ao convenio entre Manuel Riobó e os colonos asinado en 1919. Sen embargo afirma que “esta situación debe resolverse canto antes e preferimos que non se produzan cambios”. Na súa opinión, “os Riobó prefiren ser indemnizados en lugar de quedar coa illa”. Sen embargo, para a muller do representante da familia “xa non só se trata do diñeiro, senón dunha cuestión de formas por parte de Manoliño”. O Tribunal Supremo tardará en fallar a sentenza cinco ou seis anos. ♦



Tambo desde o alto de Raxó.

XAN CARBALLA

Unha historia que se remonta ao ano 899

En 1943 o Estado expropioulle a illa á familia Riobó. Anteriormente a sucesión de propietarios foi continua. A documentación sobre os seus donos remóntase ao ano 899. Por aquel entón os beneficiarios eran os membros do cabildo da Catedral de Santiago, logo dunha doazón por parte do monarca Afonso III. Sen darlle demasiada importancia, con máis pena que gloria, a illa estivo practicamente deshabitada ata o século XV, cando a Casa de Montenegro a adheriu ás súas propiedades unilateralmente, aínda que tamén sen facerlle demasiado caso.

En 1810, en plena guerra contra os franceses, as autoridades deciden ocupar a illa con

fins militares, comezando o conflito. O encargado de facelo será Francisco Genaro quen por non propiciar un trato humanitario aos colonos é denunciado por estes ante os seus antigos donos, o cabildo compostelán. Neste momento entra tamén no litixio a casa dos Montenegro para reclamar os seus dereitos. O conflito acaba coa famosa desamortización de Mendizábal que deixa á Igrexa sen dereitos sobre a illa pasando definitivamente aos Montenegro. Por diferentes herdanzas Ons pasa a ser patrimonio dos Quiñones de León, que en 1919 deciden venderlla a Manuel Riobó, médico forense de Vigo, e ao seu socio Manuel Bernardal.

A transacción económica foi moi alta, 300.000 pesetas da época, que foron aboadas mediante unha hipoteca. A illa, que contaba en 1900 con 300 colonos e con 375 no ano 1930, pasou a ser xestionada de xeito único por Dido Riobó, fillo de Manuel. O negocio que fundou esta familia en Ons foi o do polbo. Os colonos pagaban un canon pola vivenda e estaban obrigados a venderlle o que pescaban a Dido. Os mariñeiros cobraban por cada cubeta de polbo, seis quiloes, tres pesetas. En 1932 a colleita foi de 80.000 kilos. Trábase pois dun negocio fructífero baixo o nome da compañía Isla de Ons S.L. ♦

Obras da autoestrada do Atlántico en Mos: invasión de leiras, asulagamento de mananciais e agresións aos veciños

H. VIXANDE
O 24 de agosto pasado falecía atropelado por unha pala escavadora o veciño de A Pereira (Tameiga, Mos), Carlos Alonso. Este caso supón o agravamento do conflito vivido polos afectados pola construción da autoestrada A-9 no treito de Puxeiros a Valença.

Non era a primeira vez que Carlos Alonso tiña problemas coas obras da autoestrada. O trazado da vía implicou que lle collesen un cacho da súa finca. Carlos loitou polos seus dereitos e enfrontouse con Autoestradas do Atlántico e por fin nunha negociación conseguiu que decidisen expropiarlle. O día da súa morte acudiu á súa finca porque estaba pendente da súa valoración e non quería que tirasen unhas maceiras antes de estimar o seu custo. Tras discutir co operario da pala escavadora, o encargado da obra díxolle ao palista que baixase. "Disto encárgome eu", afirmou, e acto seguido subiu á pala para manexala. Instantes despois, a vida de Carlos Alonso quedaba segada por un golpe da pala. Agora o encargado está en liberdade baixo fianza e contra el está aberto un proceso por morte por imprudencia temeraria.

Nunha manifestación celebrada días despois, unha pancarta dicía: "Carlos Alonso pasará adiante, seguiremos a túa loita".

A loita de Carlos Alonso era a de todos os veciños afectados polo paso da autoestrada. Mos, un concello cercado por unha autovía de sinuoso trazado, por unha vía férrea, por un gasoducto, por un aeroporto... enfrontábase a unha nova obra pública que asulaga fontes, cega traídas, invade pistas e propiedades privadas sen expropiar e divide parroquias ata illar algunhas.

Agresividade

"Esta xente ten unha serie de encargados moi agresivos que presionan aos veciños e aos que a construtora move dun sitio para

outro cando xa a xente está moi farta deles, é unha das estratexias da concesionaria, Autoestradas do Atlántico, Audasa. Outra delas é ignorar as nosas peticións e só dar solucións que enfronten aos veciños", explica Isabel Lago, unha das afectadas.

"Xa desde o principio o Ministerio de Fomento actuou por detrás, sen informar aos veciños—explica Xosé Manuel Ollea, concelleiro do BNG en Mos—. Empezou

a haber levantamentos de propiedades sen saberse cal das variantes baralladas ía ser elixida e sen que o proxecto estivese no concello".

Tampouco o concello, gobernado polo PP, prestou atención ás demandas dos veciños desde os primeiros momentos, cando en setembro de 2001 comezaron os problemas en Atín e a construtora obviou a obriga de deixar oito metros para os camiños públicos. Nese caso, o alcalde só

actuou cando os veciños interromperon un pleno municipal, pero as máquinas non pararon ata que o concello puxo sinais que prohibían o paso dos camiións de gran tonelaxe polos precarios camiños veciñais.

Despois producíronse máis incidentes. A invasión de fincas era constante e moitos dos veciños queixábanse que non lles deixaban vivir, pero os problemas máis relevantes tiveron lugar cando co-

mezaron os levantamentos de terras, coas invasións das fincas e o cegado de regos e mananciais.

Malia os avisos dos veciños, as obras continuaron e só cando as fortes precipitacións do 21 de outubro de 2001 e os anegamentos polos desvíos dos cursos dos regos foi cando o PP aceptou a petición da oposición de que se constituíse unha Asociación de Afectados apoiada polo concello, aínda que a implicación do PP foi nula: o seu primeiro representante, Xusto González Ballesta deixou o cargo e o seu substituto, Anxo Abad dimitiu de concelleiro despois de que Audasa lle dese unha indemnización moi substancial pola súa casa prefabricada.

Pasividade municipal

Os veciños queixáanse da pasividade municipal. "Os do PP do concello son incapaces de levantar o teléfono de falar con Madrid, cando é moi doado, eles teñen vía directa a través do partido, pero nin sequera saben quen son os responsables da Empresa Nacional de Autoestradas, propietaria de Audasa", denuncia Isabel Lago.

En efecto, as xestións do concello só tiveron efecto en abril de 2002, cando asinou un convenio con Audasa no que se recollían algunhas demandas veciñais, como repoiar os camiños, as servidumes ou os canos das augas. "É increíble que recoñecesen iso despois de levar tanto tempo a obra en marcha—protestou o concelleiro do Bloque, Xosé Manuel Ollea—. ¿acaso non sabían que en Galiza chove e que a auga pode anegalo todo?, ¿non terían que planear esta cuestión antes? Un veciño tivo que pedirles ata que repuxesen o saneamento".

A pesar do acordo asinado en abril entre o concello e Audasa, os problemas volven ás obras da autoestrada. Os veciños queixáanse dos atropelos aos que se ven sometidos e os enfrontamentos derivaron na morte de Carlos Alonso o 24 de agosto. ♦



A autoestrada chantou un muro de once metros de formigón ante a casa de Isabel Lago.

PACO VILABARROS.

Obrigada a vivir nun cámping

"Tiven que marchar a vivir nun cámping durante tres meses", di Isabel Lago, unha das afectadas pola obra. A súa casa era a finca a expropiar número 103, pero posteriormente unha modificación do proxecto deixouna en pé xunto a un muro de formigón de once metros de altura.

Isabel vive en Baixaña, parroquia de Tameiga, e durante meses estivo a tratamento contra a vertixe por mor dos ruidos das obras. "Na miña casa cáen-se as lousas polas vibracións,

decadráronse as portas e deslízouse a cimentación, non é unha casa segura e teño dous fillos polos que non podo asumir o risco de vivir nela, por iso marchei para un cámping, aínda que o pecharon por fin de temporeada este domingo e tiven que regresar", relata.

Isabel acumula entre 50 e 60 denuncias de todo tipo polas invasións e danos producidos polas obras. "Tamén presentei un recurso contencioso administrativo e denunciei a Augas de Galiza, a

Medio Ambiente e ao Concello por deixación de funcións", di.

Os trastornos que provoca a autoestrada non só están relacionados coas obras. "Partiron a veciñanza pola metade, agora teño que dar unha volta de máis de un quilómetro para ver aos veciños, o do butano e o do pan xa non veñen e o meu fillo, para coller o autobús, ten que subir un muro de terra e cruzar as obras, aínda que cando estea rematada a autoestrada, non poderá pasar", denuncia Isabel Lago. ♦

Galeuzca e a satelización da política galega

MIGUEL BARROS

As recentes manifestacións do líder do BNG Anxo Quintana desautorizando calquer intento de utilizar a *Declaración de Barcelona* en auxilio político partidista de calquera dos firmantes, pon de actualidade o *Pacto Galeuzca*, antecedente histórico do acordo asinado na capital catalana por PNV, CiU e BNG no ano 1999.

A respecto do pacto tripartito galego-vasco-catalán do 1933, Castelao lábase na súa correspondencia de que *Galeuzca* sexa máis ben unha forza utilizábel polos vascos que un pacto do nacionalismo periférico para garantir un igual estatus político autonomista dos pobos galego, vasco e catalán. Explica Castelao que nas Cortes de México os vascos empurraron pola creación dunha comisión de estatutos, pensando máis na toma de estado parlamentario da incorporación de

Navarra ao País Vasco, que na tramitación do Estatuto de Galicia. O ilustre político galeguista tamén nos informa de que o Presidente Aguirre—que tanto admiraba a Castelao—postulaba, non embargantes, a candidatura do líder republicano Portela Valladares para ocupar a carteira ministerial concedida á representación política galega no Goberno Giral.

Realmente, a pesares das excelentes relacións que mantiveron galegos, vascos e cataláns no inmediato período posterior á guerra, o peso político do pacto tripartito galeuzcano poucas veces estivo da parte máis feble do mesmo. Galicia era naquel sistema máis ben un satélite que un planeta con forza de atracción propia, situación debida ao feito de non posuír o antecedente dun goberno autonómico como era o caso de Cataluña e Euskadi ao declararse a insurrección do xeneral Franco.

Por estas sumarias, pero elocuentes razóns, celebráramos como acertadas as declaracións do líder do BNG nun dobre sentido. Primeiro porque, conscentes do actual escenario político, exercen a súa autonomía política mesmamente de diante dos seus aliados. Segundo porque ao declarar o armisticio dialéctico co PSdeG-PSOE recuperan a iniciativa política e devolven ao electorado a esperanza dunha alternativa necesaria e posíbel se se moderan os excesos das respectivas ambicións partidarias.

O espectro político galego demanda capacidade para harmonizar unha coalición de goberno que faga cref-

bel ante o electorado a posibilidade real dunha Xunta PSdeG-BNG. Neste senso a templanza do BNG ante a Lei de Partidos é un dividendo neto que aporta o nacionalismo galego para reforzar o creto dun futuro goberno de coalición cos socialistas.

A Declaración de Barcelona refuga a satelización da política nacionalista de Galicia, pola súa banda o socialismo galego ten que liberarse do sambenito político de sucursalismo. Os socialistas teñen que converxerse de que o camiño cara a progresiva federalización do estado pasa pola previa federalización dos partidos de ámbito estatal. Á devolución de poderes que se fixo ás nacionalidades e rexións ha de seguir necesariamente a devolución de poderes por parte das estruturas federais cara as súas organizacións no ámbito territorial das autonomías, outra cousa non resulta crefbel e polo tanto carece de eficacia política.

A cautividade dos partidos que operan en contextos institucionais autónomos eiva a credibilidade dos proxectos propios que se pretenden para tañes realidades singulares.

Así como o nacionalismo acerta na reedición dunha Galeuzca da non violencia, o socialismo galego acerta a se demandase do PSOE a dose de federalismo que pretende para o Estatuto, porque resulta tan inviábel un nacionalismo galego satelizado coma un socialismo galego cautivo do sucursalismo centralista. ♦

Terror

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

A Roberto Vidal Bolaño,
in memoriam

Chámanme os de ANT para acordar da soneca de agosto e que polo tanto debo escribir esta columna, que se corresponde coa semana do aniversario do escarmento na Grande Mazá da cidade de NY. Estou de aniversario, de ny, de enn, de propaganda, ata o máis agochado dos tresmilreás. Andei nos pasados días de viaxe mediática polos altares do mundo, tan lonxe como nos queda a moitos o santuario das ofrendas e as bendicións. E un agradece non ter pesebre nin débedas que couren a palabra máis dura para definir esta xeira que atufa e manca. Acaso coma nunca, estou vindo cara á casa coa sensación de ser (sermos) un paillán, un caladiño, un comellón medio burgués, medio servicial. E balérome en furias de palabras, só ou co bush, aznar, blair..., que atopo máis da conta, coma a peste, nos camiños todos que se cruzan, para que o soño da vida se torza e crebe a esperanza.

Non me deades o espacio dunha columna manuscrita, dádemme (dádenos) todo o templo, para o derrubar coa forza de Sansón: tanta covacha de soberbia xunta, tanto doente mental exercendo nas esferas do poder que manda morte e fame, desespero, acabamento das palabras nunha guerra que se anuncia e vende e televisa e mata civilmente aos inocentes todos, aquí e aló. Foi Johannesburgo coma unha saba de liño ¡que ocasión! Pero eles andaban en voda e preparando a UOI (urxente operación irak). En Galicia estanse a queimar os últimos foguetes das romarías salvaxes (onde eu vou). Xantar e danza, árbores que resisten o pasotismo e a tolemia inacabada dos lumes forestais. Unha ghatina vai preñada de moitos por diante da miña cadeira de roncar: acarrexo a vida abandonada. Mañá ou pasado, cando paira nun recanto de pobres, ceo aberto se hai, un tolo sanguinario, adulado de compinches, podía que ordene e mande contra ela (nós) a visita dun misil? Terro. ¿Ou este non?



Os inmigrantes loitan sos para acadar a súa integración.

A.N.T.

A Generalitat considéraos imprescindíbeis para a integración A Xunta carece de cursos de galego para inmigrantes

H. VIXANDE
O esforzo realizado pola Xunta na integración de inmigrantes non fai fincapé na cuestión lingüística, xa que non organiza cursos de galego específicos para eles, cando a Generalitat de Catalunya considéraos imprescindíbeis.

A Dirección Xeral de Política Lingüística centra no número de cursos e os orzamentos as estatísticas relativas ao esforzo na formación para o coñecemento de galego entre persoas adultas.

Descoñécese o número total de persoas que asistiron aos mesmos, pero sábese que desde 1990 vinteoito mil membros das distintas administracións recibiron formación no campo do galego.

A Dirección Xeral recoñece que non hai unha política específica destinada á formación dos inmigrantes e os únicos datos dos que dispón relativos aos estranxeiros, son os destinados a persoas que moran fóra de Galiza, preferentemente no exterior. Moitos deles eran licenciados que recibiron formación complementaria.

A Consellería de Educación destacou que este ano organizou máis de 300 cursos de galegos dirixidos a "adultos de todo tipo de colectivos" e que este verán 123 estranxeiros –licenciados e posgraduados– de catro continentes recibiron clases de galego.

Fronte a uns datos que desvelan que o esforzo de integración é exíguo na Galiza, en Catalunya a Generalitat indicou que no último ano "máis de dez mil inmigrantes seguiron cursos de ensino [de catalán] para adultos".

Ademais de ofrecer unhas cifras

que revelan cáles son os obxectivos da administración autonómica catalana, a conselleira de Benestar Social da Generalitat, Irene Rigau, indicou que "a integración dos recen chegados pasa polo dominio das dúas linguas oficiais". A pesar do esforzo realizado para a difusión do catalán, a propia conselleira recoñeceu que a Catalunya fixo ben pouco para "ensinar catalán aos adultos estranxeiros", así mesmo afirmou que "os escasos estudos que analizan a situación lingüística dos inmigrantes extracomunitarios non invitan ao optimismo". ♦

POSONEJRO

posonejro@yahoo.es



Este fin de semana en Pontevedra Fest@ctiva, alternativa de lecer nocturno

A.N.T.
Os días 13, 14 e 15 de setembro ten lugar no Campiño de Santa María Fest@ctiva, un programa de actividades promovido polo concello de Pontevedra "que propón un ocio alternativo á perspectiva comercial que presenta na actualidade o entretemento nocturno".

Dirixido a un público de entre 14 e 25 anos de idade, Fest@ctiva ofrece actividades musicais, cursos de malabarismos, de baile, de pintura con aerosois, proxeccións de cine ao aire libre e clases de animación

con pallasos, entre outras posibilidades, así como unha actividade diaria nocturna de participación conxunta.

A participación é aberta, de balde e compatíbel con calquera dos obradoiros e actividades. Cada curso ten dúas horas de duración nos tres días ao longo dos que se estende a programación de Fest@ctiva. As actividades contan con monitorías especializadas en cada materia e a organización recomenda levar material nalgunha das actividades. ♦

www.coperactiva.org



Os arquivos militares estiveron pechos aos investigadores durante a ditadura de Franco.

Os historiadores estranxeiros tiñan mais facilidade de acceso

Os arquivos militares empezan a abrirse aos investigadores

A.N.T.

A investigación da guerra civil e a ditadura ten un dos seus principais fondos documentais nos arquivos militares. Desde 1975 a hoxe a situación foi variando de vagar. Nos anos da transición só os historiadores estranxeiros tiñan certo acceso.

Ven de abrirse aos investigadores o arquivo militar ubicado no Balaarte de Infantería de Ferrol. Amoréanse alí máis de 100.000 expedientes xudiciais, segundo explicou recentemente o xornalista Ramón Loureiro en *La Voz de Galicia*. O acceso a estes arquivos estivo dificultado ou directamente prohibido aos investigadores durante moitos anos despois da morte de Franco. Ran parte deses expedientes remataron en penas de morte e en tempos nos que o interese por saber a verdade do 36 aumenta son un verdadeiro tesouro historiográfico.

O historiador Dionisio Pereira lembra que nos anos 70, cando el comezaba a facer o seu labor polos arquivos, as dificultades eran enormes, “lembro que Gerard Brey ou Hartmut Heine, por ser extranxeiros, puideron consultar materiais que non deixaban de ningunha das maneiras aos historiadores do país. Pero a base de petar e insistir fóronse conseguindo investigacións”.

O anecdotario dese tempo de censura total é moi grande, e Dionisio

Pereira acórdase do que lle pasou no 76 no Goberno Civil da Coruña “deixáronnos consultar os arquivos das asociacións desde primeiros de século. Botamos case quince días sen restricións nos sótanos daqueles locais lóbreiros e saíamos co bandullo cheo de documentación para fotocopiar fóra, porque a prohibición era total de levar nada e non se podía tampouco sacar copias *in situ*. Así botamos dúas semanas ata que un día chegou o mesmo secretario que nos autorizara e botounos sen dar explicación. Seica correa a voz de que tiñamos ese material e pecharon a cancela. A anécdota é que cando veu avisarnos nós tiñamos as faltriqueiras cheas de papeis e tivemos que saír con eles, e fixémoslo escoltados a un lado dun Policía Armado e da outra un Garda Civil”.

Naquel arquivo consultado por Pereira había listas de infiltrados e delatores nas distintas asociacións sindicais ou políticas, e aínda que aquel material pasou a outros arquivos, esta documentación foi debidamente destruída ou separada en lugar ignoto. ♦

O sábado 14 reúnen en Camposancos A Romaxe de Crentes Galegos cumpre 25 anos

A.N.T.

A Romaxe de Crentes Galegos, que organiza a asociación Irimia, cumpre 25 anos cunha nova edición que se celebrará a carón do pai Miño, en Camposancos, o vindeiro día 14. O lema escollido nesta ocasión é o de “Rumores de boa nova”.

A primeira vez que se reu-

niu este grupo foi en Meira, aló polo ano 1978, cando outras moitas organizacións sociais e progresistas estaban a dar tamén os seus primeiros pasos. A divisa daquela concentración fora “Eu renazo galego”. Desde entón os *irimegos* xuntanse todos os segundos sábados de setembro, sem-

pre nun lugar diferente do país. O ano pasado fora no monte de Santa Tegra, no concello da Guarda. O obxectivo dos organizadores foi sempre o de “vencellar festivamente fe e galegitude”. Á romaxe veñen asistindo regularmente unhas seis mil persoas chegadas de toda Galiza. ♦

A xerarquía eclesiástica descualifica a corrente Somos Igrexa

A xerarquía eclesiástica ven dedicando ultimamente duras descualificacións á corrente *Somos Igrexa*, que unifica a cristiáns avanzados de diversas áreas xeográficas. Recientemente, o bispo de Mondoñedo, Gea Escolano, coñecido pola súas posicións refractarias á modernidade, afirmaba a través dunha pastoral que este colectivo “máis que unha reforma, o que pretende é cambiar a identidade da Igrexa, identidade que lle deu o Señor, dándolle como unha nova constitución”.

Por outra parte a Oficina de Información da Conferencia Episcopal Española, ante a crecente presenza nalgúns medios de comunicación e en Internet da corrente *Somos Igrexa* e co fin de “evitar a confusión” manifesta que este grupo “a pesar do nome adoptado,

non é un grupo eclesial e non recibiu ningunha aprobación nin recoñecemento canónico”. Tamén afirma que o mencionado colectivo acolle a grupos de procedencia cristiá “que manteñen en común actitudes opostas ao Maxisterio e á disciplina da Igrexa”.

A Conferencia Episcopal considera tamén que *Somos Igrexa* propón afirmacións e reivindicacións “que se arredan claramente das ensinanzas da Igrexa Católica, firen e van en detrimento da comunión eclesial”. Por último fai fincapé ante todos os católicos, pastores ou fieis, en que as formulacións deste grupo progresista “non só non favorecen senón que impiden gravemente os camiños da auténtica renovación eclesial postulada polo Concilio Vaticano II”. ♦



Antonio Martínez Aneiros, coordinador de Somos Igrexa en Galiza.

Un sacerdote de Somos Igrexa apoia a solicitude dun novo Concilio

O sacerdote Lois Rodríguez Patiño ven de apoiar a iniciativa de que se celebre un novo Concilio. O párroco de Xestoso e Cambás, parroquias pertencentes aos concellos de Monfero e Aranga, respectivamente, pertence ao grupo *Somos Igrexa*, e para explicar a súa coincidencia coa proposta lembra as palabras do cardeal Martín en 1999 cando se refe-

ría a carencia de novos curas, á presenza da muller na sociedade e na Igrexa, á sexualidade e ao papel dos laicos e nas que animaba á celebración dun novo concilio Vaticano.

Rodríguez Patiño é coñecido tamén polo apoio que presta regularmente aos veciños en temas diversos, caso da defensa das Fragas do Eume fronte á actuación da Xunta no parque. ♦



Luis Rodríguez Patiño

Cando falamos é como se fosemos cullendo as palabras dunha especie de saco imaxinario no que temos todas aquelas que nós coñecemos ou cremos coñecer. Fácemolo cunha velocidade extraordinaria e dun xeito practicamente mecánico, de tan afeitos que estamos. Pero hai razóns que nos fan escoller unha palabra e non outra. Ás veces facemos a escolla dun xeito máis ou menos consciente (por exemplo, non falamos igual cun descoñecido e cun “superior” que cun amigo, ou cando damos unha explicación “técnica” que cando damos unha explicación coloquial) pero outras veces —na que esa distancia non se produce— parece que podemos empregar indistintamente unha palabra ou outra. E mais, tamén nestes casos, optamos por unhas palabras e construcións esquecendo outras que coñecemos e poderíamos empregar. Isto débese a que o ambiente

O FÍZ DA LINGUA

Solleiro

HENRIQUE HARGUNDEY

lingüístico que nos envolve inflúe dun xeito profundo e permanente facendo que escollamos as palabras e frases que “temos máis a man” —como se estivesen na superficie dese saco do que falamos— en tanto que outras quedan no fondo. Estamos máis condicionados do que parece. Na nosa época, os medios de comunicación —moito máis xa que o sistema educativo— teñen unha influencia determinante.

Isto explica moitos dos cambios nas palabras e construcións. Porqué moitas van quedando vellas e arrombadas e aca-

ban desaparecendo, substituídas por outras que ou ben estaban tamén aí ou ben creáanse no momento.

Este proceso de depuración, normal no conxunto da linguas, representa un mecanismo de renovación dende dentro delas. Pero no caso das linguas dependentes, non normalizadas, non se produce unha renovación senón unha simple invasión: as formas tradicionais e propias son substituídas por formas alleas, as dominantes.

Ven esta reflexión a conto para ilustrar o porqué, por exemplo, estamos

substituíndo por *soleado* adxectivos tradicionais galegos como *solloso*, *solleiro*, *solleiroso*, *sollío*, *sollento* ou *asollado* que son postergados e abandonados en beneficio da forma española, ou coincidente co español.

E mais é moi fértil a familia destes derivados galegoportugueses de *sol*. Substantivos como *solleiro*, *solleira*, *sollío* e *sollía* “lugar ou terreo onde dá o sol e xeralmente ao abeiro”, ou *solleirado* “momento de sol intenso, ou momento de sol entre outros de chuvia”, e verbos como *asollar/asollarse* ou *asolleirar/asolleirarse* “pór ou pórse ao sol, tomar o sol”. Sinaleremos tamén, pola súa expresividade, a locución *asollar o diñeiro* ou *asollar os cartos* é dicir, gastalos.

Asollar os problemas da lingua (e os problemas todos), sacalos á luz do día, aitalos, é o primeiro paso para resolvelos. ♦

Reducir o gasto dos libros pasaría pola gratuidade ou o reciclado de material

Ilusión, estrés, rutina: a volta ao cole

MAR BARROS

Como cada setembro as aulas enchense de rapaces para iniciar un novo curso. Pero non son os únicos protagonista. Detrás están os profesores e os pais, os máis afectados pola Lei de Calidade, o desembolso económico, o estrés ou a diferencia nas horas de traballo. Falamos con eles para ver como se presenta a súa "volta ao cole".

Miguel Barros, profesor no ensino público

¿Como viven os profesores a volta ás aulas?

Con entusiasmo, pero debe vencerse o síndrome postvacacional e esa preocupación do profesor por se a súa actuación é insuficiente. Póñense grandes expectativas no profesorado, vese como unha sorte de mesianismo esquecendo que a educación é competencia de toda a sociedade e non só dun determinado grupo, o que xera preocupación e incluso a neurotización dalgúns profesionais.



Na Constitución recóllese que o Ensino debe ser gratuíto, ¿non lle parece elevado que o gasto medio por estudante estea nos 360 euros?

Si, ten un aspecto contradictorio. Sen embargo, considero que é un gasto que é preciso facer. Os pais que non poden afrontar este gasto reciben axudas da administración e do concello, e no terreo dos libros, nos centros existen algúns exemplares que as editoriais ofrecen gratuitamente, para os que teñen menos recursos. Coido que a gratuidade dos libros sería inxusta, porque cómpre levar as axudas onde é preciso. Opino que non é conveniente, polo momento, chegar a universalización do servizo, senón que hai que tender á irmandade, desviando parte dese gasto innecesario que suporía a gratuidade dos libros cara os países máis necesitados.

¿Que problemas se deben afrontar neste novo curso?

Existen unha serie de problemas estruturais como son a formación do profesorado ou a adecuación do que se ensina coas necesidades do educando. E as institucións tratan de resolver mediante lexislación. Aquí está a Lei de Calidade, coa que se pretende mellorar a Educación transferindo fondos públicos aos colexios privados. Ademais propoñen como solución multiplicar os controis de calidade en vez de aumentar os coñecementos do profesorado, nunha sociedade cada vez máis complexa. ♦

Mª José González, profesora no sector privado

¿Cómo viven os profesores a volta ás aulas?

Un pouco estresados, por todo o que implica volver empezar. Dunha banda ves caras novas, renóvanse as ilusións, pero doutra está o ter que rachar coa rutina do verán. Custa ter que afrontar as 27 horas semanais de traballo, fronte as 18 do ensino público.

¿Que lle parece que o gasto medio por estudante sexa de 360 euros?

É demasiado, sobre todo se tes varios fillos e tes que dotalos a todos de material escolar, libros de texto e uniformes. Pero é un gasto obrigado, que ten sentido de se cumpre o seu fin. A solución sería empregar libros máis xenéricos. Coido que se poderá chegar a gratuidade dos libros de texto, porque co Estado de Benestar téndese a iso. Pero é moi complicado pola presión do mundo editorial. No referido ao transvase de cartos públicos aos colexios privados ten sentido en determinadas situacións, por exemplo, en núcleos de poboación moi pequenos, con poucos rapaces, onde non é rendíbel facer unha escola e teñen que acudir a un centro privado.

Problemas que se deben afrontar neste novo curso

Temos que afrontar novos proxectos curriculares, novos métodos, moito traballo. O noso labor é coeducar, somos como unha segunda familia, e esta é unha grande responsabilidade. ♦

Manuel Pérez, o seu fillo acude a un colexio público

¿Que representa o retorno ás aulas para unha familia?

A volta a rutina, algo que se agradece pero tamén un gasto considerábel. No meu caso só teño un fillo, e co material e os libros de texto calculamos gastar sobre uns 150 euros. Pero se tes máis fillos ter que empezar a multiplicar esta cifra. Nós aforramos no tema da vestimenta. Mercamos roupa para o inverno, pero non é preciso que ese gasto sexa este mes. Ademais non tes que pagar o colexio porque xa o fas mediante os impostos. Levar os nenos ao privado é pagar dúas veces, gasto inútil porque a educación pública é de calidade.



PACO VILABARROS

¿Como vai afectar a Lei de Calidade aos pais?

O que se pretende con esta lei é potenciar o sector privado con cartos públicos, subvenciónase o ensino privado en infantil cando non é obrigatorio. Por unha parte adiantase a lingua estranxeira a primaria, algo positivo, pero tamén está o tema dos itinerarios. Os privados só ofertan algunhas opcións e esixen moitos requisitos para entrar, co que se está a crear centros de elite. E isto é preocupante.

¿Considera que a gratuidade dos libros reduciría este gasto?

Xa existen exemplos de reciclado de libros e funcionan ben. Sen embargo, chegar a gratuidade paréceme moi difícil, sobre todo pola presión das multinacionais. Por parte da Administración vai supor unha partida presupostaría moi elevada, polo tanto cómpre estudialo moi ben, establecendo uns baremos para que non se desperdicien os cartos públicos. ♦

Puerto Fernández, optou pola ensinanza privada para os seus rapaces

¿Que representa a volta ao colexio para unha familia?

O regreso a normalidade, un

pouco de orde despois do período vacacional. Por unha parte as nais agradéceno porque o tempo que os nenos están na escola, pódeno adicar a outras cousas, pero pola outra veste máis atada a eles polo tema dos horarios de recollida e das actividades extraescolares.

¿Onde recae o gasto principal que representa a volta as aulas?

Fundamentalmente en libros e vestimenta. Os rapaces levan uniforme que se debe mercar a principios de curso e supón un gasto importante. É certo que o aforras en roupa de rúa. Logo está o tema dos libros, que tes que mercar todos os anos e non se soen aproveitar duns nenos para outros. A gratuidade paréceme ben, porque é unha sorte de xustiza social. Ademais podería ser un incentivo para o aumento da natalidade. Para paliar todos estes gastos existen axudas da Administración pero na educación privada non se pode botar man delas.

¿Que factores influen máis á hora de decantarse polo ensino privado?

Cando un neno funciona ben, faino tanto no sector público coma no privado. Pero se precisa dunha atención especial coido que a mellor opción é decantarse polo privado. Non digo con isto que o público vaia mal senón que hai unha atención máis personalizada, con clases de reforzo e unha comunicación constante cos pais. ♦

Cobros indebidos en centros concertados

M.B.

A Consellería de Educación confirma o cobro irregular de cantidades por diferentes conceptos en centros privados concertados, o incumprimento do calendario e a superación das ratios establecidas na LOXSE.

As Delegacións Provinciais correspondentes, tras a denuncia presentada pola CIG ao Conselleiro de Educación, constataron cobros indebidos ás familias por conceptos como a calefacción, psicomotricidade, logopedia ou servizo de secretaría nos colexios vigueses "Bregán", "Atalaia" e "Bouza Brey" e nos coruñeses "Dominicos", "Calasanz PP Escolapios" e "Don Bosco". Todos os centros foron apercibidos e aplicaráselle a lexislación vixente coas correspondentes sancións.

A Consellería reconece ademais alteracións nos centros "Santiago Apóstolo" e "San Xoán Bosco" de Vigo e no "Calasancias" e "Sagrado Corazón" de Pontevedra. Así como a superación da ratio profesor-alumno no colexio ferrolán "Compañía de María".

O secretario Nacional da CIG-Ensino, Anxo Louzao, asegura que "o sindicato vai esixir coñecer os resultados finais dos procesos abertos e das medidas tomadas en aplicación da lexislación vixente e reclama da Consellería, mediante as inspeccións correspondentes neste novo curso, unha investigación sobre as prácticas denunciadas o ano pasado". ♦

CIG e AS-PG organizan as Xornadas do Ensino

A.N.T.

O mes de setembro, a CIG-Ensino e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega desenvolverán as Xornadas do Ensino en nove localidades galegas. A Coruña, Pontevedra, Burela, Ourense, Vigo, Ferrol, A Guarda, Compostela e Lugo acollerán esta proposta que ven funcionando dende hai 11 anos. Coas xornadas preténdese ofrecer ao profesorado, durante unha semana, unha proposta de formación diferente da institucional, cunha renovación metodolóxica e didáctica, así como a procura dun ensino máis vinculado á realidade galega. ♦



Vicente López e César Gómez presentando un prototipo.

O mecanismo comercializarase no 2003

Un flotador servirá para evitar naufraxios marítimos

RUBÉN VALVERDE

Kfloat é o nome da empresa coruñesa que comercializará internacionalmente un sistema para evitar que os barcos naufraguen cando se produza unha entrada de auga. O sistema consiste nun conxunto de flotadores que funcionan a xeito de air-bag cando o barco comeza a encherse de auga, logrando que a embarcación se mantéña a flote.

A idea xurdiu hai catro anos da man de dous empresarios da Coruña, Vicente López e César Gómez. As continuas noticias sobre naufraxios que sacoden a nosos mariñeiros impulsaron definitivamente esta iniciativa que foi pensada como axuda activa nas tarefas de salvamento marítimo. César Gómez explica que o invento xa está patentado “nos países marítimos máis importantes, entre os que destacan Estados Unidos, a maioría dos Estados da Unión Europea, Xapón, Australia e Canadá”.

Os fortes vínculos de César Gómez coa mar levárono a interesarse polos naufraxios e a tentar facer do barco o lugar máis seguro para os mariñeiros e os viaxeiros das embarcacións de recreo. Capitán de navío na reserva, os seus coñecementos sobre a mar foron fundamentais para presentar o proxecto na Oficina de Patentes.

Despois de varias probas realizadas en Madrid, no Canal de Experiencia Hidrodinámico do Pardo (CEHIPAR), que se saldaron con resultado positivo, a empresa ten previsto facer un novo control en mar aberto de cara a novembro deste ano. Unha vez demostrada a validez do invento, a sociedade comezará coa busca dos materiais máis asequibéis para comezar a fabricación seriada do produto, que se prevé iniciar cara finais do 2003. “Temos que estar seguros de que está todo preparado para obter un resultado satisfactorio na proba no Atlántico e así empezar coa posterior fase de optimización”, sinala César Gómez. “Obviamente non se pode comercializar algo que sexa máis custoso que o propio barco”,

engade. Tamén sinala que “aínda non temos pensado onde instalar as plantas de produción nin quen será o fornecedor de material xa que hai que ir pouco a pouco”.

Tamaño dos barcos

Polo momento o invento desenvolverase para embarcacións de entre 8 e 30 metros de eslora, xa sexan pesqueiros ou de recreo. “Unha vez desenvolvido o proxecto para barcos de pequeno e mediano tamaño, é posíbel que se comencen os estudos para embarcacións máis grandes”, apunta César Gómez. “Obviamente non é o mesmo manter aboiaando e mover unha tonelada que dez. Ademais, os grandes buques teñen xa compartamentos as súas adegas para poder pecharse e amañarse en alta mar en caso de fuga”, sinala o xerente de Kfloat.

O sistema de globos, pese a súa aparencia sinxela, é custoso xa que os materiais empregados

teñen que ser altamente resistentes para manter estábel a embarcación. Precisamente, o nome Kfloat pretende evocar a expresión inglesa *keep afloat*, literalmente “manter a flote”. Segundo explica César Gómez, “a necesidade de internacionalizar o invento levou a buscar un nome que sexa doadamente identificábel en todo o mundo”.

Subvencións ministeriais

No presente ano, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía ven de aprobar unha axuda para levar a cabo o desenvolvemento deste innovador produto de 191.000 euros. Esta dotación cubrirá o 35% do orzamento do proxecto, a máxima porcentaxe posíbel. Estes cartos non se outorgan a fondo perdido, senón que hai que devolverlos ao cuarto ano da súa concesión. Sen embargo, a adxudicación de tal cantidade fala ben claro da viabilidade dun produto inventado en Galiza. “Aínda que haxa que devolver estes cartos, son concedidos en condicións moi favorábeis xa que o tipo de interese teórico é 0 e pódese reembolsar en 10 anos”, apunta o co-fundador de Kfloat. ♦

Galiza posúe o índice de naufraxios máis alto do Estado

O invento que está a desenvolver Kfloat, no caso de confirmarse o seu éxito, sería un bálsamo para a flota pesqueira galega. A cifra anual de mariñeiros do Estado español mortos é altísima e case o 80% deles son galegos. Como media, no conxunto do Estado morren 42 traballadores do mar, dos que 32 son da nosa comunidade. Os índices de sinistralidade falan por si mesmos. Dende 1991 contabilizáronse 272 vic-

timas mortais de galegos en distintos naufraxios. Mentres o peso da flota galega é do 50% do conxunto do Estado, tanto en produción como en número, os sinistros, segundo as compañías de seguros, supoñen o 77% do total. Outro dato que resulta interesante á hora de valorar este air-bag mariño é o que fala da orixe do naufraxio. Segundo a Consellería de Pesca, o 32% dos afundimentos teñen a súa causa nunha vía de auga. ♦

O 11 de setembro e a economía

MANUEL CAO

Un ano despois do atentado contra as Torres Xemelgas e o Pentágono a economía mundial está inmersa nunha crise importante da que non se albisca saída a curto prazo, sobre todo, naqueles países integrantes do chamado primeiro mundo.

A influencia dos sucesos do 11-S e a dinámica inducida dende ese momento afectou principalmente ao ámbito político e menos á situación económica. Na práctica, os fenómenos políticos pasaron a primeiro plano de xeito que a iniciativa e a axenda dos poderes dominantes está mediatizada polos elementos políticos que condicionan as decisións económicas e sociais dos principais axentes colectivos e individuais. O 11-S acentuou o proceso de globalización en todos os ámbitos pero tamén incrementou o grao de incerteza no que se moven os principais axentes erosionando a efectividade da racionalidade aplicada ás decisións tomadas. En xeral, os grupos de intereses máis experimentados e avelozados na actuación nun marco global traballan con vantaxa gozando de maiores oportunidades acrecentadas pola maior flexibilidade e axilidade á hora de afrontar os perigos e incertezas existentes.

Globalmente, estase a instaurar unha especie de “estado de excepción global” que considera o terrorismo como o elemento fundamental da axenda política do que deriva a oferta de políticas de seguridade global e interior que son ben recibidas por unha cidadanía chea de medo sometida como está á presión insistente duns medios de comunicación agresivos e manipuladores da opinión pública. Un resultado non desprezable de todo isto é que o número e gravidade de conflitos bélicos e atentados terroristas foi menor neste ano, salvo en casos especiais de enconamento histórico. Con seguridade, a gran maioría das vítimas civís deste pasado ano han de atribuírse a causas económicas e sociais materializadas en catástrofes naturais, desocupación masiva, tráfico de inmigrantes ou deterioro dos servizos sociais e sanitarios. Ha de recoñecerse certa habilidade aos que manexan a axenda en inducir no cidadán temores e problemas que dificilmente lle afectarán directamente e que, en calquera caso, son moi difíciles de solucionar de maneira estable e duradeira con políticas agresivas.



O 11S serviu para mellorar a conta de resultados dos grupos asociados á economía de guerra.

A influencia directa do 11-S na economía maniféstase nos beneficios dos grupos de intereses asociados á economía de guerra. Tamén se mistura a clara intención por parte de EEUU de converterse no líder indiscutible conformando un mundo a súa medida no que o factor militar é o determinante da hexemonía planetaria. A destrución do WTC puxo a seguridade como obxectivo central da acción de goberno disparando á alza a popularidade de G. Bush, reactivando a presión do complexo militar-empresarial a favor de aumentar os gastos de defensa, rachando coas políticas de equilibrio orzamentario ou creación de superávits do período Clinton. A crise económica de USA ten máis que ver con factores estritamente económicos, existentes xa antes, derivados do final do ciclo expansivo e da presión dos novos países e áreas rexionais no mercado mundial tanto no ámbito productivo (China, India e novos países en vías de desenvolvemento) como no institucional e monetario (Unión Europea e creación do euro). A área económica liderada por Estados Unidos verase cada vez máis afectada pola competencia nos novos mercados emerxentes doutras áreas e axentes en expansión o que acabará por socavar o seu liderazo mundial. As iniciativas en materia de defensa por parte do goberno de EEUU tratan de recuperar pola vía militar parte do poder económico e institucional perdido. O conflito evidente entre civilizacións serve de base, en parte, para xustificar unhas actuacións nas que está en xogo o liderazo global no medio prazo. ♦

A CIG celebrará manifestacións o 2 de outubro e CCOO e UGT tres días despois en Madrid

Os sindicatos por camiños diferentes contra o *decretazo*

A.N.T.
A estratexia sindical que foi quen de buscar unha andaina común na folga xeral do 20-X colle agora camiños diferentes. A CIG gustaría de convocar unha nova folga xeral, ao que se negan Comisións e UGT. A división tamén chega aos sindicatos bascos.

A CIG propón un novo paro xeral máis contundente que o anterior, pero Comisións Obreiras e UGT non están pola labor e prefiren "manter a presión" sobre o Goberno central. Así que a cen-

tral nacionalista, sen aliados e nun marco que sobarda o noso país, opta por convocar en solitario para o 2 de outubro manifestacións en todas as cidades galegas.

O seu secretario xeral, Xesús Seixo, considera que a folga debería ser de ámbito estatal pois "cumpre pórao Goberno central contra a parede", pero considera que "unha convocatoria só na Galiza desgastaría ao movemento obreiro galego". ¿E o paro do 15 de xuño do 2001? "Ademais de estar apoiado tamén por UGT,

situábase noutro contexto. Serviu para demostrar que había condicións para unha folga", explica na central nacionalista.

Comisións Obreiras e UGT, pola súa banda, van celebrar unha manifestación en Madrid o 5 de outubro de carácter estatal. Unha especie de grande mobilización a semellanza da realizada antes do verán polas centrais sindicais italianas en Roma.

Carlos Gesto, de Comisións Obreiras afirma que non contemplan nin siqueira a posibilidade de realizar un novo paro

xeral. A súa estratexia pasa "por seguir mantendo a presión sobre o Goberno central ata que troquen a lei, "pois non imos aceptar o cambio de rumbo que pretende Aznar". Afirma que o 20 de xuño conseguíronse xa "moitos dos obxectivos". Sobre todo quedaría patente "o rexeitamento dos traballadores ao decreto".

Manuel Mera, Secretario Confederal de Formación da CIG, afirma que "doe que falte atrevemento nas centrais estatais ou o que é peor, que haxa

submisións que impidan botar abaixo agora a reforma". Aínda así considera que "doe aínda máis que os dirixentes dean pasos atrás cando os traballadores non llelo piden".

Sexa como fose, mentres o Goberno central fala de novas reformas laborais e segue a trámite o proxecto de lei que deu lugar á folga xeral, os sindicatos toman camiños distintos. A división tamén está presente en Euskadi pois LAB aposta por unha nova folga xeral, mentres ELA-STV non a atopa factíbel. ♦

Unha conserveira inaugurada en Burela

permite asistir ao proceso de envasado en directo a través de internet

A.N.T.
Conservas de Burela, unha nova empresa inaugurada o pasado día 11 na mariña luguesa, permitirá que calquera usuario de Internet poida asistir en directo ao proceso de elaboración mediante a súa páxina web. A fábrica, da que son xerentes Xoán Carlos Orol e Tito Sixto, ten instalada unha webcam en varias salas nas que o coñecido bonito do norte é envasado en tarros de cristal. A calidade da materia prima permítelle aos seus propietarios calificarlo de *delicatessen*.

A fábrica destaca precisamente pola súa tecnoloxía punta. O

investimento realizado polos accionistas para a súa posta en marcha foi de 6 millóns de euros e o 60% do mesmo foi empregado en maquinaria de última xeneración. A factoría ocupa unha superficie de 5.200 metros cadrados e está localizada no lugar de O Perdouro, pertencente ao municipio de Burela. A empresa xerou xa 60 postos de traballo, pero os seus xestores agardan sobrepasar o cento antes de que remate o ano.

Xoán Carlos Orol destaca que "o porto de Burela ten un produto estrela de máxima calidade -o bonito do norte- e non existía nesta

zona fábrica de conservas. Isto implicaba que o proceso extractivo estivese incompleto". Ademais de atún branco, *Conservas de Burela* envasará ventresca de bonito, anchoa do cantábrico, polvo, mexilón, zamburiña, ovas de pescada, caviar de ourizo, anchoa, etc.

Os responsábeis da nova empresa contan con máis de 20 anos de experiencia no sector mariñeiro e conserveiro e agardan acadar no primeiro exercicio económico unha facturación de 7 millóns de euros, ata achegarse aos 20 millóns no terceiro ano de funcionamento. ♦



Á inauguración da factoría asistiron o Presidente da Xunta e o Conselleiro de Pesca.

A crise de outono

RAMÓN MACEIRAS

Entramos xa nun período de turbulencia económica a escala planetaria. No Brasil, o custo de refinanciar a débeda externa excede por moito a débeda mesma. Isto fará imposible seguir manexando o irremediabelmente quebrado sistema financeiro mundial e nos próximos meses será evidente. O mundo financeiro angloamericano sabe que ésta é a situación, e por tanto veremos unha aventura militar en Irak moi pronto.

A situación do Brasil non é distinta á de Arxentina, nin á de Estados Unidos. Cada un destes Estados ten o mesmo problema aínda que con características diferentes. Se as políticas do Fondo Monetario para Arxentina se levan a cabo tal e como se están a presentar agora, Arxentina desintegrarase.

Nos Estados Unidos hai unha serie de burbullas especulativas internas; por exemplo, a burbulla de bens raíces. O sistema financeiro dos Estados Unidos é o fraude monetario máis grande do planeta neste momento. O único que está a suster a Washington é un fraude contábel xigantesco. Como vimos nos últimos meses, Enron semente é o cimo do tépamo. A situación non é moi diferente mesmo en Europa.

Así que temos unha situación tal que neste outono entraremos nunha fase de incertidume e non se pode calcular o que vai pasar máis alá. Baixo estas condicións, os EEUU xulgan que semente a través da guerra poderán controlar a situación política, tanto dentro do seu país como fóra.

Brasil é o principal estado de Sudamérica, en termos estratéxicos. O pacote de resgate financeiro de 30 mil millóns de dólares para Brasil anunciado en agosto polo FMI, está en realidade destinado a resgatar os principais acreedores de Brasil, como o Citibank, J.P. Morgan e outros grandes bancos internacionais. O que Washington está a facer é así un bluff. O goberno de Bush actualmente non ten a menor idea de como afrontar á crise sistémica global, nin o perigo específico dun estoupido da débeda de Brasil. O que si saben é que non quen que Citibank e J.P. Morgan vaian á bancarrota. O perigo inminente dun cesamento de pagos brasileiro —cos seus 500 mil millóns de dólares de débeda externa real e a súa burbulla de débeda pública interna totalmente fóra de control—, era máis de que se podía dixerir.

Pero esta decisión de lle lanzar outra masa de cartos á xigantesca burbulla especulativa non vai funcionar. O FMI é hoxe unha institución defunta. Só unha cousa pode funcionar: ten-se que conxelar a situación, postergando todo, incluídas estas débedas. Non é posíbel resgatala; non se pode administrar. ♦

VIII SALÓN DAS ANTIGÜIDADES

XVI

FEIRA DO MOBLE DE GALICIA

A ESTRADA

Do 7 ó 15 de setembro 2002

Tres meses de actos que rememoran a historia desde 1972

A CIG celebra trinta anos de sindicalismo nacionalista

A.N.T.

Libros, vídeos, cartaces, conferencias e exposicións forman parte dos actos que organiza a Confederación Intersindical Galega para celebrar os últimos trinta anos de sindicalismo nacionalista.

O ano 2002 coincide co aniversario dos 30 anos da folga xeral en Vigo, cos 25 da creación da Intersindical Nacional Galega, ING, e cos 20 da unificación do sindicalismo nacionalista entre a ING e a Confederación de Traballadores Galegos, CTG, dando lugar á ING-CTG, logo convertida na INTG, Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos. As efemérides son o motivo polo que a Confederación Intersindical Galega –herdeira desta traxectoria tras a fusión entre a INTG e a CXTG, Confederación Xeral dos Traballadores Galegos– organiza unha serie de actos para celebrar esas datas.

O acto máis importante terá lugar no Paraninfo da Universidade de Vigo ás sete e media da tarde do dez de outubro, cando se celebre unha charla coa participación do especialista no mundo laboral e profesor da Universidade de Campinas (São Paulo), Ricardo Antunes, e da experta en movementos sociais e profesora da Universidade da Habana, Isabel Raber, quen entre o seu currículo conta coa autoría de dezaio libros sobre a materia.

Durante o mes de setembro a CIG distribuirá 25.000 exemplares dun tríptico alusivo aos acontecementos que se desenvolveron en setembro de 1972 e que desembocaron na folga xeral dese ano. Tamén se colocarán 2.000 cartaces que lembran esa data.

Parellamente, unha exposición con 41 paneis colgarase en distintos lugares de Vigo e Pon-



Manifestación do 1º de maio do 78 en Vigo, á dereita, un sindicalista da ING nunha manifestación de traballadores en Ourense nos anos setenta.



A.N.T.

tevedra. A exhibición incluíra numerosa documentación escrita e gráfica sobre aquela folga xeral e os anos posteriores ata 1982.

No mes de outubro difundirase un vídeo da CIG dirixido por Xan Leira no que se aborda con imaxes a historia dos dez primei-

ros anos do sindicalismo nacionalista e a finais de novembro presentarase un libro escrito por Beito Alonso e Bernardo Máiz

no que se conta polo miúdo a historia dos dez primeiros anos do sindicalismo nacionalista, entre 1972 e 1982. ♦

A folga xeral que veu nacer as centrais galegas

A demanda da rebaixa da xornada laboral na factoría da Citroën en Vigo ata 44 horas semanais provocou, o sábado nove de setembro de 1972, un paro na nave F e en parte da B que significou o despedimento de cinco traballadores e o expediente a catro membros do sindicato vertical. En solidariedade cos compañeiros, ese mesmo día o 70% da fábrica púxose en folga aínda que ás oito e media da tarde restableceuse a normalidade.

Ás seis da mañá do luns día once os traballadores de Citroën concentráronse diante da

factoría e decidiron non incorporarse ao seu posto de traballo mentres non se chegaba a un acordo para a readmisión dos despedidos. A negativa patronal a negociar levou a que os concentrados marchasen en manifestación ata Reyman, Barreras e a sede do sindicato vertical.

O paro estendeuse pola cidade como unha mancha e o martes doce de setembro xa comezaban a rexistrarse incidentes, despedimentos, enfrontamentos coa policía e detencións de traballadores. O catorce de setem-

bro os folguistas xa eran 16.000 e fan en aumento. O paro espaxiábase pola comarca e pouco a pouco as protestas chegaban ao resto do país.

As cartas de despedimento chegaron a seis mil e o número de detidos superou as vinte persoas. Milleiros de persoas sumáronse ao paro e ás manifestacións e o enfrontamento da patronal e o Goberno cos traballadores prolongouse ata finais de mes. O saldo foi de numerosos detidos e despedidos, pero significou unha toma de conciencia do movemento obreiro e o

nacemento do sindicalismo nacionalista.

Durante a folga de setembro de 1972 foi relevante a actuación das Comisións Obreiras, CCOO, da Organización Obreira, OO, e da Unión do Povo Galego, UPG. A Organización Obreira foi precedente do Sindicato Obreiro Galego, de filiación nacionalista, como a UPG, e moitos dos participantes naqueles sucesos –moitos deles militantes de CCOO– posteriormente remataron engrosando as filas dos sindicatos nacionalistas que maduraron nos anos posteriores. ♦

A folga de setembro de 1972

MANUEL MERA

Cúmprese agora o 30 aniversario da folga xeral de Vigo, un paro que foi de gran importancia para o movemento obreiro galego e, moí especialmente, para o nacionalismo. Este conflito marca un antes e un despois na historia social da cidade, que dende estes feitos pasaría a ser vangarda da loita sindical en Galiza, desprazando definitivamente ao eixo Coruña-Ferrol, cidades que tiveron un protagonismo evidente dende as primeiras loitas laborais, aló a meados do século XIX.

A folga xeral de Vigo non só abrangueu a un número de traballadores e traballadoras importante, máis de 20.000, e de empresas significativas, ata 27, senón que ademais durou máis de dúas semanas, polo que a tensión social e a politización que orixinou atinxiu a todos os sectores sociais. Non sería casual que se fixese na maior cidade do sul de Galiza un paro desta magnitude, Vigo xa era daquela o gran centro industrial da nación e contaba cun forte movemento sindical clandestino organizado. Ademais, meses antes houbera paros de solidariedade contra a represión na Bazan, e os traballadores resolveran con éxito os conflitos en Barreras e Talleres Kober no mes de maio.

O que prendeu lume á folga foi o despedido e a apertura de expedientes a varios operarios en Citroën. Para alén de que fose ou non oportuno o paro na maior empresa de Vigo, o certo é que unha vez encetado, todas as forzas sindicais e políticas de esquerda e nacionalistas puxeron todos os esforzos para acadar a readmisión.

Aínda que o resultado inmediato da folga xeral foi o despedido de máis de 300 traballadores, as detencións e malleiras, así como un importante número de militantes fuxidos para evitar caer nas gadoúpas da policía, a medio prazo o saldo sería moito máis positivo. Concretamente:

■ O conflito xerou unha maior conciencia de clase nunha gran parte dos obreiros da cidade, que aínda continúa e se reflicte na capacidade mobilizadora e organizativa tanto do sindicalismo como doutras organizacións sociais.

■ Abriu unha fenda no control que exercía Comisiones Obreiras sobre o movemento obreiro, permitindo que xermolara con rapidez o sindicalismo nacionalista. Non sería casualidade que fose nesta cidade onde primeiro se consolidou o Sindicato Obreiro Galego (SOG) e a ING, e aínda hoxe o nacionalismo teña a porcentaxe máis elevada de representación sindical no país.

‘Aquele folga aportoulle, como ningún outro acontecemento, base obreira e popular ao nacionalismo galego’

Para abrir camiño ao SOG valeu de moito a ruptura nas mocidades do PCE, a principios daquel ano, aínda que se viña xestando dende antes, e o nacemento de Organización Obreira (OO) como unha alternativa organizativa a CC.OO. Aínda que OO xurdía con diversidade de posturas internas, cebaríase nela a represión e desaparecería a curto prazo, pero tivo tempo para debilitar a hegemonía de CC.OO. Era a primeira vez que se cuestionaba a fondo, dende dentro, e

naquel intre esta postura crítica recollía o sentir de moitos traballadores, sobretudo os máis combativos.

A ruptura no PCE e CCOO xurdira porque a maioría da mocidade da organización opúñase ao “Pacto pola Liberdade”. Entendía que ataba o movemento obreiro á burguesía e, en troques, propuña unha liña máis combativa e achegada á realidade nacional de Galiza. Tamén porque militantes do nacionalismo, obreiros e entregados, como Moncho Reboiras achegáronse a estas correntes e fixeron un traballo práctico e ideolóxico importante. Organización Obreira, ademais, fornecería de cadros sindicais no futuro ao SOG.

En resumo, para a clase obreira galega hai un antes e un despois da folga xeral de Vigo de setembro de 1972. Un paro que, aínda que non tivo as repercusións dramáticas dos acontecementos do 10 de marzo en Ferrol, deu base e pulos e aportoulle base obreira e popular, como ningún outro acontecemento, ao nacionalismo galego. Son feitos que non podemos esquecer. ♦

MANUEL MERA é Secretario Confederal de Formación Sindical e Migración da CIG

CiU, PNV e BNG califican ao PSOE de 'cómplice activo' da involución política

O PSOE como "cómplice activo" de involución política que se está a dar no Estado. Esta sería a principal novidade que os membros da Declaración de Barcelona introducen no primeiro comunicado dado a a coñecer logo de máis dun ano de silencio, cando non de controversias. Agora afirman que os problemas están superados e apostan polo súa reactivación. Antes de fin de ano realizarán unha importante declaración conxunta.

"Retomar o diálogo político nos termos expresados na carta fundacional da Declaración de Barcelona", esta foi a principal decisión da reunión celebrada polo BNG, CiU e PNV esta semana en Catalunya. E para fomentar o diálogo, nada mellor que comezar por eles mesmos. Antes de fin de ano, celebrarán un cumio oficial no que lle van plantar cara conxuntamente tanto ao PP como ao PSOE.

Consideran que é imprescindible "unha resposta común ante o proceso de involución política e económica, provocada polo PP, co presidente do Goberno do Estado á cabeza, e contando coa complicidade activa do PSOE". Esta referencia expresa aos socialistas é o máis novidoso des-

tes acordos, podendo ter incidencia mesmo na política galega ao situalos na vez de aliados como contrincantes nun ámbito no que Touriño tenta desmarcarse do PP.

No comunicado conxunto, redactado ao rematar a reunión de 10 de setembro en Barcelona, BNG, CiU e PNV denuncian que este proceso de involución "vulnera os principios constitucionais" afectando "aos nosos dereitos democráticos e nacionais". Ademais, afirman, supón "un risco para o pleno exercicio das nosas liberdades individuais e colectivas".

Denuncian tamén a demonización por parte do goberno do Estado do nacionalismo democrático e de toda discrepancia coas súas teses. Afirman tamén que se está a usar o "terrorismo



Carlos Aymerich, do BNG, asistiu á manifestación de ERC no 11 de setembro. JOSEP VALL / ERC

como pantalla para ocultar os problemas que afectan á cidadanía", reclamando o respecto para os "lexítimos dereitos e aspiracións dos nosos povos".

Unha nova etapa

Semella pois que a Declaración de Barcelona comeza unha nova etapa despois de que CiU dese un xiro e, ante a proximidade das eleccións catalanas, tente marcar distancias co PP. Camilo Nogueira, o representante do BNG

na reunión de Barcelona xunto con Anxo Quintana, afirma que vai ser reactivada. "Salvados os primeiros atrancos sobre o carácter da Declaración non pode estar suxeita aos intereses de calquera dos membros, foi fácil a toma de posicións comúns sobre o que consideramos involución política", declarou a *A Nosa Terra*.

Nogueira considera que existen entre os firmantes "puntos de acordo de suficiente calado político para tomar un compromiso

conxunto e unha toma de posición colectiva, tanto no aspecto estatal como no europeo". Constataron na reunión, segundo Nogueira, que a posición que manteña na Declaración de Barcelona "pode ser entendida e compartida por unha ampla maioría dos povos do Estado español".

¿Foi o que califican de "situación crítica do recorte das liberdades individuais e políticas" o que levou aos asinantes da Declaración de Barcelona a comezar unha nova etapa de reactivación? Sexa como for, estes acordos van esta suxeitos tanto á dinámica política do Estado como á propia de cada nación e, por suposto, á de cada un dos membros.

No BNG afirman estar contentos porque na declaración formal que van realizar antes de fin de ano recolleranse posturas que os nacionalistas galegos ven defendendo desde hai tempo. Nogueira considera que se voltan a dar as circunstancias axeitadas para que a Declaración de Barcelona teña un papel activo tanto na política do estado como na europea. ♦

Barcelona

O espírito de 1977, 25 anos despois

A. MARQUÉS

A celebración da Diada Nacional permitiu volver ver o contraste entre o Pujol combativo cara adentro e acomodaticio cara fóra.

pero o goberno central dá por pechado o copo de traspasos. A pesar desta conxuntura política en medio da que celebramos o vixésimo quinto aniversario daquela reivindicación nacionalista, os ánimos cos que o afrontamos son hoxe moi diferentes. Os 25 anos transcorridos dende entón asentaron o conformismo da sociedade catalana. Esta pecha de sentirse cómoda cos éxitos acadados e séntese segura autocomprándose dos continuos paos que chegan dende Madrid

ron o conformismo da sociedade catalana. Esta pecha de sentirse cómoda cos éxitos acadados e séntese segura autocomprándose dos continuos paos que chegan dende Madrid

Do ánimo da sociedade catalana tratou parte do discurso oficial que fai o Presidente da Ge-

neralitat, Jordi Pujol, por estas datas. Chama a recuperar o patriotismo de antano e o carácter combativo que definiu unha época. Ese é o president que os nacionalistas cataláns, moderados ou non, queren oír. Acontece, e en parte por iso a división dos nacionalistas en Cataluña, que ese Pujol só o oímos os cataláns, cando fala para Cataluña. Despois desaparece e móstrase como un nacionalismo amoucado ante un goberno prepotente que desdena o feito de sentirse dunha ou doutra zona que non sexa a España que este concibe. Esa actitude, que aos ollos dos nacionalistas cataláns preséntase descafeinada polo simple feito do contraste, frustra moitos espíritos combativos dos que Pujol reclama en catalán. ♦

A Diada Nacional de Cataluña adquiriu este ano un cariz diferente. Se cada ano se recorda a derrota de 1714 a man de Felipe V e se converte no escenario no que saen á palestra as reivindicacións do inicio de curso político, este ano súmaselle a nostalgia. É polo recordo dalgo moito máis achegado. Cumprense 25 anos dende que o vento levou aqueles berros de *Llibertat, Amnistia i Estatut d'Autonomia*. Foi a manifestación pública de reclamo de liberdades máis masiva que houbo en Cataluña. O 11 de setembro de 1977 case un millón de persoas manifestouse polo centro de Barcelona ao ritmo deste son conxugado co ondear da *senyeres*. As imaxes daquel día explícanos por si soas o que se vivía naqueles momentos de transición

Madrid

Retorno

MANUEL LOMBAO

No medio da barafunda da ilegalización de Batasuna bó é lembrar que existe a palabra diálogo. Dita nestes tempos que nos feriu a morte de Juan José González Encinar e Luis Carandell.

lo tema da comunicación e a súa presenza física en toda canta manifestación, simposio, reunión informal que convocáramos, foron un exemplo e un pulo para todos nós. Unha perda moi difícil de repoiar. A outra ausencia que me fire fondamente é a de Luis Carandell, compañeiro durante anos nos traballos parlamentarios de TVE e mestre de todos os que nos dedicamos a

artellar crónicas parlamentarias. Un dos grandes luxos que me aportou esta profesión foi traballar ao seu carón e aprender da súa humanidade e cultura. Todas as louzas que se len estas semanas son máis que merecidas. O anecdótico que gardo non cabería nesta pequena crónica. É curioso que o Senado -con maioría PP- teña o bon gusto de instituír un premio co seu nome

aos poucos días de desaparecer, cousa que aplaudo, pero hai que dicir que mellor fora contar coa súa inmensa sabiduría periodística na televisión pública, ao longo destes anos como noutros tempos, pero de seguro que "ata aí podíamos chegar". E polo de máis aquí estamos a presenciar esta delirante carreira contra o reloxo a ver quen chega diante na ilegalización de Batasuna.

Sempre que retornamos dunhas longas vacacións ollamos o panorama que se nos ofrece ata recoñecer de novo as persoas e os lugares. E teño que dicir que, desta volta, atópome con dous vacíos que me enchen de tristura. Un profesor galego, de Monforte, amigo e mestre, Juan González Encinar, que finou hai unhas semanas. Loitador a prol dunhas televisións públicas verdadeiramente democráticas e independentes, facía gala, neste asunto, dunha radicalidade exemplar lonxe desas medias tintas e ese interese por compoñer e disculpar as situacións presentes "porque ten que ser así". Ben o sabemos os membros das distintas plataformas de traballadores nos entes públicos de Madrid, Galicia e Cataluña, entre outros. O seu docto consello como experto constitucionalista, apaixonado po-

Afganistán foi a penas lembrado nos actos de aniversario Bush disposto a ir á guerra con ou sen apoio da ONU

X.C.
O discurso de Bush do 12 de setembro na Asamblea Xeral da ONU é esperado con atención. O ultimato que vai lanzar a Iraq semella un mero trámite, toda vez que o vicepresidente Richard Cheney xa avisou que o labor dos inspectores non é útil "porque temos a convicción de que son enganados por Saddam Hussein".

A carreira contra o reloxo do goberno norteamericano está xa no sprint final. A esta altura, cumprido o aniversario do atentado contra as Torres Xemelgas, só falta saber cando se inicia o ataque. Cum Tony Blair que rompe de antemán a posibilidade dunha posición única europea, Bush xa anunciou que non hai alternativas á guerra, apesar de todas as advertencias de que un ataque sen mandato da ONU non só pode romper a coalición forxada despois do 11-S, senón que o mundo árabe pode incendiarse sen control, como asegura o presidente exipcio Mubarak.

Pero a prudencia non parece que guíe a acción norteamericana, aínda que a pantasma de Ben Laden segue solta polo mundo e Afganistán languidece abandonado dos focos de atención dos medios de comunicación, que só hai un ano deixaron caer naquel país medieval toda a súa maquinaria. Desta volta solapáronse de tal xeito as cousas que parecera que o culpábel dos atentados do 11-S foi o Iraq, acusación que ningún fixo en ningún momento.

Como adianto do que pode ser a guerra nos próximos meses, británicos e norteamericanos lanzaron un ataque con cen avións, que apenas saíu como información rutinaria, o mesmo que os avisos de que tanto as bases americanas como as prestadas por Israel, están sendo fornecidas de inxentes can-



A explosión no Pentagono e os bombardeos no Afganistán a penas tiveron presenza no aniversario do 11S.



tidades de material bélico.

Blair xa fixo un anuncio público de que "os ingleses temos que pagar a nosa cota de sangue", o que levantou as iras

da esquerda dos laboristas e máis dos sindicatos, que non queren decisións que non pasen pola ONU e o parlamento inglés, ao que Blair non está di-

posto a convocar para debater a participación británica.

Mentres isto sucede Schroeder xa dixo que Alemaña non irá á guerra e Chirac aumenta as cautelas de Francia a unha intervención da que se mostra convencido que non vai solucionar. O propio ex ministro de Asuntos Exteriores israelí, Shlomo Ben Ami, asegura que "Bush é un home sen visión do mundo. Un ataque a Iraq sería moi negativo. En 1991 había un *casus belli*, a invasión de Kuwait; hoxe non o hai, non está demostrado que Saddam teña armas nucleares, e as masas árbaes non se sabe como poden reaccionar. E tampouco estou seguro de que Israel non interveña como na guerra anterior, o que nos pode levar a unha gravísima escalada rexional".♦

Nos locais da Irmandade Galega

Insultan á ministra galega de Venezuela

A.N.T.
A galega María Cristina Iglesias, ministra de Traballo da República de Venezuela, foi vítima de insultos e vexacións ao remate dunha celebración privada na Irmandade Galega de Caracas. Os incidentes tiveron lugar o 20 de Xullo e a directiva da institución aínda non tomou medidas.

Como moitas familias galegas emigradas en Venezuela, María Cristina Iglesias solicitou á directiva de Irmandade Galega a cesión dun salón para celebrar a festa de graduación do bacharelato da súa filla de 16 anos. Ao remate do acto, cando pasaba polo restaurante da Irmandade ocorreu un incidente que é habitual nos restaurantes de luxo de Ca-

racas cando acude a xantar algún membro do goberno.

O incidente en si consistiu no que chaman unha "cacerolada", ao petar repetidamente cos cubertos nos pratos para escarnio da persoa á que se pretende ofender, só que nesta ocasión, ademais, a acción aldraxante prolongouse e derivou nun acto humillante con agresións verbais á ministra.

Segundo se pudo saber, os autores eran integrantes dun grupúsculo fascista membros como María Cristina Iglesias da Irmandade Galega. O presidente da institución, Manuel Diéguez, enviou unha carta privada á ministra manifestándolle o seu apoio e comprometéndose a tomar medidas.

Tanto o Foro Solidario Galego como o BNG de Venezuela, que se reuniron posteriormente coa ministra, condenaron os incidentes e lembraron que se trata de "actos moi graves non só polos intolerábeis insultos, senón tamén porque foi acosada unha familia socia da Irmandade e a institución saíu moi mal parada". Aínda así, representantes das dúas organizacións celebraron que "algúns sectores da oposición están a reaxir e comezan a poñer couto a uns brotes fascistas que están alimentados por algúns medios de comunicación".

Por outra banda, a CIG xestiona unha visita da ministra á Galiza da que aínda se descoñece a data.♦



Mª Cristina Iglesias, ministra de Traballo da República de Venezuela.

A paz de Solana

G. LUCA DE TENA

A pacificación de Palestina é cousa de días se por fin a Intifada renuncia ás bombas humanas e ao lanzamento de pedras e asume as formalidades do diálogo convivencial. Esta última aportación para o interminábel proceso de paz é orixinal de Javier Solana.

O que propón o responsable da política exterior europea e ex-secretario xeral de OTAN, é como querer pescar en alta mar polo procedemento de achicar a auga salgada para apañar os rodalballos en seco. O seu sistema xa fora aplicado en Cosovo mediante a anulación física dunha das partes do conflito. A fórmula representa á perfección a teoría das relacións internacionais da posmodernidade que considera inviábel toda posición que comprometa realmente o libre funcionamento do capital.

No caso de Iugoslavia, Vaclav Havel argumentou nun memorábel artigo que se trataba de defender os dereitos humanos que procedían dunha lei superior, unha forma coma outra calquer de regresar á orixe divina do poder. No de Palestina a alusión aos dereitos humanos de natureza sobrenatural é algo máis retorta. ¿Acaso podíamos pedirlle con seriedade o desarme aos cativos que tiran pedras aos tanques norteamericanos de última xeración ou ás mulleres e homes desesperados que fabrican explosivos con fertilizantes para se inmolar en sobre a terra ocupada?

Solana ve en Palestina forzas inapelábeis pero non as identifica co dereito sobrenatural dos perdedores senón coa paz que interesa aos EE UU. Aquí o real racional é que os palestinos renuncien a Oslo (unha proposta respaldada pola UE, vaia), á terra, á identidade, á historia e a liberdade e acepten a reclusión en bastantestanes coma os que organizara o estado racista de Pretoria. Esa era a posición do socialista Ehud Barak que apoiaran sen reservas PP e PSOE. Así, a mesma Europa que provocou a desgracia de Palestina en 1948, coa decisión de varar un portavións á beira de Suez e dos campos de petróleo, a costa da vida e a facenda dos que alí habitaban sempre, acude agora como médico para diagnosticar que o mal é para sempre.

Se interpretamos ben, o que deben facer os palestinos é rendirse. Solana leva a política a un novo planeta no que non hai síntese de posicións encontradas. Aquí non se defende o compromiso senón a desaparición dunha das partes. Nisto consiste a ousada receta do xefe da política exterior da UE e polo visto temos que darlle as grazas porque avisa que se aínda existe a Autoridade Palestina é mercé aos seus desvelos.♦



Dúas imaxes da delegación portuguesa de Quercus en Johannesburgo. Á dereita, forzas policiais no Cumio.

Representante de Quercus na Cimeira de Johannesburgo

Susana Fonseca

‘Os gobernos non deciden nada se a sociedade non se mobiliza’

RUBÉN VALVERDE
 A cimeira de Johannesburgo representou para algúns unha oportunidade perdida, para outros un punto de partida, segundo Susana Fonseca, presente no encontro. O seguro é que o Cumio da Terra non pasou inadvertido. Hoxe é actualidade un tema que hai trinta anos resultaba tabú a nivel mundial: o desenvolvemento sustentábel, é dicir o crecemento que non provoca danos irreversíbeis na natureza.

A representación galega no cumio estivo personalizada no eurodeputado do BNG Camilo Nogueira. Pero tamén estiveron presentes representantes de ONG próximas, como Susana Fonseca, membro da portuguesa Quercus, que mantén estreitos vínculos de colaboración coa Federación Ecoloxista Galega e coa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega). Susana Fonseca pensa que o resultado foi dobre: por un lado a nivel institucional non se afondou o suficiente, mentres que si se acadou repercusión ante a opinión pública internacional.

¿Como valora a cimeira?
 Foi un momento moi importante porque permitiu facer balan-

ce do que se conseguiu nos últimos dez anos dende a Cimeira de Río. Volveu traer o desenvolvemento sustentábel á orde do día. Significou tamén unha boa oportunidade para contactar con outras ONG e coñecer novos proxectos e algunhas abordaxes innovadoras sobre o desenvolvemento sustentábel. En termos políticos os resultados foron decepcionantes. A declaración quedou pequena e o plano de implementación ten poucas metas concretas. O feito de que non se produciu ningún acordo sobre enerxías renovábeis, de non terse establecido ningunha mención clara ao principio de precaución, de non acadar acordos para acabar cos subsidios, de non ter

conseguído avances no sentido de subxugar as regras do comercio internacional aos principios do desenvolvemento sustentábel, e as dificultades observadas para chegar a algunha meta sobre o saneamento, mostran o nivel básico ou baixo das discusións.

¿Percibiu diferencias entre os líderes políticos da Unión Europea e os dos Estados Unidos?

A distinción é obvia. Os discursos europeos xa deixan translucir unha postura máis construtiva e máis dinámica ao respecto do desenvolvemento sustentábel. Principalmente o discurso de países como Alemaña é practicamente o oposto dos Estados Unidos, para quen as lóxicas do mercado e a desregulación imperan, cando menos no tocante a principios como o da precaución da seguridade alimentaria e outros. A diferenza tería sido aínda máis marcada de non ser polo calcañal de Aquiles da UE, os subsidios.

¿Cales pensa que serán as

consecuencias prácticas dos acordos logrados?

Nos casos en que foi posíbel chegar a acordos sobre metas específicas, especialmente aquelas que teñen que ver cos Obxectivos do Milenio, o problema é que de non ser cumpridos non se sabe a quen se vai reclamar. Existe polo menos algunha responsabilidade de tipo moral por parte dos Gobernos para garantir que os acordos sexan respectados. En canto as restantes áreas, a sociedade civil terá que mobilizarse para lograr concretar accións e facer presión sobre os Gobernos.

¿Que diferencias ve con respecto a Cimeira de Río de Janeiro?

En Río houbo máis entusiasmo, máis expectativas en relación o que sería posíbel acadar. Foi case o inicio dun soño, finalmente atopárase o camiño para un novo modelo de desenvolvemento que respectase e conxugase o ambiente, os aspectos so-

ciais e económicos. En Johannesburgo fíxose o balance, non demasiado positivo, e os acordos conseguidos pareden bastante máis cativos de cara a lograr un desenvolvemento sustentábel. A aprendizaxe que os dez anos dende Río nos podería ter proporcionado, foi desperdiciada.

¿É posíbel un desenvolvemento sustentábel despois do visto na Cimeira?

Tal vez teñamos que comezar a encaralo dunha nova forma. A idea de que o desenvolvemento sustentábel ten unha base local moi forte paréceme que saíu reforzada deste cumio. Isto é, unha vez que se observou que os compromisos políticos son pequenos e insuficientes, a sociedade civil debe comezar a mobilizarse. Tal vez un desenvolvemento que ven da base da sociedade en lugar de depender de acordos e negociacións internacionais é moito máis interesante. Con todo non se pode ignorar a importancia que eses acordos internacionais teñen e van continuar a ter en canto que soporte e forma de presión a nivel local.

¿Que propostas non se abordaron na Cimeira?

Tal vez a máis importante foi a de subxugar as regras da Organización Mundial do Comercio aos principios do desenvolvemento sustentábel. ♦

Aquí fóra

Un ano e un día

XULIO RÍOS

Sadam Hussein semella condenado irremediabilmente. Xuíz e parte, un ano e un día despois do 11S, George W. Bush anunciará na ONU a súa disposición para librar ao mundo, aínda que o mundo non queira, do sátrapa de Bagdad. Non importan os reparos dalgunhas potencias europeas, as reticencias dalgun países árabes, as denuncias dalgun ex inspector de Nacións Unidas... Colin Powell, o “blando” do gabinete declaraba a Fox News que nada importaba a reacción que poida suscitar o discurso de Bush ante a Asemblea Xeral da ONU esta semana pois “o presidente conservará toda a súa autoridade e opcións para actuar na forma que considere máis axeitada para nós, mesmo actuando unilateralmente para defendernos”. Como na campaña de Afganistán, Tony Blair confirmou a total dispoñibilidade para facer de embaixador da causa a tempo enteiro.

Nun encontro en Xordania, o ministro de información de Iraq, Mohammad Said-Al-Sahhaf, reafirmaba a disposición do seu país para cumprir as resolucións da ONU e resolver os asuntos pendentes a través do diálogo. En Anman existe unha gran preocupación pola posíbel campaña militar contra Iraq, actualmente o único proveedor de petróleo do reino, a quen proporciona preto de cinco millóns de toneladas de crú cada ano, a metade gratuitamente e o resto a prezos preferenciais. Pero non soamente están en xogo os intereses económicos de sempre senón tamén as velas ansias irreflexibles de dominio. Un golpe contra Iraq

baixo o pretexto do combate contra o terrorismo permitirá afondar nas accións deste tipo que promove Estados Unidos, erradicar a posíbel ameaza que entraña a posesión de armas de destrución masiva en mans de países contrarios a Estados Unidos e reordenar o Medio Oriente á medida dos intereses propios e de Israel.

A idea de impulsar unha guerra “preventiva” contra Iraq para acabar con Sadam Hussein e as súas armas de destrución masiva, conta aínda con certo apoio da opinión pública americana, pero con tendencia claramente á baixa se esta se desenvolve sen o apoio dos países aliados ou se implica perdas humanas importantes. O Pentágono, por outra banda, non semella en condicións de ofrecer probas verídicas das relacións existentes entre Bagdad e Al-Qaeda ou sobre un hipotético programa nu-

clear, acusacións ambas as dúas esgrimidas polo secretario de Defensa, Donald Rumsfeld, para xustificar a necesidade de protexer “aos nosos fillos”. Mentres,

Brent Scowcroft, xeneral retirado e conselleiro de seguridade nacional de Bush pai, publicaba no *Wall Street Journal* un eloquente chamamento contra o inicio dunha nova guerra contra Iraq, unindo a súa voz de varios senadores republicanos que reclaman prudencia e outras que non dúbidan en calificar de “ilexítima” toda acción de ataque preventivo.

Dende que o pasado 8 de xullo anunciou que recorrerá a todos os medios posíbeis para acabar con Sadam, todo se lle foi facendo costa arriba a Bush. Nin en Europa nin en Oriente Medio atopa o apoio necesario. Se palestinos e israelís non son quen de reanudar o proceso de paz, ningún

país árabe apoiará abertamente un ataque militar contra Iraq. Soamente Blair e Sharon pechan filas arredor da ofensiva. China rexeita abertamente toda deriva belicista e Rusia expresa a súa desaprobación asinando un acordo económico multimillonario e a varios anos coas autoridades de Bagdad. Pero no Pentágono son conscientes de que a campaña anti-terrorista é a mellor oportunidade para derrocar a un réxime clara e indobregabelmente hostil a Washington e principal desafío á política norteamericana en Medio Oriente.

Se non está claro o inicio das hostilidades a grande escala contra o líder iraquí, máis obscuras e fondas son as incertidumes sobre o inmediato futuro post-Sadam: ¿quen será o sucesor? ¿Qué forza política poderá substituír ao Baath? ¿Qué iraquíes estarían dispostos a desempeñar o papel de “Alianza do Norte” para reducir á mínima expresión as baixas terrestres americanas? Barzani, líder da principal forza curda, ausente nos encontros de Washington a diferenza de Talabani, da Unión Patriótica, xa anunciou que “non correrán ningún risco se non podemos asegurar o resultado de cada paso”. Barzani aínda lembra o levantamento armado de 1991 que Sadam reprimiu cruelmente mentres os paladíns dos dereitos humanos miraban para outro lado. ♦

A Vuelta Ciclista fuxe de Euskadi, Catalunya e Galiza Un percorrido pola España feliz

PUCHEIRO

A Vuelta Ciclista a España cada ano fai máis honor ao seu nome. Fuxe de Euskadi, Catalunya e Galiza lugares sempre visitados con anterioridade e de gran tradición ciclista. Fuxen dos problemas reivindicativos e apóianse nos lugares turísticos.

A *Vuelta Ciclista* parece cada ano máis a un *tur* turístico. Sempre comeza o seu paseo, intrascendente, polo Levante español, polas praias de Madrid como as denominan en Catalunya. Pero é territorio amigo esta costa que debería levar o símbolo do Oso e o *Madroño* (hérbedo en galego). É a "España feliz", como a denominou o enviado especial do prestixioso rotativo italiano *Gazzetta dello Sport*.

E de praia en praia mostrando a area, mar e hoteles. Día a día sprintando porque lles toca sen que Oscar Freire dese gañado unha etapa. O *bello* e vello *Chippoline* impón a súa lei. Os equipos españois que mandan a un corredor descoñecido para que chupe cámara en solitario o maior tempo posible.

Todo está medido e controlado. Un destes equipos leva o nome de *Costa de Almería*. O *Kelme* tamén ten de segundo patrocinador a *Costa Blanca*. As deputacións levantinas están a investir o diñeiro na promoción do turismo nos equipos ciclistas. Sen este diñeiro moitos corredores estarían no paro e as voltas serían case imposíbeis. Tamén o concello de Fuenlabrada, case descoñecido mála a súa política social admirábel en moitos apartados, deu o salto á fama através dun equipo ciclista.

Nesta época de crise, cando a dopaxe retrae a moitos posibles apoios do ciclismo porque consideran que se pode ver danada a súa imaxe, é lóxico que sexa o turismo o que tome o relevo. Non ten nada que perder coa dopaxe. A maioría dos estranxeiros veñen buscando iso: area, alcol e outros alucines. (Un paquete turístico inglés en Menorca ofrece hotel, recorrido por catro rúas de bares, recollida e carrexo ao hotel se é

preciso e, aínda asistencia médica). Así as cousas, os Franco, orgaizadores da *Vuelta Ciclista* e doutros eventos, negocian con máis deputacións a entrada no patrocinio dos equipos ciclistas.

É a carreira vai da *Costa Blanca* á *Costa de Almería*. Desta a *Granada*. "Sol e neve ten *Granada*: neve en *Serra Nevada* e *Sol* na *Costa do Sol*", dicía a cantiga que *Fraga Iribarne*, sendo ministro de Información e Turismo, pagou para vender esta zona.

Daquela, cada centro turístico tiña a súa cantiga e o seu festival de música. Desde o *Puerto até Mallorca*, ao *Home do Tempo* canario ou o *Para Vigo me voy*. O turismo ten agora outros xeitos millores de venda. A televisión méteche polos ollos os lugares en postais que ollamos todos.

Pero a carreira precisa emoción. Despois de pasar por *Fuenlabrada*, que por algo apoia ao ciclismo, ten que procurar as montañas do *Cantábrico* e subir ao *Angliru* porque o turista quer todo controlado, pero o ciclismo sen épica é algo morto que serve para dar unas topeadas nos sofás.

Volta para baixo que *Salamanca* é capital cultural este ano. *Ávila* tamén está sinalada co dedo incorrupto de *Santa Teresa*.

Da *Costa de Madrid*, ás costas de *Madrid* en *Navacerrada* que para iso viven por aquí as clases potentadas da nación. *Franco* axexa desde o *Val dos Caidos* e *Aznar* se non pode ser enterrado no *Escorial*, casou alí a filla para deixar constancia de que quen manda, manda.

Nada de provincias díscolas ou rebeldes. A *Vuelta*, *Vuelta* e a *España*, *España*. (A moza que anunciaba o *brandy Soberano*, a rubia dos bicos na meta, acabou

casando con *Bahamontes*).

E para rematar esta patrioteira e españolísima volta, a apoteose final no *Bernabeu* para gloria do *Real Madrid Centenario*. Para que todo cadrase, debería gañar *Oscar Sevilla*, que é español e dun equipo turístico. *Roberto Heras* tamén pode valer aínda que esteña nun equipo americano. *Casero* foi moi díscolo coas súas declaracións o ano pasado.

¿E se gañan *Beloki* ou *González de Galdeano*? Son bascos. *Secadra* danos como vencedores extranxeiros. ¡Que mágoa para o *PP* que a *Jiménez* o collese un mal aire serrano na cabeza! El representa coma ninguén o espírito español. Ademais, o gañador vai ir vestido de ouro e non de branco. ♦



Cipollini, a pesar dos seus 34 anos, leva gañadas dúas etapas ao sprint.

Vaia canteira

MANUEL PAMPÍN

Lendoiro, ao que valoro e critico case por partes iguais, díxoo hai anos, e o tempo

estalle a dar a razón, mal que me pese a min e aos que tratamos de defender un sentimento galeguista mesmo no ámbito deportivo: "Prefiro pagar cincocentos millóns (cando aínda se podía mercar algo con eles) por un xogador estranxeiro que investir os mesmos cartos en cuidar, preparar e facer futbolistas da canteira".

Baseaba o seu argumento mercantilista en que a xente, os afeccionados, non teñen entre as súas virtudes a paciencia, e mentres unha fichaxe foranea pode encher o campo nada máis chegar, os da casa aínda teñen que mostrar moitas cousas, e iso leva demasiado tempo.

O malo non é que pense así Lendoiro; o peor é que isa é a mentalidade existente no fútbol galego de elite. É unha vergoña que entre *Celta* e *Deportivo* sumen nos seus planteis menos xogadores galegos que os dedos dunha man: só tres. Estase perdendo a identidade, a maxia e a ilusión de ver a alguén que é coma nós, dunha aldea, dunha vila ou dunha cidade galegas, facéndonos vibrar co seu xogo.

Coma en case todas as cousas, é unha cuestión de vontade, e cando os que deciden non a te-

ñen, pois toca "jo... robarse" como diría *Arsenio*.

Eu teño bastante de nostálgico (no fútbol, que quede claro) e añoro cando nos anos 60 estaban en 1ª *Celta*, *Deportivo* e *Pontevedra*, e unha gran parte de futbolistas eran galegos; e con numerosas anécdotas e curiosidades: por exemplo, *Cholo* conducía autobuses en *Pontevedra*; *Manolo* andaba pola xeladería da familia en *Vigo*, e *Loureda* tiña unha perruquería na *Coruña*.

Outra agravante na actualidade: pola división de honra española só hai dez ou doce futbolistas galegos espallados, cifra ridícula se a comparamos cos bascos, cataláns, madrileños, ou mesmo asturianos, que nos superan amplamente.

Era visto que coa libre circulación de traballadores na *Unión Europea*, coa lei *Bosman* e a súa lóxica repercusión no mundo do deporte profesional, a canteira ía sufrir as consecuencias, mais como diría o outro: "¡pero home... tanto, tanto... xa é demasiado!".

"Canteira" é o lugar onde se extrae pedra. Pois pedíndolle prestada a magnífica frase a *Don Celso Emilio*, para o fútbol galego, mentres non cambien os esquemas mentais dos que o dirixen, a "longa noite de pedra" non fixo máis ca empezar. ♦


NOVIDADES



As Lavandeiras
Lendas e imaxes das donas do río
Mari Vega Cerqueiro
HISTORIAS GRÁFICAS



Mariví Villaverde
Tres tempos e a esperanza
Mariví Villaverde
MULLERES



Animaliños volverá a Compostela

Unha semana despois da morte do seu autor a obra *Animaliños* regresará a Santiago de Compostela e será representada no Teatro Principal os días 18 e 19 de Setembro. Teatro do Aquí estaba de xira con esta sátira, a representación será a mellor homenaxe por parte da compañía que fundou e da que era o piar básico. O 1 de decembro a obra estará en Vigo. ♦



Cultura e compromiso


A distinta procedencia dos comunicados de pésame dan idea da súa vida de compromiso político e cultural. O Consello da Cultura, O CDG, A Mesa pola Normalización Lingüística, A Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena, o BNG, Primeira Linha e Nós-UP foron algunhas das entidades que mostraron o seu recoñecemento á figura dese home grande que loitaba polo teatro pero que puña tamén o seu nome ás causas nas que cría e coas que se implicaba. ♦



Vidal Bolaño forma parte do grupo de intelectuais que se manifestou contra a globalización, a principios de ano, en Compostela.

O teatro profesional naceu con el

En marzo do 2003 conmemorábase o 25 aniversario do nacemento do teatro profesional. A representación da obra *Laudamuco Señor Ningures* de Vidal Bolaño por Teatro do Antroido é, xunto con *O velorio* de F. Taxes, quen marca a data. Vidal estaba a revisar o texto para a conmemoración que porá en escena estas dúas obras dentro do programa do CDG *Daquel Abrente*, vencellandoa á celebración do 30 aniversario da *Mostra de Ribadavia*, evento do que foi grande animador. ♦



Nº 1.047
ALVOSA
TEATRO
Do 12 ao 18
de setembro de 2002
Año XXV

CALROS SILVAR

Poucos días antes levara *Animaliños* a Cee, entregaba unha obra en Narón e subía á escena con *Os papalagui*. Ninguén diría que o autor, director, actor e todo o que se podía dicir no mundo do teatro estaba ferido gravemente por un cancro que o pasado

mércres ás cinco da madrugada lle ía producir a morte. O velorio ía ser no teatro. O Salón Teatro de Compostela despedía a unha das figuras cimeiras da nosa cultura e a escena galega gardaba loito por un xenio da arte dramática e un dos que máis loitou pola súa dignificación. ♦

O autor compostelán representa na realidade unha profesionalización do teatro antes da letra, polo sistema de sentar praza de autor e director de comedias en desafío a censuras e lugares comúns. Valente Roberto que finchou o papo con outros compañeiros e declarou profesional de teatro antes que á xerarquía do poder e aos oráculos da cultura lles pasase sequera pola cabeza que puidese haber un oficio de cómico en galego como non fose para prohibido decontado ou levalo a comisaría.

Dende a actual existencia subnormal do teatro hai que falar da experiencia moza do escritor, actor e director que era, a un tempo, home con mans de ouro para facer máscaras, carpintear decorados e aderezos, inventar diablas con latas de conservas e de paso ser instalador, porteador e conductor de furgallas de derribo ao mencer. Disfrazado de Villon lanzal e barbado, agresivo e descaradísimo cos encargados de autorizar, coma o seu tarelo, o rapaz que leria contra o xigante Cachamón, Vidal libraba a un tempo dúas batallas, comúns a toda a xeración do teatro independente que se manifesta mediada a década dos setenta, a saber: a xa citada dos vieiros choídos para representar na lingua propia, nunha liña didáctica e claramente nacionalista; e da ruptura formal co esquematismo costumista do Teatro das Irmandades e dos agraristas. Os teatros deste tempo contaban cos precedentes dos Vilar Ponte, Risco, Dieste, Castelao e, sobre todo, Otero que abrían portas á modernidade dende posicións propias sen contar para nada coa comedia española dos anos vinte concebida para arrefecer aos burgueses do equilibrio xusto do seu mundo e tranquilizalo sobre a lexitimidade estética do melodrama.

Estes alicerces do arco que tiña que levantar o teatro dende o sainete ruralista á modernidade que representa Brecht, por exemplo, pérdense case, como secuencia do tempo censurado da Dictadura. Vidal Bolaño resume a trela supervivente dos independentes (Manoel Lourenzo, Eduardo Alonso, Luma Gómez, Dorotea Bárcena, Paco Taxes entre outros) por definir un novo espectador de teatro que non reusa a nova lingua dramática nen o debate nacionalista. Roberto foi quen máis se comprometeu neste oficio de autor e quen máis decididamente recadou auga para muíño do seu teatro do río da tradición popular viva. Por exemplo no antroido, na festa, nas ruadas, nos enterros, nas bodas. Vistas as facilidades da Dictadura para os xuicios sumarísimos Vidal escolleu un teatro para rapaces que chiscaba o ollo aos nenos grandes. Contra quen quixo clasificalo coma teatro de parvulario, lanzara discursos memorabeis aquelas noites na casa do Chucho en Ribadavia) O seu *Laudamuco* deixa ver no fondo o *Ubu Roi* (Manuel Maria ensaiou tamén o esperimento do dictador co seu *Bululú*) pero o texto de Vidal Bolaño desprende



Valente Roberto, inventor do teatro de nós

GUSTAVO LUCA

Vidal Bolaño é o primeiro autor do teatro galego de posguerra, un dramaturgo integral que entregou parte maior da súa vida a instalar o teatro na sociedade coma unha relación normal e necesaria para a cultura do país. A súa importante obra, con moitos títulos sen publicar, postergada a respeito doutros xéneros, coma o resto da escrita do teatro galego, recórdanos que o seu esforzo normalizador está aínda por cumprir.

a risa particular desta illa, un rexistro de humor fondo, máis auto-lacerante que investivo pero crudelísimo cos clichés melodramáticos, mordente de gracia e liberador, como se formase unha lingua metralla dentro da mesma lingua secundarizada por decreto e a levantase de vez, sen apelación.

A esperanza estafada

Neste teatro de Roberto anterior a 1985 hai quen identifica algo de Jarry e do humor paradóxico do teatro alemán dos 60, pero tamén pode parecerse a Brecht, a Otero, a Cunqueiro e a Ferrín. O que para Brecht foi o tempo de Weimar, o paso da fé á esperanza estafada, é para Vidal o comezo da Autonomía, a estrea

da súa primeira comedia dramática formalista, *Agasallo de Sombras*, 1984 e a censura conseguinte do nacente Goberno do PP por ter tratado a vida de Rosalía sen respecto a non sabemos aínda que cánon. Roberto defendeuse coa escrita e produciu por conta propia e uns medios tan recortados no material como brillantes a excelente *Caprice des Dieux* (1985), na que salfería cos ácidos da sátira a política de cultura do primeiro goberno autonómico e a expeditiva muda da revolución á nómina oficial por parte de algúns independentes de teatro. Unha actitude que lle valeu o exilio interno e que non lle había resolver o Goberno tripartito, dilixente no xesto de integrar no teatro institucional ao dramaturgo máis importante

do país, despectivamente censurado polo PP, pero incapaz de entender nin de aturar o seu lúdico orgullo de profesional do teatro e de escritor nacionalista. Neste segundo contacto coa Administración, pedíanlle a Roberto, un dos escritores galegos vivos máis importantes, que agradecese a mercede de ser convocado. Era de esperar que non pasase por tanto.

Esta ruptura non fixo senón consolidar a súa confianza nun teatro sen amarras, na seguridade de que o público galego estaba a esperar o arreguizo da ironía e da crítica para aprender a remontar o caciquismo aínda que a censura de feito levase a confundir a política cultural coa realidade. Roberto criticou con moita dureza tanto a traición da

política de estruturas básicas de teatro como a ficción dun novo público que non era en realidade máis que o reparto de entradas de balde nos institutos en tempo lectivo. Un amolecemento morboso da médula crítica que chegou a por o Centro Dramático aos pés dalgún voluntario da propaganda do Xacobeo, con prantos de preñadas e meigas chuchonas.

Apartando o teatro existencialista que tantos accidentes provocara na escena española, Vidal Bolaño empatou co pesimismo lúcido do novo teatro realista irlandés e inglés, por exemplo o de Howard Brenton, David Hare ou Edward Bon. Así naceu *Cochos* (1988), a comedia alegórica dun emigrante que quer manter os seus costumes nun mundo alío, se cadra os diálogos mellor escritos de toda a súa obra. Despois veñen *Saxo Tenor* (1991) o texto máis arriscadamente realista deste autor, unha obra na que axusta contas coas trampas e mentiras da reforma política da Dictadura, e *Días Sen Gloria* (1992) unha comedia pícara da pelerinaxe a Compostela que non deixa tópicos con cabeza sobre o Camiño.

A partir dos 90 editáronse algúns textos de Roberto Vidal Bolaño no que se pode entender como un recoñecemento demeridísimo do escritor dramático pero bótanse a faltar valoración do seu intenso traballo como actor e director. O seu caso é comparable neste sentido ao de Manuel Lourenzo. Ben metido nos cincuenta, Roberto da un actor de enorme seguridade, efectivo coma nengún outro nos rexistros irónicos, un deses cómicos de longa distancia que dominan a escena, permean a tensión do público e son quen de levar ao límite un momento dramático. Nun teatro normalizado, a súa experiencia como actor de éxito sería administrada como ouro a partir da metade de vida, pero no caso que nos ocupa Vidal Bolaño prolongou o seu traballo de comediante de campaña para alén do que se pode reclamar a calquera paciencia. A esta carreira final, pertence unha versión memorabel do *Desengano do Priouro*, o enorme éxito do *Oé Oé*, do dramaturgo astur A. García ou os seus *Animalños* e os *Papalagüi* que representaba por todo o país en carreira contra a enfermidade.

Para un ser complexo de teatro como foi Vidal Bolaño e como parte da súa enorme parte á creación dun teatro nacional, non había faltar un encontro breve pero intenso co teatro institucional, con todos os respetos que merecía como primeiro director e dramaturgo. Roberto merecía dende había anos a oportunidade de dirixir espectáculos de grande porte como foron o *Xelmírez* de Daniel Cortezón ou o *Rosalía* de Otero pero en rigor de xustiza tamén se pode engadir que o seu talento para o teatro brillou con máis intensidade no arrabaldo do teatro póvero que nas estreas con pleno de conselleiros, aínda que hai que non o pensa así. Falando de teatro, poucos se poden por de acordo. ♦

RVB.
Voz.
Escrita

MARGA ROMERO

Primero o actor e gozamos coa voz e coas mans, coa figura esvelta que nos axitaba desde o escenario. Compostela envolta no fume do cigarro e Roberto, con chapeu, para deixarnos namoradas para sempre. Pola voz. Tempos de loita que nos chegan con el. Que sabe o público de tantas soidades? No escenario está Percival, en *Agasallo de sombras* Rosalía e Otero Pedrayo é comprendido. O público ve, ri e sofre. Diante dos ollos un anaco de realidade a preguntar. O que ve e goza, perturba. Está concibido desde a profundidade dun pensamento que cuestiona a realidade. E a voz trae a carraxe e a coraxe desde unha lingua propia coa que o autor traballa. A escrita chega de vagar, en letra impresa e en forma de libro. A escrita está na túa soidade, Roberto, de autor. O teatro é o ausente da Academia, dos programas do ensino oficial. Ese teatro polo que ti, sen complexos, con traballo e co bo facer ías configurar sabendo que Galiza dispón da posibilidade certa de se outorgar un teatro de seu, que pode dar conta da riqueza cultural e da condición de sermos un vello país da Europa. Na túa escrita revitalizas todo, entroido, maíos, a paixón e as vivencias que viñen de lonxe, Teatro do aquí. Sabes como reaccionan os papalagui, eses loucos de remate que se degolan uns aos outros. Ti director, actor, produtor, iluminador, figurinista, escenógrafo e público desde a voz gracias por erguer desde o Abrente de Ribadavia o pano. Polas páxinas dos libros gardan as voces que para eles soñaches, ti, o autor, nos silencios da escrita, moitas criaturas, cochos desde Laudamuco, aquel Señor de Ningures. Escrita de *Días sen gloria* que che concedeu algún premio desde a *Bailadela da morte ditosa*. Escrita que agarda lector@s para que tamén soñen coas voces e coas paisaxes, envoltas no fume do teu cigarro. O pano está erguido. ♦

Cultura

‘O público ten a palabra’

G. LUCA

Como poucos coñecía Roberto Vidal Bolaño o mundo do teatro e como poucos se atrevía a opinar sobre a escena galega. A súa fidelidade ao teatro independente, soñador e comprometido coa actualidade volvíalle nun recoñecemento crecente do público, a quen el daba a palabra nesta entrevista publicada en *A Nosa Terra* (Nº 803) na que elabora unha crítica radiografía do teatro galego.

O texto ten máis importancia na súa obra que outros elementos do espectáculo.

A agresividade contra a palabra era tal que algúns nacemos con prevencións. Pero unha cousa é que se abran campos novos, entre eles os que podan ter que ver co teatro sen a palabra como soporte fundamental, e outra que iso supoña a negación da palabra no teatro. Nun tempo, indaguei tamén o teatro sen texto pero comprendín que na miña situación e no país en que escribo, renunciar á palabra era prescindir de demasiadas cousas.

O paradoxo é que ese compromiso co texto atopou a comunicación co público antes que outros que buscaron darlle facilidades.

Nun país que aínda está inventando o teatro haberá que producir antes o proceso en cada un dos seus pasos para que poida ter sentido esa renuncia á palabra. ¿A que palabra renunciamos se aínda non existe? Hai quen, en nome da modernidade, adscribese a recursos que son máis vellos que Cristo. A palabra volve a ser un dos eixes fundamentais do teatro. Claro que no teatro, como na sociedade, hai quen mantén valores éticos e quen claramente non os ten.

Como xulga a política teatral?

Coido que é un delirio. Habería que comezar a pensar se-

riamente como lle poñemos remate. Era previsíbel que se cometesen erros e que puidésemos aprender deles, pero non é iso o que está sucedendo. Os erros aliméntanse a si propios en xeral co estímulo e a bendición da maioría da profesión teatral.

A que erros se refire?

Por exemplo ao Centro Dramático Galego que se gaba de ser a única que ten no Estado compañía estábel e que con claro menosprezo dos fondos públicos monta espectáculos que podían facerse con menos cartos, autores e parafernalia, agás que existise un proxecto de signo claro que demandase eses recursos. No país hai textos e espectáculos que si demandarían ese esforzo económico e repartos amplos pero estase dando o proceso inverso. Despois están as compañías de teatro independente, no que se dá un minifundismo eterno e crecente sen que creemos un mecanismo para corrixilo. Algúns que enchen a boca co chamado Teatro Nacional, Dramaturxia Nacional etc. seguen sen asumir compromisos que tendan a facer medrar eses tres obxectivos que son os autores, a escrita cénica e o público. Hai un vicio de vello que moitos coñecemos e moi poucos nos comprometemos a rectificar. Compañías e directores veñen interpretando que son os receptores únicos da política teatral. A súa opinión, consideracións e capacidade non debera superar un tercio



das decisións. Porque ese é o espacio que lle compete. O público tería moito que dicir. En medio mundo funciona o que se chama asociación de espectadores. Os teatro públicos da cidade terían algo que dicir tamén. No se pode levantar o teatro dun país con directores que o mais que fan é reler, se cadra con máis atención, a si propios que ao valor que o texto ten de seu. Con tradución e con versións non se constrúe a dramaturxia dun país. Poderán durante algúns anos comer algúns profesionais pero non se construíra o teatro de nós. As estatísticas de obras representadas de autores vivos non din a verdade. Estréanse textos meus porque os estreo eu. Manolo Lourenzo e eu contribuímos a que esa mentira pareza verdade. Manolo estrea tres textos traducidos e alá vai a estatística ao carallo. De todos xeitos, repararemos no interese das institucións públicas polo teatro: cando o Compostela subeu a primeira división, a cidadanía foi convocada a unha homenaxe ma-

siva na praza do Obradoiro. A min paréceme moi ben. Nese momento, *Ollomol*, compañía de Santiago, tiña o seu espectáculo *Commedia* na primeira división do teatro español. Nin o alcalde nin ningún político da oposición convocou á cidadanía a celebralo.

O interese polo teatro está a medrar, sobre todo nas vilas.

A capacidade de convocatoria é crecente e de importancia relativa moi grande. Que en Cangas nunha única función un espectáculo teña 500 persoas e que en Vigo non convoque en tres funcións máis de 300 persoas é un dado terríbel para Vigo, non para o espectáculo. Nun país no que un éxito de narrativa chega a quince mil exemplares, unha obra de teatro que ten 35.000 espectadores é unha cantidade comparábel ou superior tendo en conta que asistir ao teatro é un xeito de lectura. Todo isto contrasta co silencio que os notarios da realidade cultural do país seguen mantendo co teatro. ♦

NARRATIVA



Millo verde
de Xosé Fernández Ferreiro

Na procura dos límites da verdade sobre un terrible suceso

Novela de enfoque realista, construída minuciosamente como unha narración de investigación, *Millo verde* enlaza as voces da sociedade sobre un terrible suceso. O papel dos medios de comunicación, as investigacións policiais e xudiciais ou as reaccións da comunidade educativa contrastarían nesta novela inoperante co sufrimento das vítimas sometidas á aldraxa e á dor do seu inferno. Unha valente denuncia da hipocrisía desta sociedade que procura culpables inmediatos para apacibar as súas decenas máis profundas.

XERAI S

91010@xerais.es • http://www.xerais.es

Vidal Bolaño sae á escena por derradeira vez

CARME VIDAL

O chapeu e o nariz de pallaso repousados sobre o cadaleito. A caixa no medio do escenario do Salón Teatro de Compostela, unha luz tenue e un forte olor a flores compuña o atrezzo e a decoración do velorio de Roberto Vidal Bolaño, autor, director, actor e home de teatro total e unha das máis significadas figuras da nosa cultura. Amigos, actores, xente do teatro en xeral, compañeiros de todas as loitas nas que Roberto Vidal participou e tamén o seu público despedían a este personaxe que destacou pola súa entrega ao teatro e polo seu compromiso cos dereitos e as liberdades. Son eles os que nos achegan á súa figura.

A actriz MÓNICA CAMAÑO participou nas últimas montaxes de Vidal Bolaño. Nel tiña un "grande mestre porque a escola deste país está en persoas coma el, un grandísimo director, actor e escritor". Mónica viviu de preto os últimos momentos do que fora compañeiro en escena, para quen non pode ocultar a admiración pola súa maneira de "impregnarse de todo, con grande clarividencia e solidario con miles de causas nas que se comprometía". A actriz non tarda en debullar a grande actividade que Roberto Vidal desenvolveu mesmo na enfermidade, con *Os papalagui* en escena, *Animaliños* de xira ou escribindo sen parada. Mónica Camaño terá que representar de novo a semana que ven *Animaliños* no Teatro Principal de Santiago coa compañía Teatro do Aquí, fundada e dirixida por Roberto Vidal Bolaño. Será "difícil, moi difícil", di pero engade tamén que non se lle ocorre mellor homenaxe para un home que pasou toda a súa vida no escenario.

O mesmo sentimento mostra a actriz, autora e directora DOROTEA BÁRCENA. O destino que xunto que mentres o corpo de Roberto Vidal estaba a ser velado no Salón Teatro no Teatro Principal, o edificio situado enfronte na rúa do Vilar ela estivese representando a obra *Con flores a María*. "Compañeiro de teatro, farrá e vida" di Dorotea mentres lembra como o coñeceu no Festival de Ribadavia. "Con el morreu a vangarda, a loita por unha normalización do teatro neste país, por crear unha dramaturxia contemporánea" sinala.

FRANCISCO PILLADO lembra a última vez que o viu sobre o escenario. Representaba sentado *Os papalagui* e a enfermidade notábaselle no corpo. "Morreu no escenario. É un home de teatro total, fixo de todo e pioneiro á hora de apostar polo teatro profesional. A escrita de máis calidade hoxe no país é a dramática e nin ten demanda de lectura nin recoñecemento público. Era un magnífico escritor con traballo monumental ás súas costas, fixo todo polo teatro e todo cunha enorme calidade", destaca Francisco Pillado.

Coas palabras "loita e compromiso" quere definir o actor e director PABLO RODRÍGUEZ a

figura de Vidal. "Loita polo teatro, pola dignificación da profesión nun país non normalizado e cun compromiso persoal irreductíbel" defende, mentres que, con respecto á súa obra, afirma que se sinte "seducido polo seu papel como dramaturgo, é un autor ineludíbel".

"Sempre vin nel un autor de teatro dos máis importantes do país e de toda Europa e inxustamente tratado neste sentido. Se temos en conta os espectadores que move, poucos son os autores que teñen tantos lectores pero iso non se deixa ver no canon literario" comenta o escritor ANTON DOBAO, que foi quen convidou a Roberto Vidal a participar da serie televisiva *Un mundo de historias*, na que sería guionista e actor. "O extraño era que ata ese momento non o chamaran para ser guionista, sendo como el era un dos grandes autores do teatro", comenta Dobao que destaca asimismo a súa face comprometida que o levaba a "solidarizarse con numerosas causas para as que era requerido, independentemente de que non fosen politicamente correctas". Roberto Vidal significouse, por exemplo, na reclamación do traslado ao país dos presos independentistas, unha demanda que poucos personaxes se atrevían a secundar. ELVIRA SOUTO coñeceu de primeira man ese compromiso e destaca, alén do seu valor no mundo da cultura, "a súa dimensión de defensa das liberdades e dereitos básicos, nunca renunciou a loitar polas causas nacionalistas por moí comprometidas que fosen porque non tiña medo a enfrontarse ao poder. Niso Roberto foi un exemplo de dignidade, diante de moita xente que evita comprometerse para non perder beneficios", e pon como exemplo a recente constitución de *Esculca* da que o autor teatral foi membro fundador nun tempo no que a doenza xa estaba presente.

'Noutro país sería un ídolo'

Pero participaba igualmente en moitas outras loitas. O escritor e presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, BERNARDINO GRANA, lembra na hora da morte aquela xornada na que, como unha Santa



Compañía camiñaban Uxío Novoneyra, Vidal Bolaño e mais el cuns fluorescentes accesos polas liñas de alta tensión que os veciños querían eliminar de Merza. "Perdemos a columna fundamental do teatro galego contemporáneo, o Molière dos nosos tempos".

A actriz LUMA GÓMEZ recoñécelle que "traballou desde o comezo do teatro profesional e construíu o pouco ou moito de implicación da sociedade no teatro galego". Sorprendíase tamén Luma de como Vidal sacaba coraxe na enfermidade para continuar subindo aos escenarios "morre un xeito de entender o teatro, unha estética. A súa escrita queda pero pérdese o home de teatro que el era".

"É o escritor máis importante de toda a historia da dramaturxia galega e non escribe para a gale-

ría senón que coñece o teatro ao que se dirixe" afirma o director do Centro Dramático Galego, MANUEL GUEDE que destaca as últimas montaxes a cargo de Vidal na compañía pública *Xelmírez* e *Rosalía* que, segundo sinala, "só se podían encargar a unha persoa da súa solvencia". Roberto Vidal estaba, ao seu ver, atento a todo o que acontecía no teatro, "era autor, director, actor... e mesmo ás veces el mesmo pensaba que estaba demasiado e firmaba a escenografía co pseudónimo Xulio Abréns, pero en todo demostraba o seu extraordinario talento", afirma deste autor do que ano que ven conmemorará o CDG o 25 aniversario do nacemento do teatro profesional coa súa obra *Laudamuco Señor de Ninguereis*.

En longos debates participou con el o director XULIO LAGO e pasado tempo reconece que

aquel home co que tanto polemizara polas distintas formas de ver o teatro é "a máis grande figura no ámbito profesional, clásico e contemporáneo. Noutro país sería un ídolo". A relación venlle, pois, "de moitas peles nos setenta, nas que el tiña claro o que había que facer no teatro e aquelas disputas deron no cariño e respecto mutuos", sinala Lago. Agora estaba a preparar a dramaturxia de *O Cabodano*, de EULOXIO RUIBAL, un autor co que tamén colaborou nos anos setenta. "Tivo a valentía de lanzarse a vivir do teatro en tempos difíciles e participaba en todo o que intervenía na posta en escena" afirma Ruibal. Desde o teatro amador, o escritor JOSÉ VÁZQUEZ PINTOR lembra a primeira imaxe del que o remite a Ribadavia onde topou cun "home grande, como un vello carballo".♦

Na rúa do teatro

LAURA TATO

Admirado Roberto, agora que a aba do chapeu velou de vez a sorna dos teus ollos, falaremos de ti. Diremos que fuches un home de teatro: autor, director, actor, produtor, iluminador, escenógrafo, figurinista e público. Explicaremos por qué es tan importante na historia do teatro: as túas andanzas por Ribadavia, os teus premios, a túa obra... máis tamén, e sobre todo, teremos que falar de compromiso, de valor, de verdade e coherencia.

Farei que os meus alumnos saiban por ti das almas dos escravos, de cultura asoballada, de poder corrompido, de ideoloxía atraizoada, da forza das revoltas, de soedade compartida, de marxinación, de violencia... E poderei marcar, sen que

ninguén se amole, aqueles trazos teus nas obras dos novos dramaturgos.

Pedíronme un artigo sobre ti e, xa ves, non sei facelo. Non son quen de repetir o que se di nas aulas, nin de reproducir estudos eruditos sobre un autor dramático. Tempo haberá para explicar bibliografía. Se existir unha rúa do teatro, aí onde estás, sentado na terraza, desculpa que eu ocupe este lugar e utilice este artigo para contarche que, por fin, vas recibir a honra que mereces, que estás no Salón Teatro.

Non rías, si que importa, porque gracias á tele e aos xornais saberán as novas xeracións que deben coñecer a túa obra, que é de obriga saber quen foi Vidal Bolaño. Mesmo, se hai sorte, levarán á escena as túas pezas, e poderemos publicalas, e delas e estudialas. Desta forma, poderemos sentir menos vergoña de non o ter feito antes de sentir este baleiro que xa non ten remedio. ♦

ENSAIO

A inactualidade (actual) do surrealismo

Gallimard publica unha antoloxía do movemento

Título: Il y aura une fois. Une anthologie du surréalisme.
Autor: Jacqueline Chénieux-Gendron.
Edita: Gallimard, Paris, 2002, 716 páx.

Durante os meses de marzo a xuño do presente ano, no museo Georges Pompidou de París, tivo lugar unha magna exposición sobre o surrealismo. Foi, en certa maneira, a celebración dun enterramento. Todo enterramento é, quírase ou non, unha comemoración, e toda comemoración esconde un cadáver. De todo isto houbo esta vez, mais non queremos falar desta exposición —e os seus catálogos—, para iso remitimos ao artigo de Michel Löwy, “Surréalisme pas mort, sauf à Beaubourg” (*Le monde*, 28-VI-2002).

Para celebrar este enterramento, a Editorial Gallimard, na colección de

O surrealismo axúdanos a estar alerta. *Il y aura une fois*.

Une anthologie du surréalisme, editado e presentado por Jacqueline Chénieux-Gendron, cun preloquio de Werner Spies. A primeira, unha estudiosa do surrealismo, máis desas para quen o surrealismo é unha bolsa permanente (con todo, recomendamos o seu libro *Le Surréalisme*, París, PUF, 1984 —existe versión española, FCE, México). O segundo, especialista en Max Ernst e en comisariados de exposicións —a devandita sobre o surrealismo, por exemplo— que é outra forma de bolsa permanente.

Il y aura une fois (Haberá unha vez...) é un texto de André Breton onde di que a imaxinación non é un don, senón unha conquista. Como todo. Todo é unha conquista do/a home/muller para tentar construír un mundo en que dominen as potencias invocadas polo surrealismo: amor, liberdade, poesía. Sobre este título (*Il y aura...*), Chénieux-Gendron argalla unha escolma temática do surrealismo dividida en sete capítulos: “Ciencias morais e políticas” —dividido en dous: “¿Onde están as neves de antano?” e “O desexo atrapado polo rabo”, un verso de Villon e o título dunha peza teatral de Picasso, como adiviñaría o lector—, “Imaxinación non é senón por excelencia un obxecto de conquista” —frase de Breton—, “Azar obxectivo, necesidade do mito, humor negro”, “A forneau vert, chameau bleu” (un dos 152 proverbios ao gosto do día, de Paul Éluard e

Benjamin Péret, que se pode traducir ben como “A forno verde, camelo azul” ou “A tolo verde, bellaco azul”), “Contrafortes e bosques a atravesar”. “A imaxinación non debe humillarse diante da vida. Poesía dalgunhas linguas non francesas”, e “A promesa dun magnífico torrente”.

Unha completa antoloxía, en certa maneira, xa que a primeira parte do primeiro capítulo (textos de reivindicación e de combate do movemento surrealista) é ben pobre. Poucos panfletos políticos e moi cortados, só un pequeno extracto de *A desonra dos poetas* de Benjamin Péret —quizais o surrealista máis implicado na loita política—, e ningún do Jehan Mayoux, militante surrealista e libertario desde a máis “tenra idade”, e ambos iniciadores dunha antropoloxía da liberdade que aínda está por crear. Quizais, de aí, o título: ¿onde están as neves de antano? Quer dicir, como se todo o que os surrealistas escriberon sobre liberdade e revolución fosen palabras vás, cando nesos textos —como na súa poesía e nos seus libros “teóricos”, máis que noutros aspectos, radica a razón da súa inactualidade permanente, quer dicir, da súa actualidade.

Mais se esta parte non é totalmente apreixada por Chénieux-Gendron, os outros capítulos dan unha excelente imaxe do que foi e é o surrealismo. Recollendo textos dos homes e mulleres máis coñecidos do movemento: Aragon, Artaud, Breton, Césaire, Char, Desnos, Éluard, Leiris, Péret, Soupault, Tzara, etc. e daqueles que serán un descubrimento para moitos lectores: Schehadé, Paalen, Vitrac, Ferry, Goemans, Nougé, Heinein, Mabilie, Thiron (“Nota sobre o diñeiro”, completamente actual), Mesens, Chavée, Blanchard, e moitos máis, aos que compre engadir nomes que se moveron arredor do surrealismo como Bataille, Gracq, Marcel Fournier, Daumal, etc. que demostran —os textos— que o surrealismo era algo máis que unha tendencia literaria. Así e todo, bóntanse de menos unha serie de nomes que inzarían as revistas surrealistas des-

pois de 1940: Calas, Kyrrou, Legrand, Adouin, e un amplo etcétera.



Mais se toda antoloxía é discutíbel, o saber de Chénieux-Gendron (adubado cun-

ha excelente introdución e unha serie de notas máis teóricas do que históricas que enlazan uns textos con outros) fai desta escolma un libro indispensable para todo aquel que queira coñecer o surrealismo escrito. O valor engadido da escolma vén dado pola introdución de escritores e poetas surrealistas noutros idiomas (entre eles E.F. Granell; non se entende a non-inclusión de surrealistas lusos como Mário Cesariny, un dos grandes poetas surrealistas en calquera lingua, António Maria Lisboa ou António José Forte, para non facer máis ampla a lista); latinoamericanos, checos —mágoa que destes non escolme textos teóricos—, italianos, alemáns, romenos (o/a lector/a poderá descubrir un poeta como G. Luca). E, sobre todo, aínda que reducida, a presenza de mulleres surrealistas: Leonora Carrington —non representada na exposición do Pompidou acima mencionada—, Unica Zurn, Nora Mitrani, Alice Rahon, Valentine Penrose, G. Prasinós, Marianne Van Hirtum, non é necesario mencionar a Joyce Mansour ou a Annie Le Brun (pouco representada, ao

parecer o radicalismo surrealista de Le Brun non lle senta ben a Chénieux-Gendron) e sobre todo o lector descubrirá textos desa grande fotógrafa e escritora que foi (é) Claude Cahun, de quen hai poucas semanas apareceron todos os seus *Écrits*, de que falaremos noutra ocasión.

O surrealismo non se propuña producir obras de arte —aínda que as producira, e non precisamente por casualidade—, senón dar formas aos sinais esenciais que a revolta se inventa nun mundo devastado. Historicamente esas formas foron a tríada liberdade, amor, poesía. As novas formas que o surrealismo dá aos sinais esenciais, quizais esta xa formada por esa tríada que avanza a antóloga: liberdade, xúbilo, alerta. Alerta, sobre todo. Unha alerta que avisa tanto dos incendios que están a producirse como dos que poden producirse, mais que tamén nos avisa, como escribía Cesariny, que “haberá un acordar”. Ese acordar virá dado por aquilo que é, paradoxalmente, inactual no surrealismo —como no marxismo—: o seu sentido da historia. ♦

X.G.G.

narrativa

Xosé Luis Martínez Percero

A embaixada do vinagre

Para obra esta integrada por capítulos que nos mergullan tanto nas propiedades curativas da maldade como nunha visita guiada á fábrica de cereiros.

PREMIO RISCO DE LITERATURA FANTÁSTICA 2002

gotelo blanco

NARRATIVA

A Irlanda prohibida

Gerry Adams relata con emoción e tenrura a vida de Belfast

Título: A rúa e outros relatos.

Autor: Gerry Adams. Versión galega de Ana Gabín e Eva Veiga.

Edita: Bala.

A Irlanda prohibida, a que ten que ser protestante e monárquica, a que non pode ser católica e republicana, é a que retrata no seu libro Gerry Adams, líder do Sinn Féin e personaxe protagonista na pacificación do Ulster. Mentres a arte sexa só arte, non preocupa, pero cando vai máis aló do pasatempo xa é outra cousa. O tempo parece ademais que non pasou porque a censura re-

verdece sen pudor ata afecta a este libro, pese a que nel a política non é protagonista.

O verdadeiro protagonista da colección de relatos de Gerry Adams é o humanismo das xentes que transitan as súas historias. A camarada-

xé e optimismo (por exemplo en "Os desterrados" ou "Unha aposta segura"), a fraternidade ("Guerra civil" é boa mostra) e comprensión (por exemplo en "A avoa Harbidson"), sempre o amor pola persoa, polos paisanos, a fe na xente, o civismo (o derradeiro relato, "De ratos e homes", exemplifica todo isto). De xentes que pasan penurias económicas, desemprego, estreiteces que secularmente obrigaron aos irlandeses a emigrar ou que provocan que Sammy Mc Ardle teña, aos sesenta anos, o primeiro emprego regular e a xornada completa. Estas son as xentes dos dezoito relatos, persoas de a pé que un podería atopar calquera día nas rúas de Belfast, no pub, de visita no cárcere ou simplemente nalgunha ocupación temporaria. Persoas de hoxe que viven conflitos de hoxe, descritas cunha tenrura que procede da comprensión que un espírito dotado de grande sensibilidade, social e humana, mostra cunhas personaxes que teñen a vida permanentemente instalada na traxedia e no drama.

A memoria colectiva que Adams recolle en *A rúa e outros relatos* é totalmente actual, non consecuciada revisión do pasado (algo semellante só se pode sentir, e de certa maneira, en "Os montes de Mourne" ou, con moita menos intensidade, en "Só un xogo" e "Desterrados"), seguramente iso escoceu certas consciencias. E aínda o había facer máis o

Non é un libro político, nin o pretende, porque lle abonda con falar das rúas e dos fogares de Belfast.



Gerry Adams.

ton de epopeica resistencia, ese inquebrantábel orgullo solidario dos humildes que non queren deixar de ser protagonistas das súas humildes historias e

que teñen a paciencia que compra para agardar o seu momento, pero que, cando chegue, non lles fará esquecer quen son os seus irmáns, como adianta o

primeiros dos relatos.

Moi intelixentemente, o libro non ten nada de apoloxía do IRA, non é un libro político, non era necesario nin se pretendía porque lle abonda con dicir as cousas como son. As rúas e os fogares de Belfast son os escenarios principais, é onde se desenvolve e manifesta a vida, pero non os únicos, non se pode falar de Belfast sen mencionar os pubs, os cárceres, ou a oficina do paro. De aí que teñan tanto protagonismo. Para quen non coñeza o Ulster, un mapiña deses que tanto gusta poñer agora había servir de orientación física, pero como o importante é a xeografía humana (ela é a que conforma o carácter de cada rúa) pouco importa que o haxa ou non. O que si hai é algúns relatos que parecen que os acabaramos de vivir. Como "Unha boa confesión", onde un cura novo pretende que os fregueses escollan entre o IRA ou a relixión, este conto lembraralle ao lector o recente e surrealista conflito entre a Igrexa de Euskadi e o goberno de Madrid.

O conxunto de variados relatos axudará a entender, por exemplo, o ritual das apostas ("Unha aposta segura"), pero tamén ten tempo para as relacións interxeracionais, ("Fases") para os borrachos e o wiskey (non whisky) e a cervexa e os pubs (e non só nun título), para a metafísica da vida ("unha vida antes da morte"), sen faltar un chisco de humor ("¿Tomas azucre"), ou os cans (en "Shane" descubriremos a importancia que en Belfast teñen na vida diaria), o desemprego ("Luns pola mañá" é un bon exemplo, pero é unha ameaza que paira constantemente), a aparte das mentadas emigración e relixión. Son sempre prosas de lectura moi agardábel, emocionante, tenra.

Pero Adams quere que a lectura sexa algo máis ca unha decodificación que remataría coa derradeira palabra de cada relato. Porque todos teñen continuación nas reflexións que o lector elaborará a partir do texto lido. Son relatos que non se esgotan nunca na función testemuñal e presentan unha intención metafórica palpábel que os levan a dicir moito máis do que contan; todos están dotados dun carácter emblemático, que ningún se fai especialmente, pero discretamente, salientábel, como "Os montes de Mourne" xa comentado, como "De ratos e homes" (que pon en solfa a humanidade) ou "Só era un xogo" (exaltación da férrea moral irlandesa, "gañaron, pero nunca poderán con nós").

XOSÉ M. EYRÉ

CONTA DE LIBROS

O teatro en teorías

Son as doutrinas que crearon escola na historia do teatro desde o século XVIII ata os nosos días. *Introducción ás grandes teorías do teatro* de Jacques Roubine inicia

a Biblioteca de Teatro da Editorial Galaxia cunha análise que inclúe os motivos que explican a evolución da arte dramática, en especial atendendo aos grandes nomes da escena francesa. Roubine afirma que foi o modelo do teatro popular –ou o teatro como servizo público, en palabras de Vilar– o que se realizou na súa plenitude. ♦



Bos días, galegos

Atractivo é o título da investigación que Mónica Rebolo publica sobre o programa radiofónico que se conver-

tíu na "voz dos galegos no Río da Prata". *Bos días galegos, Eiquí Sempre en Galiza* (Laovento) afonda na emisión radial que saíu ao ar por vez primeira o 3 de setembro de 1950 e que ía ser pioneira no emprego do galego nas ondas. Desde as orixes, Mónica Rebolo relata polo miúdo a traxectoria deste histórico programa recollendo tamén a voz dos seus protagonistas e colaboradores, caso do galeguista Lois Tobío. ♦



Os conflitos da súa señoría

Unha década despois da súa publicación en catalán, chega a nós *Señoría*, a novela de Jaime Cabré que mereceu en 1991 o Premio da Crítica.

Jaime Cabré é un dos máis destacados narradores cataláns con obras como *Luvowski* ou *la desraó* ou *L'ombra de l'eunuc* ou o ensaio sobre a creación artística titulado *El sentit de la ficció*. Con *Señoría* –traducida por Dolores Martínez– ofrécenos un relato de case catrocentas páxinas cunha coidada reconstrución histórica no que latexa a tensión do protagonista, un xuíz da audiencia de Barcelona no que loitan as pulsións internas e a correcta aparencia externa. ♦



TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

- 1. AS CHAMADAS PERDIDAS.** Manuel Rivas. *Xerais*.
- 2. O SABRE DO FRANCÉS.** Miguel Anxo Fernández. *Galaxia*.
- 3. O SOL DO VERÁN.** Carlos Casares. *Galaxia*.
- 4. MILLO VERDE.** F. Fernández Ferreiro. *Xerais*.
- 5. A LINGUA SECRETA.** Xesús González Gómez. *A Nosa Terra*.

NON FICCIÓN

- 1. GUÍA DAS LINGUAS DE EUROPA.** Xosé Henrique Costas. *Edicións Positivas*.
- 2. CONVERSAS CON XOSÉ CHAO REGO.** Daniel López Muñoz. *Xerais*.
- 3. CAROLINA OTERO.** Marga do Val. *A Nosa Terra*.
- 4. CONVERSAS CON F. CARBALLO.** Santiago Prol/Xan Carballa. *A Nosa Terra*.
- 5. AS LAVANDEIRAS.** Mari Vega. *A Nosa Terra*.

Bibliotecas consultadas:

Cartabón (Vigo), *Conceiro* (A Coruña), *Michelena* (Pontevedra), *Pedreira* (Santiago), *Souto* (Lugo), *Torga* (Ourense).

Dedica a portada a Francisco Rodríguez Iglesias, presidente do Grupo Hércules, que conta a súa aportación á cultura galega.



Destaca a entrevista realizada ao Conselleiro de Industria e Comercio, Juan Rodríguez Yuste, sobre as enerxías renováveis. Tamén conta con nove

páxinas para o uso das novas tecnoloxías dentro do mundo empresarial e un informe que explica como a crise na Arxentina e a incertidume dos mercados reducen os beneficios dos grandes bancos españois. ♦

Brincadeira

Revista de Educación Infantil

Nº 19. Xuño-outubro de 2002.

Dirixte: Bibiana Martínez.

Edita: Federación Don Bosco de Galicia.

Ten como tema central o voluntariado dentro da Unión Europea, que explica o Programa de Acción Comunitaria Xuventude. A información está elaborada por Xosé L. Trincado, xefe da sección de programas europeos. Ademais, trata o asociacionismo xuvenil e o deporte.

Dentro do espazo cultural, o máis salientábel é unha reportaxe sobre o Pai Sarmiento e sobre o uso do galego na infancia. Na

sección de ecoloxía destaca a información sobre os alimentos transxénicos elaborado por Xabier Egido. ♦

Bululú

Revista dos títeres

Nº 2. Verán de 2002. Prezo 4,5 euros.

Dirixente: Mar Nogueira e Jorge Rey.

Edita: IGAEM.

E. Blanco Amor e a súa relación co teatro popular. Nun texto amplo repasa a súa vinculación co teatro de títeres na Arxentina.

Tamén destaca un dossier central sobre as arquitecturas feitas en papel, elaborado por María Ríos.

Reseñábel é a entrevista aos coleccionistas e investigadores Rita Pasqualini e Vittorio Zanella. Cómpre salientar a información do Centro de Documentación de las Artes Escénicas de Andalucía. ♦

Cultura

TELEVISIÓN

As vodas de Camacho (e mil máis)

Catro canais retransmitiron ao tempo o evento social da semana

Había grandes sinais no ceo e na tele de que o casoiro plebeo máis anunciado dos últimos tempos prometía emocións fortes. Pero a realidade, ou a súa plasmación televisiva, superou de novo o imaxinábel, e un non acreditaba que tan casposo evento se estivera retransmitindo en directo ata por catro canles á vez.

Inxenuamente pensabamos que o pai da noiva se conformaría con amplos reportaxes en programas como "Gente", "Corazón, Corazón" ou mesmo en "Informe Semanal" para darlle un toque serio e institucional, e co consabido reportaxe gráfico do *Hola*, que non é calquera cousa. Pero ese desfile de notabeis, de "cracks" da política, o deporte ou as finanzas (unha nómina donde case só faltaban Ben Laden, co móvil desconectado, Rosa de España e poucos máis, nun afán acumulatorio de cromos que nin Florentino Pérez), estaba claro que era de "interese xeral". Non se podía privar aos españois desa pasarela multidisciplinar, onde ora un José María García, ora un presidente de banco ou un rei, case desapercebido entre o millar de importantes, enfiaban o camiño cara á modesta basílica.

O presidente-padrazo optou claramente pola acumulación como estilo nesta representación, coma naqueles filmes taquilleiros onde un sinnúmero de actores famosos e algo pasados de moda aparecían fuzadamente pola pantalla. Iso, cando menos nesta voda, ten a desvantaxe de que dilue o efecto impactante dos nomes, e cando un ve pasar a un Blair (que igual pensou que asistiría a unha comedia, por aquilo de *a gag*), xa ten que mirar para o modelo dalguna ex-ministra polo tercio *popular*, ou fíxase en se Camacho mudou a camisa desde a cruzada de Corea.

Nas distintas canles, esas que nos garanten a pluralidade informativa, facían o que podían por amenizar o monótono desembarco no Escorial. Algún veterano cronista do corazón facía ver, tímidamente, a insólita ruptura de protocolo que supuña a chegada do rei antes que a aznarina (hai que buscallo xa un tratamento singularizado a esta moza).

Os comentarios na galega

Máis afectos á causa apareceron os comentaristas da TVG, atentos a detectar a presenza de galegos como Romay Beccaría, pouco dado a se perder unha merendina, así sexa nunha voda se non real, si algo subrealista, ou nunha modesta festa dos vellos dun concello patrio. Os comentarios da galega fan tamén pola liña de



Arriba, Ana Aznar entrégalle o ramo á súa nai. Nas fotos de abaixo, Bernardino Lombao, preparador físico dos Aznar, fai unha demostración das súas habilidades antes de entrar na igrexa.

remarcar o importante da cousa en función dos cartos que había polo medio. Así, dixéronnos que a afortunada parella vai residir "nun piso da rúa Chamberí, unha das mellores zonas, claro está, da capital". Bueno, sí home, que será unha das mellores, pero iso de que vivan nun piso non che me ten moito glamour. E seguiron contando que o regalo do noivo foi "un diamante de 1'6 quilates... imaxinádevos!", "e canto custou ese amosamento (sic) de amor?", "pois nada menos que máis de 2 millóns de pesetas, iso sen contar a viaxe a París...".

Nestes comentarios, que derrochaban tanta clase e estilo como a propia cerimonia, detívemos o noso zapping nupcial. Por curado de espantos televisivos que un se crea, a megavoda ameazaba cunha sobredo-

se de estupor. O pouco tempo que aguantei semelloume equivalente á inxestión sucesiva de dez debates de Crónicas Marcianas, ou dun pack de vinte capítulos de Pratos Combinados (que os hai), nunha imaxinaria escala Righter televisiva.

Faltou algo

Houbo oportunidade en horas e días posteriores de completar a visión do entrañábel casamento, en distintas canles e só en aras de completar esta crónica, non me tomen por un pervertido.

Nada novo nestes resúmenes, agás o afán dos comentarios das teles progubernamentais por resaltar a cara humana do acto, a presenza de "moitidumes" (semellaba que de xornalistas máis que de xente espontánea), e imaxes de arquivo do paso da fillísima "de niña a mujer".

Sen meternos en análises políticas que non corresponden a esta sección (o desta voda, ademais, máis que para analizar sería pasto do sicoanálise), só un par de observacións finais:

Unha é que, dacordo que

foi a voda das mil e unha estrelas, coma o hotel de Luis Aguilé, pero á coreografía faltoulle algo. Ao mellor un percorrido en carroza, ao estilo das nupcias reais, ou mesmo en carro de cabalos, que calquera folclórica se pode permitir. Nin houbo escolta da Garda Mora, nin sequera dun escadrón de lexionarios-gurkas veteranos de Perejil. Cando se tira a casa pola fiestra, aínda que sexa a do erario público, non se pode quedar un a medias.

Outra cuestión preocupante, e pareceralles unha parvada, é o escaso favor que lle fixeron, nestes tempos tan delicados, a un futuro vástago desta unión. Apelidárase Agag Aznar, de resonancias case alcaégicas.

Dito sexa cos debidos e institucionais respetos, o que pasa é que estas e outras ladañas evítanse sustraendo o privado do ollo público, non ingresando á familia no plantel abondoso de *freaks* televisivos, e conformándose, en troques da retransmisión en directo, co xa clásico vídeo da voda. ♦

GONZALO VILAS

Están de descanso no curso e Helena Colmeiro dificilmente se distingue dos alumnos que veñen de toda parte a aprender as técnicas e os secretos da cerámica. A súa feitura, a axilidade coa que se move e a enerxía que desprende fan que conforme a conversa vai avanzando, Helena pareza cada vez máis nova. Refuga as máis das veces de meterse na súa propia biografía pero, pola contra, repara a mitúdo na necesidade de promocionar o Curso Internacional no que participa porque, ao seu ver, pode ser un xermolo para converter a Pontevedra nun centro mundial da cerámica.

Os primeiros caneos de Helena veñen á hora de falar da relación co seu pai, o pintor Manuel Colmeiro, aquel artista que dicía que comezou a debuxar na terra co pau de tornar as vacas, pasou boa parte da súa vida a cabalo entre Silleda, París e Bos Aires e convertíuse nun dos grandes nomes da pintura galega contemporánea. Nome inmenso como para non obviar xa no inicio da conversa coa súa filla artista. "Non foi en casa onde eu coñecín o que era a cerámica. Levoume a ela unha circunstancia, unha casualidade. Nós non viviamos o ambiente de meu pai, estabamos alleos as súas relacións. Onde traballaba el ninguén entraba. En casa non había comentarios arredor do que eu facía" afirma, sen se atrever a xulgar aquela actitude paternal, que, como ela di, ben podería explicarse por un afán de non interferir na súa traxectoria artística.

Pero de Bos Aires, dese exilio compartido co pai artista, chegan as primeiras imaxes da súa obra ceramística, compartindo a rapaza Colmeiro páxinas de arte con Leopoldo Nóvoa na revista *Galicia emigrante*. "Cando chegamos alí, na escola primaria, os nenos sorprendíanse de ver un desnudo e a min non me afectaba, porque xa os vía na casa. En Bos Aires eras a *gallega* e iso tiña un sentido peyorativo, non te puñan no curso que debías, eu sempre era a maior de todos e iso levábache a sentirte inferior. Cando me metín na cerámica estaba moi cómoda e comecé a ver que era o mundo que me atraía, tiña un espírito moi inquedo e esa actividade adaptábase a como eu era. Sempre penso que son como o río Miño, que é tan caudaloso e nace dunhas pequenas burbullas. Eu teño unha burbulla dentro e se non fago máis é porque as mans van máis a modo que a cabeza, fáltame tempo" comenta, como unha fervenza que deixa a vista a paixón polo que fai.

Romper os cacharros

Falamos deses inicios nos que con a penas vinte anos xa protagonizaba exposicións na Arxentina. Tiralle importancia. Helena Colmeiro explica como un aroveamento froito da mocidade pero que, de todos xeitos, valeulle para conseguir os cartos suficientes cos que comprar o billete de regreso e marchar do país. Vista co tempo e comparando



PACO VILABARROS

Helena Colmeiro 'Pódese facer arte cun tixolo'

CARME VIDAL

"Eu son cerámica, pero difícil de modelar, dura como o carburo de silicio". Deste xeito se define a artista Helena Colmeiro, como colofón dunha conversa na que a cerámica é a protagonista. Filla do pintor Manuel Colmeiro, Helena (Silleda, 1932) marcha con nove anos a Bos Aires, destino do exilio do pai, e é alí onde se sitúan os seus inicios na cerámica. A artista vive en Madrid pero pasa tempadas na Ramallosa, onde cada verán atopa novas formas para a súa obra. Estes días participa en Pontevedra no Curso Internacional de Cerámica Contemporánea.

coas súas posteriores propostas, aquelas primeiras formas caracterízanse polas fortes cores e as formas funcionais. "A cor sempre me preocupou. Forma e cor son para min indispensábeis. Na escola comezabas no torno e a estudar a cerámica tradicional. Eu sempre fun pouco académica. Sen coñecer os novos movementos que se estaban a dar en California e Italia notaba que tiña que facer cambios nese sentido. Levantar unha forma no torno é máxico pero logo viña o profesor e cortaba a peza pola metade cun aramio e dicía que estaba mal, que dentro as estrías tiñan que quedar perfectas se

eras unha boa alfareira e as miñas eran gordas e finas, un desastre... Estaba descubriendo que o de dentro era tan importante ou máis que o de fora. Esas estrías eran unha expresión válida e fresca. ¿Por que non podía aproveitar esa forma de dentro e levala para fora? Aí é onde comezo eu a romper o cacharro. Daquela era xa unha rebelde. A min que me importaba a xarra se non a facía para a auga, gustábame a forma e nada máis. Parece que a cerámica se fixo para min e eu para a cerámica". ¿E a cor? Con Luís Seoane en Buenos Aires e Díaz Pardo de camiño para alá, Helena Colmeiro facía pe-

zas nas que o azul predominaba como unha evocación da marca Sargadelos: "Non ten máis secreto que ser a cor que dá o cobalto. Hai cores que se resolven mellor e son mais fáciles de obter. Na xeografía de Galiza estamos rodeados de azuis, é normal. En Grecia hai unha cerámica impresionante pero son negros, brancos e roxos". Aproveita entón Helena Colmeiro para loubar o traballo de formación en cerámica que desenvolve a fábrica galega. Para ela, as propostas do Seminario de Sargadelos son únicas no mundo e un referente para os ceramistas de todos os países europeos.

Logo explicará como se apaxiona nas fábricas, como aproveita os desperdicios industriais para construír obra propia nunha traxectoria que sen dúbida tiña os seus inicios nesta forma súa de "romper os cacharros". Non é difícil encontrar nos textos escritos sobre Helena Colmeiro unha frase que lle pido que comente: "eleva a cerámica ao carácter da escultura". "¿Que é unha escultura? Pois unha forma nun espazo, igual que a cerámica, o de menos é se está centrada ou non. Unha teteira é unha forma, tan válida como unha cabeza, o caso é a emoción que pode producir". Tampouco está entón de acordo con que se diga que a súa obra camiñou cara o abstracto e conceptual: "¿Pero pareceche pouco abstracto un cacharro? Eu parto do cacharro e o desdubro, será porque me emociona o torno. Todos os veráns viña para a Ramallosa e collía o coche de Baiona á Guardia. Esa paisaxe apaixonábame e era unha especie de reciclado para a miña obra. Nas praias de mar batido sempre hai novas formas e ese mundo está moi presente en min".

Modelar as palabras

Hai materias privilexiadas nas mans de Helena Colmeiro. Se o barro para o torno está nos seus inicios de ceramista, logo a súa obra viría marcada polo traballo co duro material que é o carburo de silicio e ultimamente constrúe as súas pezas con tixolos industriais que merca nas fábricas antes de cocer. "Creo o meu propio mundo. Non estou modelando como tal o barro fresco, hai dous anos que o deixei. Constrúo, que é outra forma de traballar. Traballo con material cerámico industrial. Méteme nas fábricas e paréceme un mundo moi suxerente, primeiro co carburo de silicio con esa dureza tan tremenda e logo co tixolo que emprego para construír a miña obra. ¿É posíbel expresarse só cun tixolo!", afirma.

Cando fala parece que moldea as palabras no ar coas mans. Xesticula e dálles forma e esfórzase aínda máis cando trata de explicar a tensión que ten o barro, como recolle unha incisión ou a estampación dunha man ou como muda cando se lle mete manganeso ou se produce unha rotura no que ela chama a súa "linguaxe riquísima". "Non prevín traballar con eses materiais, son cousas que van xurdindo día a día. ¿Sabes o que conseguín? Que non sei o que estou facendo nin me preocupa analizarlo, acadei un grado de liberdade que me leva mesmo a non me preocupar se transmito algo ou non ou se a xente vai entender ou non a miña obra. Dúbidas teño moitas, preguntas tamén pero non intento contestalas. Continuo no labirinto. Ese grado de liberdade estábame a faltar co barro porque traballaba xa de xeito mecánico, sen emoción. Eu son así, son cerámica difícil de modelar, un pouco como carburo de silicio, dura..." ♦

COLECCIÓNAME OUTRA VEZ

XAN CARBALLA

Chegou o tempo dos fascículos. Co comezo do curso dos miudos os pais tam n deciden que collecci n van facer. As televisi ns in ndanse dos obxectos m is ins litos.

“A quen se lle conte esperar 52 semanas a construír un robot. E ademais ao final pode que non che funcione porque lle falla un contacto”, dinos Edelmiro, quiosqueiro na Praza de España en Vigo. Fala do *Pathfinder* o trebello que ven de lanzarse ao mercado para que se monte peza a peza, circuíto a circuíto. Non é máis que unha mostra dun “momento fascículo” que se vive en setembro, avasallando os puntos de venda de cartonaxe e primeiras entregas a baixo prezo. A televisión é a parte principal do negocio “sen lanzamento televisivo non hai negocio. Ao principio as tiradas son moi grandes, pero ao cabo de dous ou tres números xa se estabiliza a venda do que vai resistir comprando ata o fin”, asegura Xoaquín Carrasco, distribuidor de prensa e revistas.



Desde finais dos anos setenta, nos que a editorial Salvat acapara o negocio dos fascículos cos seus dicionarios enciclopédicos e as súas historias da arte, ata hoxe as leis básicas do negocio permanecen: facer fiel a un comprador a un produto e manter estábel a venda por un período prolongado de tempo. A diferenza é que hoxe pasouse da enciclopedia, acaparada polos CD-ROM e a venda a crédito, á máis variada quincallería (ver recadro), un

negocio que nunca perde porque se recollen todos os inventados e se lanzan outra vez ao cabo do tempo.

O quiosqueiro protesta porque lle ocupan un sitio que non ten, e tamén porque hai clientes que pretenden que lle garden varios fascículos e despois, como a factura engordou, non vai buscalos quedando o vendedor co morto. “A esencia do fascículo é mercar pouco a pouco, acumular non ten sentido”, dinos Carrasco.

Pero cos coleccionábeis pasa como cos xoguetes: do visto na televisión á realidade hai unha gran diferenza. Os defrau-

dados ao ver o produto real son moitos, pero igualmente hai un universo de compradores, enganchados desde cativos ás coleccións de cromos, que perseveran ata o fin co que seña.

Nestes anos a diferenza no mercado está en que a prensa diaria e as revistas tamén se adican a ofrecer todo tipo de obxectos: fichas de dominó, escudos, nós mariñeiros, fotografías antigas, libros a baixo prezo, DVD, vídeos... o caso é crear a necesidade de ter que mercar o número seguinte. E se che faltan pezas, ou números atrasados véndenos ao dobre de prezo. ♦

Algunhas coleccións da temporada 2002

El mundo de Mariquita Pérez
Camiones de Antaño
Cajas de Época
Perfumeros de cristal
Plumas de coleccionista
Barbie
Juegos de Mesa
Colección Porsche
Los taxis más emblemáticos del mundo
Porcelana de Ensueño

Magic English
La energía de las piedras
El fascinante mundo de los perfumes
Piezas de Arte del Impresionismo
Construye La Pacific
Construye el avión El Barón Rojo
Las más bellas máscaras venecianas
Electrónica fácil
Construye el galeón Santísima Trinidad
Pathfinder, el robot



Xudeus por Palestina: fazer próprio o soño alleo

PILAR PALLARÉS

Escrevín hai uns meses con certa dureza sobre a atitude e o comportamento habituais dos xudeus, e non só dos xudeus israelís, a respecto dos palestinos. Continuo a concordar con Saramago, tan denostado nos últimos tempos por ese tipo de declaracións, cando denuncia que os xudeus son "rentistas do Holocausto": "Pensan que, por moito mal que eles podan inflixir agora a quen sexa, nunca ha ser comparábel co que sufreron eles. Na súa conciencia patolóxica de povo escolleito, cren que o horror que padeceron xa os exime de toda culpa polos séculos dos séculos. Non conceden a ninguén o dereito a xulgar-los, porque eles foron torturados, gaseados e incinerados. Ademais, e ao tempo, que ren que todos nos sintamos corresponsábeis do Holocausto e que expiemos a nosa suposta culpa aceptando sen chiar canto fagan ou deixen de fazer".

As palabras de Saramago están tiradas de *¡Palestina existe!*, o libro de urxencia que os acontecimentos desencadeados na pasada primavera fixeron nacer da man de Javier Ortiz. Saiu do prelo de Foca (Móstoles, Madrid) e contén colaboracións do Nobel portugués, Chomsky, James Petras, Edward Said, o xeneral español Alberto Píris —na reserva e analista do Centro de Investigación para a Paz— e Antoni Segura, catalán especialista no mundo árabe.

Para min é especialmente lúcida a análise de Píris, mais tamén hai que salientar a nacionalidade norte-americana de algúns dos colaboradores, o que no caso de Chomsky se une á orixe xudia.

Arelo o coñecemento persoal de algun xudeu coa mesma falta de prexuízos e a mesma honradez intelectual e política. Mentres tanto, anima ver filmes como *Promesas*, documental norte-americano-israeli-palestino. Dirixen-no o sudafricano Justine Shapiro, o norte-americano nado en Xerusalén B.Z. Goldberg e o mexicano Carlos Bolado. É o drama cotidiano, a loita por se agarraren á esperanza dun futuro mellor, de sete nenos palestinos e israelís entre 1997 e 2000.

E aí, na Praza da Fonte dos Inocentes, as "Mulleres de negro", a continuaren en París e noutras cidades do mundo o movemento contra a ocupación que, seguindo o modelo das "Nais da Prazade Maio", iniciaron en 1997 Hagar Roblev e outras moitas mulleres en Israel. Foi fermoso verlas de mans dadas cos palestinos e árabes a carón do Forum des Halles. Voltan ali cada sábado, de 15 a 17 h. ♦



O día máis importante da filla do presidente

ANXO TABOADA

Foi unha voda de Estado. Pero tamén houbo amor, ambición, perda da virxinidade e tiros longos.

Amor

Ninguén cuestiona que ela, Ana Aznar, esteña namorada. Hai máis motivos de dúbida no caso del, Alejandro e ese apelido de pastillas contra o catarro: Agag. Abonda con fitar a súa cara de pillabán e a permanente expresión de braquetazo. Os antecedentes tampouco o avalan: a noiva anterior era a filla do presidente dunha importante multinacional e parece que deixou os cargos no partido máis por indicación do seu pai político que por convicción propia. Ademais ¿quen lle impide retomalos despois de facer un fillo ou dous?

Virxinidade

É tradicional que as fillas de familias de dereita non copulen por fóra do sacramento do matrimonio ou, como se dicía, no último franquismo, non manteñen relacións prematrimoniais. Pero dado que no fondo todos somos animais (dín que a ela se lle poñían os dentes longos cada vez que pensaba nun leito conxugal), o que neste caso aconsella a fa-

milia é casar o antes posíbel para desaforar en sagrado e coas bendicións debidas. De non actuar con rapidez, a rapaza, presa dos calores da idade, podería fuxir pola fiestra da Moncloa para cair non lombos dun galopín, mesmo estranxeiro. Din que a Aznar lle entran as febres amazónicas cada vez que imaxinaba os titulares do órgano socialista, *El País*, coa noticia de que unha filla do presidente se fugara cun negro cubano, ben dotado e comunista. El sabe que eses escándalos suceden e que a tendencia é aínda máis acentuada nas mellores familias. A saber a razón.

Unha voda de Estado

O actual presidente español pretende facerse un sitio na escena internacional para cando se retire, e a falta dun verbo fluído como o de Felipe, boas son as vodas de aboengo, con estatistas e príncipes de por medio.

Os convidados

Alí estaban os Reis e Tony Blair e

Isabel Preysler e Miguel Boyer e, a outrora actriz socialista, Marisa Paredes e o ex-seleccionador e fillo de republicano Camacho e Berlusconi e Garzón. Por certo que o superxuíz desaproveitou a ocasión para lle tomar declaración ao presidente italiano que ten pendente unha comparecencia ante a Audiencia Nacional. A presenza de estatistas na cerimonia xustificouna nunha emisora de radio un espontáneo: "É que nós, os de dereitas, soemos convidar os compañeiros de traballo".

O lugar

Casaron no Escorial, sen dúbida porque era o máis monárquico, aínda que quizá non tiveron en conta de que se trata dun monumento funerario, no que descansan a dinastía borbónica.

Como acontece nas boas familias, o xantar non foi nun restaurante. Normalmente o terreo escollido é un *cortijo* ou a *finca* dun toureiro. Neste caso tratábase dunha *finca* que os seus propietarios adoitan alugar para vodas. Pero a familia Aznar non estivo

ben asesorada e serviu de camaza á prensa desafecta que descubriu que a instalación non pagaba imposto municipal de hostelería senón de actividades agropecuarias. Ademais só abonaron a metade do prezo habitual do menú.

O vestido

Polo xeral as noivas van escotadas, sobre todo no verán. Ana Aznar sen embargo compareceu de manga longa e ben tapada, ao estilo da Raíña Virxe de Inglaterra. Só se permitiu un levísimo escote de barco.

Documentación

As hemerotecas trannos o recordo daquelas nupcias entre Carmencita Franco e Alfonso de Borbón, a unión para a historia de dous apelidos ilustres e unha cerimonia ben pensada polo Borbón para intentar adiantarse na carreira pola coroa a Don Juan e a Juan Carlos. Non é preciso lembrar que non logrou o que apetecía. ♦

GONZALO VILAS





PACO VILABARROS

AS RAPAZAS ESQUECERON OS PREXUEZOS DAS S AS Mulleres, TACOS e sexo

MAR BARROS

Pijamas, malotas, grunges, rapeiras, surfers, heavies, todas te en algo en com n cando se expresan, todas falan de t os e utilizan tacos coa

Institutos, pubs, discotecas e rúas atéiganse de mozas, cada vez máis novas, que esqueceron os prexuízos das súas nais. Nas súas conversas o sexo deixou de ser un tabú, como o fora para as súas antecesoras, e os *tacos* presiden o seu xeito de expresarse.

Ao camiñar pola rúa, xa ninguén se sorprende cando as mozas que van diante comentan dun xeito moi distendido o aspecto físico do rapaz co que se acaban de cruzar, xirándose e mirándoo descaradamente. “Non nos cortamos, ¿por que facelo? É algo normal, se algo non gusta temos que velo e por qué non comentalo”. Nin cando dende unha esquina unha rapaza berra calquera improprio.

Os medios de comunicación, en especial a televisión, son un claro reflexo do cambio que se está a producir na sociedade e cumpren, ademais, un papel importante á hora de consolidar estes novos hábitos sociais. Series e películas mostran esta nova forma de expresarse das rapazas. Os problemas e preocupacións sexuais das personaxes da serie norteamericana *Sexo en Nova York* non impresionan a un público cada vez máis acostumado a este tipo de temas

e a unha linguaxe audiovisual cada vez máis violenta e irreverente.

Nos colexios os profesores viven de preto a nova realidade. Estes profesionais non atopan diferencias entre nenos e nenas e din que cada vez redúcese a idade na que os cativos empezan a utilizar tacos e a falar de sexo. Insultos, tacos, referencias sexuais ilustran as paredes dos colexios, especialmente, as portas dos servizos, que son unha boa mostra desta nova tendencia.

Ademais da televisión, a literatura e a música échense dunha linguaxe cada vez máis alonxada do “politicamente correcto”. No ámbito literario os lectores atópanse, por exemplo, cunha das voces máis persoais da poesía en galego das últimas décadas como é Lupe Gómez. Totalmente rompedora, en 1999 publicou *Os teus dedos na miña braga con regra*, rachando con

todo ese compendio de eufemismos que se utilizaban para referirse tanto ao sexo como a un proceso biolóxico como o da menstruación. Sen embargo, este tipo de apostas non soen ser acollidas polas editoriais, polo receo que aínda ten a sociedade á hora de consumir este tipo de produtos, e a alternativa que lles queda é a autoedición. No mercado da música a situación varía sensiblemente. Existen determinados estilos que se

caracterizan pola súa linguaxe e a súa temática. Neste sentido non é difícil atopar grupos femininos de hip-hop de éxito, onde a cantante solta improprios pola súa boca como forma de expresión.

Blasfemias e clases sociais

Xa ninguén se sorprende cando escoita a unha muller, en maior ou menor medida, blasfemando, porque este modo de expresarse deixou de estar limitado aos

homes. “Hoxe en día, todo o mundo emprega en maior ou menor medida tacos ao falar, sobre todo se estás entre os seus amigos”. Antes a sociedade reprimía os usos lingüísticos das mulleres e censuraba a utilización de blasfemias, que marcaban de xeito tallante as diferentes clases. Neste sentido, as mulleres que querían ter un certo prestixio social atíñanse a esta máxima. Sen embargo, foise chegando a situación actual gracias as accións transgresoras de mulleres que tentaban rachar coas tradicións e costumes que as limitaban. Cómpre destacar o exemplo de Maruxa Mallo. Esta artista excepcional que destacou fundamentalmente na pintura viviu en Madrid, nun momento no que os novos creadores se rebelaban contra o conservadorismo artístico dos seus mestres. Nos anos vinte levou unha forma de vida pouco convencional, acudindo a lugares prohibidos ou montando en bicicleta pola cidade. Sen embargo, o que realmente conmocionou a anquilosada sociedade madrileña foi que esta excéntrica personaxe se presentase a un concurso de blasfemias, onde por suposto ela era a única muller, e gañou. ♦

Televisión, literatura e música son un claro reflexo do cambio que se está a producir na sociedade.

LIBROS PARA TODOS



A lingua secreta
Xesús González Gómez



Carolina Otero
Marga do Val



As imaxes de Carlos Velo
Miguel Anxo Fernández



O neno mosquito
Debuxos: Pepe Carreiro. Adaptación: Susana Castel, Xosé López



O soño do galo
Debuxos: Pepe Carreiro. Adaptación: Susana Castel, Xosé López



Xanardán e a becha
Debuxos: Pepe Carreiro. Adaptación: Susana Castel, Xosé López

Sonos Electricos

César Lorenzo

Nubosidade variábel

LUÍSA VILLALTA

Estaban as nubes señoreando o horizonte mentres na praia a preguiza botaba os seus cálculos nos ollares inquietos dos veraneantes.

—En Galiza co tempo nunca se sabe —dicía, traducido, a de Madrid.

—Pois claro que non se sabe —confirmaba a de Canarias. —Como iso que din da escaleira, que se suben que se baixan. Non se sabe o que pensan, pero, iso si, boa xente, como esta non hai. E como traballan! Que nolo digan a nós.

—E que barato está todo. Até o marisco, que, mira, aquí se pode pagar. Almudena, deixa de enredar coa toalla...

Almudena esfregaba un pequeno tesouro coa punta dobrada da toalla. Unha chapíña branca con algo como unha raia azul en diagonal, un pouco esvaída de cor e o esmalte cacarañado por puntos.

—Mira que atopei.

—E iso que é? Anda, un pin! Trae, trae, dame iso que te vas mancar. Non sei como tiran estas merdas con pinchos por aí pola praia.

—Muller, caería.

—Dame, é un tesouro.

—Que tesouro? É unha merda.

—Non sabes o que é? É a bandeira. En Canarias os galegos até a poñen nos bares cando xoga o Deportivo.

—Pois con máis razón. Que bandeira, nen bandeira: as bandeiras son un atraso, unha mentira. E agora tiñan que sair estes tamén cos nacionalismos. Co ben que están co seu marisco, o clima, e este nivel de vida tan asequebel. Ouves? E en comparación co estranxeiro, como en España nada. Digocho eu, que viaxo bastante.

—Iso é o que digo eu en Canarias: os africanos para África, os alemáns, para Alemaña. E os galegos...

—E tes toda a razón, porque chega un momento en que non cabemos todos. E nós tamén imos, que o tempo parece que se vai poñer feo. Ven Almudena, pon o vestido.

—Pois eu tamén marcho. Até mañá, se non chove. Que aquí nunca se sabe. ♦



Discípulos de Ben Hur

Os xogos de carreiras son un auténtico clásico dos videoxogos. Moito choveu desde aquel primeiro título no que o xogador tiña que esquivar coches que viñan en sentido contrario. A evolución do xénero tamén mudou os escenarios e incluso os vehículos. Famosos foron algúns xogos de armatostes prehistóricos a toda velocidade ou naves do futuro sucando o espazo.

Por outra banda, moitos quixeron incluír na dinámica da competición outros elementos que fixesen os xogos máis completos e entretidos durante máis tempo. *Destruction Derby* propuña carreiras nas que non só contaba chegar primeiro á meta senón ir broucando os competidores ata deixalos no chasis. A serie *Carmagedon* optaba polo sadismo au-

tomobilístico e premiaba as velas e as vacas atropeladas en pleno centro da cidade. Con *Grand Theft Auto*, a cuestión xa non é conducir os coches senón fuxir da policía, algo semellante ao que deseñaron os creadores do mítico *Driver*.

Pelexas de cuádrigas

Mais o que propón *Circus Maximus* é totalmente novidoso. Este xogo converte os mandos da consola nas rédeas dunha cuadriga a través dun circo romano. Aquí xa non só cómpre chegar o primeiro á meta da carreira montado nun carro de catro cabalos senón ir eliminando os nosos rivais a base de trade chantada no eixo o látego.

Por ser a primeira mostra deste novo concepto de xogo,

está ben desenvolvido para facerse xogábel. Posúe todas as características para pasar unhas tardes ben completas. Ten unha gran variedade de personaxes e escenarios. Hai dezanove trazados de circuitos en sete rexións diferentes (Britania, Grecia, Exipto ou África, entre outros) e multitude de nomes de corredores. A opción multixogador funciona de xeito preciso e aumenta a diversión do título.

O modo de xogar, aínda que non é complicado, ten certos trucos que hai que ter en conta para contar as carreiras por triunfos. Non cómpre cansar demasiado os cabalos porque corremos o risco de que cheguen escangallados ao final.

Ao conducirmos con dous personaxes, é bo que un se encargue de repartir golpes de

gladium e o outro atenda á conducción, pero non está mal que o copiloto axude coas súas manobras a salvar curvas pechadas. Hai que ter en conta que a cuadriga tamén está suxeita aos golpes dos contrarios e que se nos quedamos sen puntos de resistencia, perdemos moito tempo e varios postos na clasificación.

Esperemos que este título, xa dispoñible en PS2 e Xbox por 62,95 euros, teña outra versión. Precisa dunha enorme mellora dos gráficos e un mellor aproveitamento dos efectos sonoros para converterse nun clásico deste novo híbrido de carreiras con "algo máis". Kodiak Interactive tivo coraxe e logrou que da consola xurdan saídos de admiración para os aurigas máis audaces do Imperio. ♦

Meu Santo, Miña Santiña

francisco a. Vidal

San Bernardo divino mestre melífluo

Entre erótica e morbosa, a imaxe máis difundida deste monxe do século XI é esa, na que está extasiado cara a Virxe, e ela, cun peito descuberto, xiríngalle un chorro de leite á boca.

Sede de santo, saciado co mesmo leite de que se alimentou o Fillo de Deus, pois Bernardo foi un fervente namorado da Virxe María, a quen lle dedicou un grupo de cánticos e cal culto popularizou por medio dos seus sermóns. Sen embargo, pese aos malos pensamentos que a devota iconografía pode transmitir, só representa o divino alimento das súas palabras, curiosamente, con certo paralelismo coas proceções que os romanos lle dedicaban a Isis, a nai da natureza, durante a que os devotos bebían leite con mel. Pola contra, el foi un home casto, como se demonstra naquel episodio da súa vida, en que, entrando nunha pousada para pasar a noite, a pousadeira, véndoo tan feituquido, cando todos estaban durmindo, entrou no seu cuarto e metéuselle no leito, achegándoselle con pouco devotas intencións. Bernardo

apartouse, pero ela, ansiosa por disfrutar do mozo, arrimábase aínda máis, ata que el, facéndose o parvo, comezou a berrar que había ladróns no seu cuarto. A pousadeira fuxiu e o freire volveu a ter toda a cama para el; pero cando todo parecía en paz, tornou ela a entrar no aposento de Bernardo, e volveu el a espantala a gritos, berrando que había ladróns.

Cando á mañá seguinte os seus compañeiros lle preguntaron se non sería un pesadello, el contestou:

—Non, eran ladróns que querían roubarme o máis prezado que teño, a miña castidade.

Este monxe, activo e recesos, xa con vintedous anos e na compañía de trinta mozos, entre os que estaban algúns dos seus irmáns, entrou no Císter, aportando novas ideas para promocionar a orde por toda Europa; e así, poucos anos despois do seu ingreso, xa lle encargan a fundación dun mosteiro na marxe esquerda do Elba, nun lugar chamado val da Amargura, onde despois de reunir setecentos freires cambioulle

o nome por val da Luz ou Claraval, do que tomou o seu apelido: Bernardo de Claraval.

Entre as contribucións teóricas que este santo fixo durante a súa vida, está a do cristocentrismo, en que Xesús vén sendo o centro do universo, arredor de quen xira o mundo. E seguramente en agradecemento por esta exposición nun intre de éxtase baixou Xesús a abrazalo, como se representa nalgunhas obras do Renacemento e do Barroco, cando a teoría do heliocentrismo cobra crédito de verdade irrefutábel. Pero se acadou a santidad foi máis polo seu labor político no seo da Igrexa, potenciando a orde do Císter ata fundar máis de 160 mosteiros e intervindo directamente nas disputas entre bispos e reis, tratando en todo momento de potenciar a influencia da Igrexa nos gobernos europeos, e incluso subxugándose a autoridade de Roma.

Al era a súa influencia, que cando Hugues de Payns veu desde Oriente na procura de persoas con vocación cristiá, dispostas a loitar por

recuperar os Santos Lugares, procurou o apoio de Bernardo ata fundar a orde do Temple, para quen o relixioso escribe as súas "Loanzas dunha nova milicia", consideradas como a regra dos templarios, a favor de quen loitou ata que foron legalizados no concilio de Troyes.

A súa influencia sobre reis e papas deulle fama de árbitro, e era reclamado por uns e outros para lle pedir consello ou dirimir conflitos. E se por un lado o seu misticismo o facía famoso como ser próximo á divindade, non era menos a súa actividade política, de home cos pés na terra e servindo sempre ao seu amo, á Igrexa, sinalando, xa fose por medio dos seus sermóns ou dos seus escritos, os tres camiños que se deben percorrer cara Deus, unindo o contemplativo e de éxtase ao da vida práctica, quizabes o menos espiritual pero tamén o máis materialista.

olos seus sermóns e tratados piadosos, Bernardo de Claraval foi chamado o "mestre melífluo", pois quen o escoitaba dicía que da súa boca saía o mel, o divino leite con

FRANCISCO CARBALLO

Na análise das revolucións figurou sempre a función do "grand peur". Os contrarrevolucionarios acoden á provocación dunha vaga de ansiedade, de pánico, para descualificar os seus inimigos e recuperar o poder. Tal fenómeno deteriorou, ás veces, a estratexia revolucionaria.

Mais reducir a historia do medo a estes períodos é ignorar aspectos antropolóxicos con repercusións sociais de longa duración. Posibelmente o historiador máis amplo do "medo" sexa J. Delimeau. Compendia en "O medo de Occidente (s. XIV-XVIII)" os múltiples estudos que dedicou a este fenómeno.

Abreviando: no XIV coa "peste negra", coa descomposición da Cristiandade e outros fenómenos, o medo chegou a posuír o dominio do político, do social, do relixioso e do familiar. Na península ibérica, a sensación de inseguridade modificou todo o entramado político-social. Só se tranquilizou o "poder" coa Inquisición ecívico-relixiosa do XV. Esta Inquisición estatal e eclesiástica servía de espantallo e de garante do "statu quo", encobría o medo, non o curaba.

"Utilízase o medo, di Delimeau, porque se ten medo". Observemos os trucos do "poder actual", do "aznarismo", sobre este fenómeno do medo. Non quere ilexitimar a toma do poder no 36 polos sublevados contra a democracia e agora invoca esta para ilegalizar Batasuna; insiste en xerar unha espectacular tónica de terror ante o "terrorismo"; utiliza o medo porque ten medo. O medo "aznariano" (igualiño ca o de Bush) materialízase en medidas represivas en vez de ir ás causas do seu medo.

Os ilustrados buscaron na natureza, na persoa humana, no razoamento, unha saída da anguria. A ciencia, a arte, a relixión desenvolvidas libremente son vieiros de paz. A desigualdade, a inxustiza de xuíces, gobernantes e lexisladores impiden a saúde, xeran medo. Os terroristas son un testemuño da psicopatía colectiva. O nihilismo está producido pola desesperanza e desemboca en terrorismo. O nihilismo é a proba definitiva do malestar social. O actual sistema de dominación económica e política desigual, envilece e arrasa as esperanzas humanas tanto de colectividades como individuais. Ou se cambia o sistema "globalizador" actual ou o terrorismo furará todos os tecidos da inxustiza cara a aniquilación. Só unha terapéutica global pode iniciar a superación do medo. ♦

Anacos de Borobó



Debuxos de Guerra, de ARTURO SOUTO

O exemplo do ferreiro de Infesta

Na mesa redonda de *Os escritores e os xornalistas ante a guerrilla* (celebrada neste verán no transcurso das V Xornadas *Catoira na Historia*, adicadas a *A guerrilla antifranquista en Galicia*), en vez de discorrir adrede da interpretación informativa ou literaria de tan dramática circunstancia histórica, preferín utilizar a miña vella técnica de narrador para lembrar algúns datos relacionados cunha das accións máis traxicas daquela, que coincideu, paradoxicamente, no tempo, cun dos acontecementos máis trascendentais e ledos da miña vida.

odería ser parte do meu inédito *Memorial de Trevonzos*, pero foi escrito para publicar en *A Nosa Terra*, coma dous máis dos exemplos humanos que estou poñendo aquí. Aproximándose así ao centenar, incluíndo os que últimamente puxen dos meus compañeiros da nenez, Peteiro e Cabanas, que ocuparían aínda maior espazo do que consagrei a Valle-Inclán ou Castelao, si se publicasen íntegros.

■ **A FAMILIA DOS CARLÉS.** Malia a súa extensión, que motivou que non coupesen enteiros nesta plana, aínda tiven que engadir, en tal mesa redonda, o que me foi revelado durante ditas *Xornadas de Catoira*, por un sobriño do guerrilleiro cesureño, Ricardo Fernández Carlés; un dos catro camaradas do *Foucellas*, fusilados pola Benemérita ao anoitecer do 19 de maio de 1948, na aldea de Loureiro, da fregresía de Luou.

Pois coñecín nas *Xornadas*, ao sobriño, Alfredo Manteiga Fernández, que asistía con moita atención aos debates sobre *A guerrilla antifranquista*, na que seu tío pereceu tan cedo. Trátase dun experto en caldeirería, natural da miña vila, que traballa na Coruña. A súa nai, Carmen Fernández Carlés, era unha das irmás do guerrilleiro cesureño inmolado en Luou. Coido que o apelido Carlés é o máis típico de Pontecesures. Levábano xentes das dúas clases

nas que no meu tempo mozo aínda aparecía diferenciada claramente a sociedade galega: a dos señoritos e a dos artesáns.

Así, foi alcalde de Valga D. José Carlés Braña, dende principios do século XX, ata o golpe de estado do xeneral Primo de Rivera (13-IX-1923), e aínda logo, só de Pontecesures, coa Ditablanda de Berenguer. Outro caso destacado despois sería o de D. Francisco Fernández García, fillo doutra irmá do infortunado Ricardo, quen chegou a ser oficial administrativo da Armada, e pertenceu logo ao Corpo de Interventores Municipais, do que está agora xubilado, vivindo prácidamente na súa vila natal.

nai do meu informante, Carmen Fernández Carlés, vivía cos seus pais e irmáns en Redondo, na estrada de Valga a Cesures (ou de Vigo a Coruña). Casara no primeiro ano da República, con Alfredo Manteiga Chenlo, fillo do ferreiro de Baño, lugar da parroquia valguesa de Xanza, onde nacera no ano 1900. Aos dezasete anos emigraron no trasatlántico *Cristobal Colón* a Cuba, onde permaneceu quince e, ao retornar de América, no *María Cristina*, proseguíu o oficio de seu pai, establecéndose en Cordeiro. Mais, ao casar axiña, trasladou a súa ferretería a Infesta; unha aldea cesureña onde moraba cando ocorreu a matanza na que foi vítima o seu cuñado Ricardo. Da que o ferreiro de Infesta chegou a ser testemuña da sanguenta conclusión, como relata escuetamente nas palabras textuais, recollidas por seu fillo e homónimo.

■ **PALABRAS TEXTUAIS.** Ese día viaxaba a Berdía por comprar patacas, no primeiro tren da mañá. Ao chegar a estación de Osebe vin moito movemento de gardas civís. Oín comentar á xente que mataran aos *Foucellas* no monte Loureiro.

Baixei do tren e na bicicleta que levaba fumme a ese sitio.

Ao chegar, xa estaban os paisáns do lugar presenciando o

desastre.

O alpendre, ou o que quedaba del estaba fumegando. Os catro cadáveres estaban tirados no solo. Tiñan un boquete no peito; estaban descalzos, sementes tiñan postos os calcetíns.

Dispoñíanse a cargalos nun carro de vacas, para levarlos ao cemiterio de Luou. Fumos todos por detrás acompañándoos. Ao chegar, o xefe que mandaba a forza, díxolle ao cura que, coma delincentes que eran, os enterrara nunha foxa común.

Pero o cura, entre misa e funeral, alongou o tempo ata que a Garda Civil se foi. Entón mandou que se fixeran catro foxas, para enterralos a cada un na súa.

■ **FUSILADOS E DESCALZOS.** Dentro do seu dramatismo, o relato de Manteiga é unha breve e exacta estampa da época. Ía a Berdía a mercar as prezadas balocas, naquel ano, aínda da fame, do franquismo, coma tantos outros artesáns que deixaban de traballar un día no seu oficio para buscar naquela fértil terra, próxima a Santiago, o alimento básico das súas familias. Ían no tren e, para burlar os axentes que perseguían o estraperlo, volvían na bicicleta cargada no sillín cun saquiño de patacas.

Pero, sen dúbida sabía o ferreiro de Infesta que o seu cuñado se incorporara naqueles días á partida do Foucellas, de guarnición en Cesures, e por iso pensou deseguida que Ricardo, o Carlés, podería ser un dos que a Garda Civil matara no monte Loureiro. E marchou presto para alá, na súa bicicleta.

opou fusilados e descalzos os catro guerrilleiros, cuíus nomes xa dín no *exemplo de Cabanas*: ademais do cesureño Ricardo Fernández Carlés, o *Barbarroxa*, da Matanza (xunto a casa de Rosalía), alcume de Manuel Agrasar Cajaraville; o asturiano Florentino Menéndez Palacio e Vicente López Novo, de Santa Uxía de Riveira. A razón de estar descalzos, pensa o fillo do ferreiro que sería, a de que foran sometidos ao tormento máis nor-

mal, pisoteados coas culatas dos mosquetóns para que cantaran.

■ **AS FOXAS DE LUOU.** A revelación máis importante agora, de Manteiga Chenlo é a do que os cadáveres dos catro guerrilleiros non foron enterrados en foxa común, coma falsamente se afirmou nalgun dos libros que tratan da súa execución, e aínda recentemente en certa información de prensa. Non: o ferreiro de Infesta presenciou a sepultura en foxas separadas, individuais, aínda que á beira unhas das outras. Alfredo Manteiga (senior) tomou boa nota no caletre de onde quedaba enterrado o seu infortunado irmán político. E cada primavera, no dezanove de maio, ía a poñerlle unhas flores na súa anónima tumba; sen dicirullo a ninguén, agás a súa muller, e o seu fillo cando medrou.

Parece que Alfredo Manteiga (junior) tampouco llo comunicou a outra persoa ata que mo revelou a min, hai mes e medio, en Catoira. Pois hai que andar con coidado, coas cousas que se din, aínda un cuarto de século despois da morte do tirano.

Cando por fin se están descubriendo as foxas comúns nas que se enterraron miles de cuneteados, ou paseados noutros terreos. Nelas confúndense os osos de inumerábeis vítimas do franquismo, dos que facilmente poderá coñecerse, a ciencia certa, a súa identidade. Mais, os esqueletos dos guerrilleiros fusilados na aldea de Loureiro atoparíanse ben diferenciados, e poderían ser os primeiros que nas súas respectivas vilas, teñan xa unha tardía e digna tumba.

índa que non coupera verelles o "boquete no peito", e desese por válido, o que certificou o meu finado amigo, Germán Antúnez Oliver, xuíz comarcal de Teo, de que morreran "a consecuencia de hemorragia interna". Pois vivindo nun estado de dereito torcido, como aquel, tería que se dar máis crédito ao que firmou tal maxistrado, que ao que veu, cos seus propios ollos, o bo

O Trinque Raio verde

Hai uns anos Eric Rohmer fixo unha película e tamén hai unha novela de Verne co mesmo título. O fenómeno do raio verde é espectacular: ponse o sol vermello no mar, e no derradeiro instante denantes de

desaparecer vira a verde esmeralda. Nestas semanas, se o horizonte está ben limpo, busque calquer lugar alto onde ollar o sol deitar no mar e pode ter a sorte de ollar este espectacular fenómeno. ♦

leCER

Coordinación: Eva Montenegro Piñeiro

G U I E I R O D E C U L T U R A E



Aínda estamos a tempo de visitar a mostra fotográfica de Xosé Raño en BUEU, ata o domingo 15, sobre as xentes e paisaxes da illa de Ons.

Arteixo

■ MÚSICA

SINFÓNICA DE MELIDE
Esta orquestra dará un concerto o sábado 14 ás 21 h. no Paseo Fluvial.

Betanzos

■ EXPOSICIÓNS

RAFAEL CANOGAR
Mostra da súa obra gráfica na *Fundación Internacional da Estampa Contemporánea* durante o mes de setembro. Información en cic@fundacioncic.com.

Bueu

■ EXPOSICIÓNS

ONS, NAO ATLÁNTICA
Xentes e paisaxes. mostra fotográfica de X. Raño na sala A. Domínguez Búa ata o domingo 15 de setembro.

Burela

■ EXPOSICIÓNS

AS IMAXES DE CASTELAO
Mostra sobre a vida e obra do esgrevio nacionalista galego ata o 29 de setembro, na Sala de Arte do Concello.

A Coruña

■ EXPOSICIÓNS

IMAXES MAIORES
Sete xoves fotográficos, nados entre o ano 67 e 78, como son **Andrea Costas, Fran Herbello, Cristina Rodríguez, Zoraida Marqués, Quique Llista, Jorge Meis** e **Oscar Cela** tentan mostrar a súa visión do mundo dos maiores. Na sala de exposicións *Caixa Galicia* ata o 30 de setembro.

ATLÁNTICA
Ata o 30 de setembro, o Museo de Arte Contemporánea de Unión Fenosa albergará unha mostra do *Grupo Atlántica*.

XÉRVASIO SAR
Na cafetería *La Compañía* podemos ollar as súas pinturas ata o 8 de outubro. As teas de **Jesús Montero** estarán no hotel *Mª Pita* ata o 27

de setembro. E as pinturas naif de **José L. Barral** están expostas, ata o 30 de setembro, en *Portas Artabras*.

SOL LEWITT
Ata o 15 de setembro, a *Fundación Barrié* presenta esta exclusiva mostra de obras do artista de Connecticut. Lewitt adicase, desde os 60, a crear obras que exploran a maneira na que as ideas lóxicas poidan ser transformadas en formas visuais e expresivas. Enraizada no Minimalismo, a súa obra foise desenvolvendo ata se converter en estudos da relación entre a forma e a cor, concepción e execución, sinxeleza e complexidade, casualidade e control. Os murais, as estruturas e os graúches incluídos nesta exposición foron deseñados na súa totalidade adrede para as paredes e espazos da *Fundación Barrié*, e por tanto, esta exposición convértese nun elo esencial na carreira desta figura clave da arte do s. XX.

AS CORES DO MAR DE GALIZA
Ata o 31 de decembro, a *Casa das Ciencias* vai acoller

esta mostra fotográfica submarina, que forma parte dunha unidade didáctica isobre o ecosistema marino do noso país, que a través de 50 imaxes pretende a mostrar a beleza e a diversidade zoolóxica que encerra o noso mar, buscando o equilibrio entre as especies popularmente coñecidas e as descoñecidas, pero sempre desde un punto de vista artístico, que á vez sirva como fio condutor para axudar a divulgar e coñecer mellor as nosas especies. Este traballo é o resultado de 25 anos de experiencia mergullándose e fotografando o mundo submarino.

ANATOMÍA DO CORPO HUMANO
Este mes fecha esta mostra que está sendo exposta pola *Domus*.

■ MÚSICA

MASTER BLASTER
No *Forum Celticum* este xoves 12, rock desde Pontevedra con **Master Blaster**.

STANDSTILL
Abandeirados do hardcore ao que dotan dunha gran cantidade de elementos que o achegan ao público sen renunciar á súa esencia chea de enerxía e vitalidade, cando o



Carteleira

OS HOMES DE NEGRO II. Uns extraterrestres chega á Terra coa intención de conseguir un tesouro galáctico agachado no planeta. Para acadar o tesouro están dispostos a desintegrar a Terra e os homes de negro terán que evitalo.

A VODA DO MONZÓN. Mira Nair consegue a León de Ouro de Venecia con esta magnífica mostra do conflito cultural que vive a India. Mesturando comedia e drama a director de *Mississippi Masala*, amósanos as relacións entrecruzadas dentro dunha familia cando casa en Bombay a proxénita e chegan familiares desde os Estados Unidos e Australia. Música e cór para embobarse.

TODA A VERDADE. Unha avogada ve como deteñen e acusan o seu home de ter cometido crimes cando estaba no exercito. El negao e ela cre que se trata dunha conspiración dos militares. Previsíbel.

WINDTALKERS. Durante a Segunda Guerra Mundial, un indio nativo, cifrador de mensaxes na súa lingua, participa en cruentas batallas no Pacífico, mentres un sarxento ten que protexer a clave, aínda que sexa matándoo. Drama belicista.

PÁNICO NUCLEAR. O cambio de presidente en Rusia coincide cun ataque nuclear contra unha cidade americana. Co mundo á beira dunha guerra atómica, un analista da CIA terá que demostrar que non hai relación entre o ataque e Rusia.

O OUTRO LADO DA CAMA. Unha temporada longa en carteleira, esta comedia española está a emular o éxito de *Air-Bag*. Ligues e infidelidades de dúas parellas mozas. Boas interpretacións, humor abundante e dous ou tres momentos de tirarse polo chan.

O MESMO AMOR. A MESMA CHOIVA. Un escritor de contos frustrado vive a transición argentina desde a redacción dunha revista, ao tempo que ve como a súa relación amorosa se deteriora. Final, con todo, esperanzador neste filme realizado polo mesmo equipo de *O fillo da noiva*.

O CRENTE. Un xudeu profesa a ideoloxía nazi e practica o antisemitismo, pero os seus ataques ao seu pobo fano entrar en contradición. Película un chischo sionista.

O HOME QUE NUNCA ESTIVO ALLÍ. Un empregado de perruquería ve a oportunidade dun negocio e, para financiarse, chantaxea ao querido da súa muller, pero este decátase de quen é. Outra vez a América profunda dos irmáns Cohen.

SMOKING ROOM. Ramírez, oficinista na sucursal dunha compañía nor-

teamericana, recolle sinaturas para habilitar un espazo no que os traballadores podan fumar. O que parece unha inocente iniciativa destapa miserias, medos e mesquindades.

UN NENO GRANDE. Hugh Grant, que novamente está para comer con queixo, protagoniza esta comedia amábel con neno. Outra versión da historia do solteiro maduro que se resiste a sentar cabeza, pero acaba engoiolo polo sentido común dun infante de doce anos (unha especie de Descartes caseiro e con pantalón curto). A película é visíbel pola pericia do director que non a deixa cair en ningún momento e polo acerto do guión que actualiza o xénero e evita a cursilería. ¿Hugh Grant? Ben, gracias.

RESIDENT EVIL. Para pescudar o qué sucede, un grupo de operacións especiais entra nunha cidade secreta situada baixo chan onde se produciu unha catástrofe

resultado dunha investigación. Milla Jovovich moi sexy e rodeada de zombies.

SPIDERMAN. Unha araña modificada con xenética morde a un estudante, que a partir desas é quen de subir polas paredes e tecer mallas, algo que aproveita para facer o ben, aínda que o Trasnro Verde cruzarase no seu camiño. Non apta para diabéticos.

O CUARTO ANXO. Durante un secuestro aéreo uns terroristas matan á muller e ás dúas fillas dun xornalista, que posteriormente dedícase a perseguilos axudado por un axente da CIA.

MENTRES HAXA HOMES. Tres británicas de corenta anos viven con dificultade a súa relación cos homes ata que unha delas coñece a un que é moito menor que ela. A nova parella esperata receos do resto do grupo. ♦

Ferrol

■ ACTOS

IV ANIVERSARIO FUNDAÇOM ARTABRIA
Con este motivo, e durante setembro, celebra diversas actividades das que adiantamos as desta semana: o venres 13 ás 22:30 será a actuación do grupo de música tradicional **Can sen Dono**; o sábado 14 ás 20 h. comezará a conferencia sobre *Música Tradicional* a cargo de **Santiago Carneiro**, estudoso do noso folclore e fundador de *Berce*; e o mércores 18 ás 20:30 h. presentárase o **primeiro documento coñecido**, ata o día de hoxe, escrito en galego-portugués, acordado entre dous fidalgos de Braga datado por volta de 1175, polo profesor da U. de Santiago **J.A. Souto Cabo**.

■ EXPOSICIÓNS

ELPIDIO E LUÍS VILLAVEVERDE
A galería *Sargadelos* acolle unha mostra sobre a vida destes dous irmáns. O primeiro (1887-1956) foi un político galeguista, militante das *Irmandades da Fala* e da ORGA; alcalde de Vilagarcía entre o 31 e o 36, non sendo no *Bienio Negro*, no que foi per-



seguido e encarcerado; deputado polo F. Popular; tamén foi o fundador das *Milicias Gallegas* no fronte de Madrid; continuou a súa infatigábel militancia no exilio bonaerense onde morreu. O seu irmán, Luís (1891-1967), dirixiu en Buenos Aires a editorial *Atlántica* na década dos 50 e publicou, postumamente, o libro *Mariscos de Galicia*, do que poderemos ollar os seus debuxos orixinais. Ata o 30 de setembro

Jorge Meis, do que ollamos unha foto, participa na mostra Imaxes Maiores na sala de Caixa Galicia da CORUÑA.

O grupo de hardcore Standstill toca o venres 13 na Iguala de VIGO, e o sábado 14 no Mardi Gras da CORUÑA.

E. GRANELL. A ARTE DA CONVERSA
Mostra sobre o último surrealista español -galego- no *Centro Torrente Ballester* ata o 29 de setembro.

JULIO GALÁN CARVAJAL
A exposición do *V Premio de Arquitectura* que leva o seu nome estará no *Colexio de Arquitectos* ata o 20 de setembro.

A Gudiña

■ ACTOS


HOMENAXE A LAUREANO PRIETO R.
O sábado 14, organizado polo A.C. *Os Torquetos*, cele-



XIV Acampada da Mocidade

Que inclúe o *II Festival de Amizade Galiza-Portugal*, celebrarase en Goián (Pontevedra) do venres 20 ao domingo 22. O venres saírase en bus desde Compostela ás 12 h. para chegar a Goián ás 14, montar o acampamento e xantar; ás 16:30 visita a Vila Nova de Cerveira onde, ás 20 h, realizarase a charla-coquio *Relacións socioculturais entre Galiza e Portugal* coa participación de M^a Pilar García Negro (deputada do BNG), José Vial Moutinho (xornalista portugués), e Xosé Manuel Sarille (da dirección da Mesa pola Normalización Lingüística); ás 23 h, haberá un concerto no que intervirán Roberto Sobrado (cantautor), Folia (folc), e Lamatumbá. O sábado 21 realizarase un roteiro guiado polo

casco histórico de Tui co escritor Suso Vila; subirase ao Monte Aloia, onde se xantará e, xa pola tarde, farase unha visita a Valença do Minho; ás 20 h, vídeo-forum no Centro Goianés e, ás 23 h, saída á Guarda cunha festa no pub *A Guagua* coa actuación do cantautor Tino Baz. O domingo 22 haberá unha mostra de baile galego e portugués e do grupo de treboeiros Tocándar, na Praza da Igrexa; xantar de confraternidade na Fortaleza de San Lourenzo para regresar ás 18 h. A cota de participación, 15 euros, inclúe a participación en todas actividades e comidas como o desprazamento desde Santiago. Para anotarse ou pedir información pódese facer através do telf. 981 553 526. ♦



El Meswy, membro hiperactivo de CPV, hip hop, estará o venres 13 na sala Código de Barras de VIGO, e o sábado 14 no Clavicémbalo de LUGO.

Pontevedra

ACTOS

FEST@CTIVA
Promovida polo concello, está orientada á mocidade de entre 14 e 25 anos, a participación é aberta e gratuíta en calquera dos obradoiros e actividades, e celebrarase no Campiño de Sta. María desde o venres 13 ao domingo 15. O venres 13, de 19 a 21 h, haberá graffitis, hip-hop, baile africano e afro cubano, e percusión africana; das 22 ás 00 h, proxecciónase a película *Y tu mamá también*. O sábado 14, de 12 a 14 h, baile africano e afro cubano, clown, e malabarismos; de 19 a 21 h, hip-hop, percusión africana, graffitis, e malabarismos; das 22 ás 00, festa musical con Deggo, Marisol Manfurada e Enecas. O domingo 15, de 19 a 21 h, clown, graffitis, e malabarismos; das 22 ás 00, noite de clown-Novocircro. Para participar hai que chamar, de contado, aos telf. 986 102 030 ou 986 103 382. En caso de chuvia as actividades desenvolveranse no Colexio Froebel e a proxección cinematográfica no teatro Principal.

Halso, Aino Kannisto, Liisa Lounila e Pertti Kekaraime; de Noruega, Lene Berg, Iselin Lonn, Tor-Magnus Lundebj e Knut Asdam; de Portugal, Filipa César, João Tabarra, Nuno Cera e Miguel Leal; e do Estado, Vicente Blanco, Salvador Cidrás Este-Partegás, Miguel Ángel Rebollo, Manuel Vázquez, Juande Jarillo, Grupo El Perro e Juan Carlos Robles.

SANDRA VECINO

Mostra a súa produción artística na *Petite Galerie de Teo*.

GUILLERMO PEDROSA
Expón na sala *Teuro* a súa obra.

Porriño

TEATRO

FULANO, MENGANO E CITANO
Esta compañía representará a obra *Cheiro de Estrelas II* este xoves 12 de setembro.

Ribadavia

EXPOSICIÓNS

AS CORES DO MAR DE GALIZA
Ata o e de outubro, a Capela da Magdalena vai acoller esta mostra fotográfica submarina, que forma parte dunha unidade didáctica sobre o ecosistema mariño do noso país, que a través de 50 imaxes pretende amosar a beleza e a diversidade zoolóxica que encerra o noso mar, buscando o equilibrio entre as especies populares coñecidas e as descoñecidas, pero sempre desde un punto de vista artístico, que á vez sirva como fio condutor para axudar a divulgar e coñecer mellor as nosas especies. O resultado de 25 anos de experiencia mergullándose e fotografando o mundo submarino.

EXPOSICIÓNS

AS CORES DO MAR DE GALIZA
Ata o e de outubro, a Capela da Magdalena vai acoller esta mostra fotográfica submarina, que forma parte dunha unidade didáctica sobre o ecosistema mariño do noso país, que a través de 50 imaxes pretende amosar a beleza e a diversidade zoolóxica que encerra o noso mar, buscando o equilibrio entre as especies populares coñecidas e as descoñecidas, pero sempre desde un punto de vista artístico, que á vez sirva como fio condutor para axudar a divulgar e coñecer mellor as nosas especies. O resultado de 25 anos de experiencia mergullándose e fotografando o mundo submarino.

EXPOSICIÓNS

Y TU MAMÁ TAMBIÉN
Dirixida por Alfonso Cuasón (México, 2001) proxecciónase na Praza de Sta. María o venres 13 ás 20 h. (caso de chover no teatro Principal). O mércores 18, dentro do ciclo "Historia do cine" na sala de Cajamadrid con sesións ás 20 e 22:15 h, poderemos ollar a superproducción *O ladrón de Bagdad*, rodada, nos anos 1939-40, por Alexander Korda que a dirixiu con Ludwig Berger e Michael Powell. Estas proxeccións están organizadas polo cine-clube Pontevedra.

EXPOSICIÓNS

BG WILDLIFE. PHOTOGRAPHER OF YEAR
As obras da edición do ano 2001 do prestixioso premio de fotografía da natureza, organizado pola *BBC Wildlife Magazine* e o *Museo de Historia Natural* de London, nas que non só se valora a beleza formal, senón tamén a crueldade e os problemas de conservación da natureza, son expostas na sala de exposicións de *Cai-xanova* da Praza de San Xosé, ata o 22 de setembro.

EXPOSICIÓNS

BIENAL INTERNACIONAL
Mostra de arte contemporánea na *antiga Facultade de Ciencias Sociais* e no *Pazo da Cultura*, baixo o título de *Narrando espacios, tempos, historias...* que será clausurada o 30 de setembro. De Dinamarca veñen Sine Berge & Johan Holte, Mads Gandrup, Michael Elmgreen & Ingar Dragsæt e Olafur Eliasson; de Islandia, Hrafnikell Sigurdsson; de Suecia, Miriam Bäckström, Jonas Dahlberg, Gunilla Klingberg e Jacob Dahlgre; de Finlandia, Ilkka

PREMIOS RÚANOVA
Presentarase as obras gañadoras do XIV premio de narracións xuvenís *Rúa Nova*. Celebrarase na Facultade de Ciencias da Educación o próximo xoves 19 ás 20 h.

EXPOSICIÓNS

A CANCIÓN BRITÁNICA De Dowland a Britten. Charla que será impartida por Roger Vignoles este xoves 12 ás 20 h. na *Aula Sociocultural* de Caixa Galicia.

EXPOSICIÓNS

FACENDO CAMIÑO
Ata o martes 19 podere-

Para a inclusión de información nestas páxinas do *lecer* pregámosvos nosas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, Apdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 401 ou correo electrónico info@ano-saterra.com



Vanguardia, militancia e esquecemento titúlase a mostra que sobre Cándido Fernández Mazas podemos ollar na sala de Caixa Galicia en LUGO.

brarase distintos actos en homenaxe deste mestre (A Gudíña 1907 - Ourense 1977), colaborador do *Museo Provincial de Ourense*, seguindo o exemplo de V. Risco, que publicou numerosos traballos etnográficos sobre xogos infantís, animais salvaxes e domésticos, poesía popular, adiviñas, astroloxía e meteoroloxía popular, meigas, falas dialectais e, en xeral, sobre tradicións e costumes. Ás 19 h, inaugurarase a mostra sobre a súa vida e obra no Colexio *Laureano Prieto*; e, neste mesmo lugar, ás 20 h, terá lugar a mesa-coquio que moderará Marcos Valcárcel (Historiador e escritor) e na que interverán Fr. Fariña Busto (Director do Museo Arqueolóxico de Ourense), X.C. Sierra (Director do Museo Etnolóxico do Ribeiro), X.A. Fidalgo Santamaría (Antropológo da U. de Vigo), e os escritores Antonio Reigosa e Xosé Miranda.

EL MESWY
Este membro hiperactivo de CPV, natural de Alcorcón, está considerado no Estado como o MC máis respectado, controvertido e socialmente comprometido de cantos están no mundo hip hop. As súa armas son as palabras, composicións e sentido común, sen ningún tipo de concesións, dando a credibilidade que precisa este tipo de música. O sábado 14 na sala *Clavicémbalo* (Paxariños 23)

ALMUDENA FÉDZ. FARIÑA PARTICIPA NA MOSTRA L'ORÉAL DE ARTE CONTEMPORÁNEA
Co título de *Vanguardia, militancia e esquecemento* pode verse esta mostra, ata o 31 de outubro, na sala de exposicións *Caixa Galicia*.

Lugo

EXPOSICIÓNS

Á TRAMA E O OURO
É unha exposición sobre traxes do século XVII que se pode ollar na capela de Sta. María.

CÁNDIDO FERNÁNDEZ MAZAS
Co título de *Vanguardia, militancia e esquecemento* pode verse esta mostra, ata o 31 de outubro, na sala de exposicións *Caixa Galicia*.

L'ORÉAL DE ARTE CONTEMPORÁNEA
A sala de exposicións da *Deputación* acolle a selección de obras que reuniu ao longo das 17 edicións do seu premio de pintura. Entre os artistas atopáanse algúns nomes galegos tales

como Salvador Cidrás, Almudena Fernández Fariña, Vicente Blanco, José Manuel Calzado e Antonio Murado.


POÉTICAS MODERNAS
Ata finais do mes de setembro podemos visitar, no *Museo Provincial*, a colección de setenta obras feita en papel por grandes nomes da vanguardia, desde autores que reaccionaron ao academicismo francés como *Matisse* ou *Derain*, o cubista *Gris*, os colectivos *El Paso* e *Cobra*, ou os chamados *novos salvaxes alemáns*. As obras, que forman parte da colección Serra, é unha lección do século XX, con diferentes técnicas e temáticas.

CORINA EPIS
Mostra a súa pintura, ata este domingo 15, no edificio da Xunta.

MÚSICA

N.M.D.
Concerto deste grupo, de metal, este xoves 12 no *Clavicémbalo* (Paxariños 23). Ademais, neste mesmo local, poderemos escoitar a *Volta do Agro*, grupo de folk tradicional, o venres 13; a *Freak Garden*, rock-fusión, o luns 16; *Gaíta de Pedra*, música de raíz, o mércores 16; *Sólo voces*, música a capella, o xoves 19; ou disfrutar das "fechorías" do *Mago Teto*, o martes 17.

EL MESWY
Este membro hiperactivo de CPV, natural de Alcorcón, está considerado no Estado como o MC máis respectado, controvertido e socialmente comprometido de cantos están no mundo hip hop. As súa armas son as palabras, composicións e sentido común, sen ningún tipo de concesións, dando a credibilidade que precisa este tipo de música. O sábado 14 na sala *Clavicémbalo* (Paxariños 23)



Malpica

EXPOSICIÓNS

GRAVADOS DO CGAC
Mostra de gravados do *Centro Galego de Arte Contemporánea* na que destacan obras de Jorge Castillo, Eduardo Chillida, Antonio Saura, Antoni Tàpies, Christo, Enzo Cucchi, Appel Karel, Njame Plensa e Perejaume, entre outros. Ata o 30 de setembro en Buño, no Centro *Comarcal de Bergantiños*.

Ourense

CINEMA

CICLO LATINOAMERICANO
No teatro *Principal* ás 21 h. por un prezo de 2 euros. O luns 16, *El chacotero sentimental*, produción chilena de Cristian Galaz. O martes 17, *En la puta vida*, da española Beatriz Flores Silvia.

Mondoñedo

MÚSICA

ORQUESTRA DE XOVE
Esta formación, de carácter municipal, dá un concerto este xoves 12 dentro do ciclo *Galicia nos sentidos*.

Monforte

EXPOSICIÓNS

LOURDES GARCÍA
A súa obra fotográfica, que amosa diferentes utensilios dos que se empregan na elaboración artesá como teares, ripos, mazas, espade-las... pode ser ollada no Centro Comarcal de Lemos ata o 30 de setembro.

MARINA PINTOS FONSECA
Unha mostra da súa pintura pode ser ollada no Centro Comarcal de Lemos.

Oleiros

CONFERENCIAS

JOYCE HORMAN & FABIOLA LETELIER
Vintenove anos de loita contra a impunidad: Días mulleres en charla-colquio. Joyce Horman é pintora e viúva de Charles Horman, que foi asasinado en Chile en setembro de 1973 sendo levado o caso ao cinema coa fita *Missing* de Costa Gravas. Fabiola

Malpica

Letelier é avogada e irmá de Orlando Letelier, cancelleiro de Salvador Allende, asasinado en setembro de 1976 en Washington. Ambas estarán o sábado 14 ás 20 h no *Teatro Municipal A Fábrica de Perillo*

Ourense

CINEMA

CICLO LATINOAMERICANO
No teatro *Principal* ás 21 h. por un prezo de 2 euros. O luns 16, *El chacotero sentimental*, produción chilena de Cristian Galaz. O martes 17, *En la puta vida*, da española Beatriz Flores Silvia.

EXPOSICIÓNS

PLANETARIUM
Mostra de *Adri e Minusbáido* que, ata o domingo 15, acollerá a *Casa da Xuventude*, e na que combinan todo tipo de disciplinas artísticas: pintura, arte dixital, escultura, collage, foto, vídeo, escritos...

CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS
O Centro Cultural da Deputación alberga esta mostra ata o mércores 18.

ANA M^a MARTÍNEZ
Ata este domingo 15 poderemos ollar os seus óleos no Liceo Recreativo.

MÚSICA

MÚSICA CORAL, TRADICIONAL E POPULAR
Este Festival, na súa primeira edición, celebrarase no teatro *Principal* o venres 13 e sábado 14.

4 TEEN KILLERS
A banda punk-rock, formada en 2001, de sons guitarreros afaiados e voz feminina, vai actuar o vindeiro sábado 21 ás 21 h. no *Rock Club*.

TEATRO

O LAPIS DO CARPINTERO
Baseada na obra de Manuel Rivas, *Sarabela Teatro* vai representala no teatro *Principal* este xoves 12.

Poio

EXPOSICIÓNS

ANTONIO FEIJÓ
O pintor colga as súas obras no *Casal de Ferreiros* ata o 29 deste mes. A mostra está composta por unha serie de cadros realizados á acuarela, e a temática que predomina nas súas obras lembran o mar e os ambientes marítimos, así como as paisaxes das Rías Baixas, que o inspiran desde a súa nenez.

Músicas da Terra

IV edición deste festival, que este ano muda de data e se celebra xunto coas festas parroquias, o venres 20 en *OUZANDE* (A Estrada). Organizado pola Xunta Parroquial e a A.C. *A Fervenza*, contan coa participación de *Treixadura*, *Os Carunchos* e *Chachimonia*; ademais da animación

ao ar libre que correrá a cargo dos *Quinquilláns* e *Volta e Dalle*. No transcurso do festival ofrecerase unha mostra de artesanía e a posibilidade de cear nos chigres con polvo, empanada... En caso de chuvia o campo da festa cubrirase cunha carpa. Máis información no telf. 986 575 226. ♦

mos contemplar, na *Fundación Granell*, os traballos realizados polas persoas que padecen unha enfermidade mental nos distintos obradoiros que a asociación *Fonte da Virxe* ten para a rehabilitación psicosocial e laboral. *Facendo Camiño* quere simbolizar os pasos, lentos pero seguros, no camiño cara a plena integración das persoas que padecen unha enfermidade mental.

HAIKUS

Mostra colectiva de 25 artistas de todo o Estado que presentan obras de pequeno formato inspirándose nos haikus, poemas xaponeses, cada un no estilo propio: óleo, pastel, gravado, fotografía... e que poderemos visitar na galería *José Lorenzo*.

GENERACIÓN 2002

Vén é o título da mostra que se encontra no *Auditorio de Galicia* e, que recolle os premios e becas de arte de *Caja Madrid*. Ata o 20 de outubro.

RAMÓN CAAMAÑO

Ata o 6 de outubro, o *Colexio Fonseca* acollerá esta mostra composta por fotografías tomadas nos anos 20 e 30. Unha completa descripción da vida do pobo nesa época, quedando reflectidas todo tipo de actividades laborais, desde o traballo manual, ata o comercial, no banco ou na notaría; desde a escola ata as mulleres aprendendo a coser nas máquinas *Singer*; desde os gaiteiros, festas, bandas, comparsas, teatro, equipos de fútbol... ata os velorios e rituais que acompañan á morte na cultura rural.

JEAN DIEUZAIDE

La Galice é o título da mostra fotográfica que acollerá a *Igrexa da Universidade* desde este xoves 12 ata o 12 de outubro. Trátase dun achegamento á obra realizada polo fotógrafo francés nas súas viaxes polo noso país nos anos 50-60.

DOS OBXECTOS

Mostra colectiva que inclúe obras dos artistas: **Elena Blasco, Carmen Calvo, Pep Guerrero, Chema Madoz e Pablo Milicua**. Ata o 15 de setembro na galería *Trinta*.

LEANDRO LAMAS ERMIDA

Ata o 31 de setembro A *Mouga* (rúa Calderería) é o lugar onde mostra os seus libros sobre lenzo.

PEREGRINACIÓN Á XERUSALÉN NEGRA

Mostra de fotografías de **Fernando Moleres**, que vai estar aberta ata o 29 de setembro no *Museo das Peregrinacións*.

IMAXES DA MEMORIA

A fundación *Granell* acolle, ata o 2 de decembro, esta mostra que ten como obxectivo recuperar a relación que o artista mantivo coa Galiza. Un achegamento á súa traxectoria a través das obras para comprobar como xurde, unha e outra vez, a evocación e os lazos que o unen á terra. Imaxes, títulos nas pinturas ou nas gravuras, esculturas e obxectos son presentados como escenarios reconhecibles e traxicas circunstancias históricas nas súas creacións. A mostra divídese en tres partes, cada unha relacionada coas etapas da vida do artista: 1912-28, a infancia e a adolescencia; 1930-85, o exilio e a evocación da terra a través das obras; a partir de 1985, o regreso de América e o re-

Convocatorias

CURSO REGULAR DE DANZA

Organizado polo teatro *Galán* de Santiago (Gómez Ulla 7, telf. 981 585 166, correo electrónico teatrogalan@mundof.com) para os martes 8, 15 22 e 29 de outubro de 18 a 20 h. será impartido por **Bárbara Montegudo**, fundadora, en 2001, da compañía *Trespasando*, xunto cos bailaríns cubanos Armando Martín e Ana Beatriz Pérez, logrando coa súa primeira colaboración o terceiro premio na XV edición do Certame Coreográfico de Madrid. Máis información en www.teatrogalan.com.

I PREMIO DE XORNALISMO "JOHÁN CARBALLEIRA"

O Concello de Bueu e a Asociación Cultural "Amigos de J. Carballeira" convocan este premio aberto a traballos en calquera xénero periodístico, publicados con firma ou pseudónimo entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro do 2002, ámbalas dúas datas incluídas, e escritos en galego ou castelán. A temática é libre se ben deberá gardar relación con calquera aspecto da realidade, cultura, historia, economía ou sociedade de Galicia, dos galegos ou de calquera das súas cidades, vilas ou lugares. Aceptaranse un máximo de dous traballos por autor, debendo presentarse un orixinal e cinco fotocopias da páxina ou páxinas completas da revista ou xornal que acolleu á súa publicación coa data correspondente. Os traballos remitiranse, nun sobre pecho, á Casa do Concello, Eduardo Vicenti, s/n, 36930 Bueu (Pontevedra), figurando no exterior "I Premio de Xornalismo Jóhán Carballeira", no interior, ademais dos traballos, achegárase unha plica coa dirección e o teléfono do/a autor/a. O premio é único cunha dotación económica de 3.000 euros. O prazo límite para a recepción de traballos péchase o 4 de novembro do 2002. O Concello de Bueu reserva-se o dereito de reprodución dos traballos premiados, así como de calquera outro presentado ao certame, na forma e o medio que estime máis conveniente. O fallo farase público en decembro do 2002, no transcurso dun para a conmemoración do Centenario do nacemento de Jóhán Carballeira.

PREMIO DE POESÍA JOHÁN CARBALLEIRA

VII edición á que poderán concorrer todas as persoas que presenten os seus orixinais escritos en galego e que non tivesen gañado ningunha das anteriores convocatorias. Os textos terán que ser inéditos e a extensión deberá superar os 400 versos. Presentaranse cinco copias en tamaño folio, mecanografiadas a dobre espacio e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto coas copias achegarase un sobre pecho no que constarán os datos persoais do autor ou autora facendo constar no exterior "7ª Edición do Premio de Poesía Jóhán Carballeira". As obras remitiranse á Casa do Concello de Bueu, Eduardo Vicenti, s/n, 36930 Bueu (Pontevedra). O prazo de presentación remata o 30 de setembro do 2002. O premio terá unha dotación tónica de 1.500 euros e poderá ser declarado deserto. O fallo do Xurado producirase antes do 1 de decembro do 2002, e entrega do premio terá lugar en decembro, esa data e hora a concretar. O Concello de Bueu reserva-se durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado.

COLOQUIO GALEGO DE MUSEOS VII edición, desta volta titulada Museos: construíndo a comunidade,

celebrarase do xoves 26 ao sábado 28 no *Museo do Pobo Galego* en Santiago e pódese recabar máis información no telf. 981 583 620, www.egmuseos.org, ou no correo electrónico cgmuseos@interbook.net.

CONGRESO INTERNACIONAL DE ESTUDIOS GALEGOS DA AIEG

O 30 de novembro remata o prazo de ins-

crición para esta VII edición que terá como temáticas as **Mulleres en Galicia e Galicia e os outros pobos da península**, e que poderán ser tratados desde todas as perspectivas (artística, literaria, xeográfica, dereito, etc.) Esta edición vai celebrarse na Universidade de Barcelona do 28 ao 31 de maio de 2003. Para recibir máis información podes dirixirte á secretaría técnica: estudiosgalegos@congresos.ub.es ou á secretaría científica: estudiosgalegos@vieiros.com. Tamén se pode visitar a páxina electrónica www.ub.es/congres/estudiosgalegos.

XOGOS FLORAIS

O ateneo *Santa Cecilia* de Marín convoca unha nova edición na que poderán concorrer autores de calquera nacionalidade que presenten obras en galego. Serán poemas de tema e composición libre cunha extensión mínima de 75 versos e máxima de 125. Os textos serán remitidos por quintuplicado, dactilografados, a duplo espacio e baixo lema e plica a: *V* do Caracol 36, baixo, 36900 Marín. Establécense 3 premios dotados respectivamente de 1200, 800 e 400 euros, alén dunha camelia de ouro para o primeiro e de prata para o segundo e terceiro. Para máis información pódese chamar ao telf. 986 880 283.

Vén é o título da mostra que se encontra no Auditorio de Galicia de SANTIAGO e, que recolle os premios e becas de arte de *Caja Madrid*. Na imaxe un detalle dunha fotografía de Nacho Arias.



ata o 22 de setembro. E neste mesmo lugar, pero ata o domingo 29, tamén permanecerán as teas de **Jesús Jauregui Abellás**.

Vigo

■ CINEMA

DOWNHILL CITY
O cineclub *Lumière* ofrece, o luns 16, esta fita finca-xermana ás 20:30 h. Dirixida no ano 1999 por **Hannu Salonen**, ten como escenario as rúas de Berlín, onde as vidas de 6 persoas distintas entrecrízanse.

■ EXPOSICIÓNS

GLACIARES, RÍOS DE XELO
Se a Terra continúa a sequentarse, o desxelo provocará que moitas das zonas costeiras queden anegadas polo mar. Esta mostra, organizada pola *Fundación La Caixa* na *Casa das Artes*, trata sobre os glaciares, esas grandes masas de xelo, principal reserva mundial de auga doce, sobre o seu movemento e tamén sobre as persoas que viven sobre eles, os esquimós, de forma permanente, e os científicos, habitantes temporais durante as súas investigacións. O tema está presentado desde a perspectiva da física, a mecánica, a formación da paisaxe, da historia e da relación co home. Maquetas de tamaño real, grandes escenografías, módulos interactivos, obxectos, fotografías e imaxes de vídeo, son algúns dos elementos que a conforman.

ACISCLO MANZANO
Ata o 13 de outubro poderanse ver as esculturas deste artista galego no *C. C. Caixanova*.

GUSTAVO GABETTA
A galería *Artenova* (Praza da Princesa 3) alberga a mostra deste pintor. Máis información en www.artenova.es

PABLO
De ir en ir, título a súa mostra de escultura cerámica que ten na galería *Sargadeiros* desde este xoves 12 ata finais de mes.

MANUEL LÓPEZ
Mitoloxía e historias lexen-

darias é o título da mostra de ilustracións que poderemos ollar na *Casa da Xuventude*, dentro do programa de exposicións *Mirarte da Concellería de Xuventude*, ata o 20 de setembro.

HOMENAXE A CUCO CERECEDO

Ata o 29 de setembro na *Casa da Cultura Galega* poderemos ollar esta mostra fotográfica sobre o xornalista.

RANDE 1702

ARDE O MAR
O *Museo do Mar* comeza a súa andadura con esta mostra conmemorativa do terceiro centenario da Batalla de Rande, acontecemento de grande transcendencia para a historia de Vigo e da comarca. Os obxectivos que se persiguen son a súa divulgación así como o coñecemento e defensa dun dos grandes xacementos arqueolóxicos submarinos da fachada atlántica. A mostra divídese en tres seccións: *A carreira das Indias, as frota da prata; Mirei as naves arder; e Unha historia submarina*; deste xeito ofrécense aos visitantes unha introducción histórica ao contexto no que se produce a batalla, unha mostra da propia batalla e do seu tempo e, finalmente, relátanse as distintas lendas en torno aos tesouros afundidos na ría así como diversos intentos de recuperación. Ata o 8 de novembro.

A.R. PENCK

Ata o 15 de setembro propoúrgose a mostra de pinturas deste creador alemán que poderemos ollar na *Fundación Lavetor* (Casa das Artes). Considerado coma un dos representantes da postmodernidade, integrante do grupo xermano *Novos Salvates*, segundo o comisario da mostra, **Xavier Braxán**, destaca a afinidade da súa obra coa de **Luca Pacioli**, referendo a ambos como situando de *Atlántica*.

■ MÚSICA

SUPERSUCKERS + DIAMOND DOGS + SAMESUGAS
Este xoves 12 ás 21 h. na sala *Código de barras* (avd. Europa 32) estas tres bandas de rock van dar un concerto.

encontro. Fotografías, vellas películas e cartas dirixidas a Dieste, xunto con libros e obxectos persoais complementan a mostra.

RICHARD TUTTLE

Nado en 1941 en Rahway (New Jersey), o seu traballo é dunha grande espiritualidade e serenidade. Segue intuitivamente o seu camiño de investigación, emprega materias pouco convencionais e escalas reducidas nas súas pezas, sendo difícil de clasificar a súa obra —a miúdo a medio camiño entre a escultura, o debuxo e a pintura—. É obxecto de dúas mostras simultáneas: *Memento* (ata o 29 de setembro) no *Museu Serralves* do Porto; e *CENTER* (ata o 22 de setembro) no CGAC, que aínda que concebidas independentemente, Tuttle imaxinas como partes complementares dun todo máis grande. O fío condutor de *CENTER* son vinte vitrinas en espiral que albergan unha escolma das publicacións desenhadas por el. Arredor das vitrinas están instaladas *Blue/Red Alphabet*, de 26 pezas, e *Replace IV* de 40, dúas series de pequenos cadros.

ANTONIO MURADO

Un millón de acres pretende ser a cartografía dunha viaxe imaxinaria polas dúas últimas décadas de produción deste lugar do ano 64, utilizando maraños, nubes, pétalos, paisaxes xeadas, redes, lousas ou ramas... Desde New York afronta os problemas de percepción con sensibilidade estética e gran refinamento. A pesar de que o seu dominio técnico lle permite un control riguroso do comportamento do material, este coexiste con voluntarios procesos fortuitos. Reune pinturas de gran formato, tremendamente suxestivas. Paisaxes de frío que se complementan con óxidos ou cuarteados. NO CGAC ata o 22 de setembro.

Mª JOSÉ DOMINGO

Mostra de pintura, titulada *Verdes*, organizada pola galería *José Lorenzo* no hotel *Puerta del Camino* e que estará aberta ata o martes 17.

■ MÚSICA

CÍRCULO DE LIED
Na súa III edición, o venres 13 ás 21 h. no teatro *Principál* cantará o barítono **Cris-**

topher Maltman acompañado por **Roger Vignoles** ao piano. Continúa o venres 20 con **Mark Padmore** e **Roger Vignoles**, tenor e pianista, respectivamente.

AMAGHÚA
O venres 13 a banda rock tocará nas Festas do bairro de Conxo.

■ TEATRO

CON FLORES A MARÍA
Representación a cargo do *Teatro da Lúa* este xoves 12 ás 22 h. no *Principál*.

Sarria

■ TEATRO

ANA CARREIRA
Sesión de contacontos para os máis pequenos o sábado 14 na *Casa da Cultura* a partir das seis e media do serán.

Tui

■ EXPOSICIÓNS

RITA ENRIQUEZ
As súas pinturas están expostas na *Área Panorámica*



Guido a boiar, Levanzo, Sicilia, 1999. Fotografía de Nan Goldin que forma parte da súa mostra no Museo Serralves do PORTO.

EL MESWY
O cantante de hip hop actuará o venres 13, xunto con outro artista invitado, na sala *Código de Barras*.

STANDSTILL
Abandeirados do hardcore ao que dotan dunha gran cantidade de elementos que o achegan ao público sen renunciar á súa esencia chea de enerxía e vitalidade. Cando o ano pasado editaron o segundo disco, *Tonic Spell*, ningún era consciente que estes cinco músicos e este disco ía dar tanto que falar no panorama español e europeo. Agora no seu tercer disco, *Memoires Collector*, incorporan trompetas, cordas, teclados, xilófonos, samplers... dotando os temas dunha liña melódica máis clara. O venres 13 na *Iguana Club* a partir das 00.30 h.

h. Destacan nas actuacións o **Rancho Etnográfico** de San Lorenzo de Montaría (Portugal); a agrupación folclórica **Frohes Novas** de Vigo; así como a **Xirandola** de Lilleda. Tamén estará o grupo de danzas **Virgen Valdesale** de Torquemada (Palencia) e a agrupación folclórica **Ledicias** do C.V.C. *Valadares*.

FESTIVAL DEATH
O martes 17 na sala *Anoeta* estarán **Vader**, de Polonia; **Kristum**, do Brasil; **Decapitated**, de Polonia; e **Prejudice**, de Bélxica. As portas abríranse ás 20 h. e a entrada anticipada (15 euros) poderase comprar en *Elepé, Diskópolis, La Columna, Hungar 77* e na sala *Anoeta*.

QUILAPAYÚN
O reconecido, internacionalmente, grupo chileno, motores, xunto con Víctor Jara, Inti Illimani... do movemento de renovación musical do seu país nos anos setenta, con cancións tan emblemáticas como "El pueblo unido jamás será vencido" ou traballos como a "Cantata de Sta. María de Iquique", vai estar o venres 20 no C.C. *Caixanova*.

TEATRO
MULLERES
Franca Rame e Darío Fo perfilan e confiren carne teatral aos personaxes desta obra, introducindoos en situacións grotescas, onde a arma do riso desvela e bate nos puntos máis fráxiles e que máis poden doer ao eterno antagonista, o home. Pero o feminismo dos autores, aínda sendo implacábel e certo como unha dentada, nunca resulta fanático ou sombrio. Trátase dunha visión crítica e solidaria das, sempre difíciles, relacións entre o home e a muller. *Mulleres* vai ser levada a escena por *Uvegá teatro* o sábado 21 e domingo 22 no C.C. *Caixanova*.

Vilagarcía
EXPOSICIÓNS
MIGUEL PEREIRA
Ata o 22 de setembro podemos ollar a súa obra, baixo o título de *Locus*, na *Casa da Cultura*.

Vilalba
EXPOSICIÓNS
TAL COMO ERAMOS
Perto de 300 fotografías antigas da Terra Cha, da máis diversa índole, engloba esta interesante exposición que podemos ollar na *Casa da Cultura*.



Pablo é un xove ceramista que mostra a súa obra na galería Sargadelos de VIGO.

Anuncios de balde

- **Dão-se aulas de portugués.** Profesor cualificado e experiente. TLM. 646 110 028.
- **Véndese casa** no centro de Guitiriz duns 300 m², con garaxe, patio, pozo e horta. 150.253 e. Telf: 982 244 182 e 637 946 204.
- **Home, 58 anos, sólida formación,** boa cultura xeral, francés, italiano, portugués, galego. Ofrecése para recepción en hotel ou semellante. Experiencia en Suíza e Francia como recepciónista. Telf. 666 623 190.
- **Alugo habitación** en Vigo na rúa Urzaiz, centro do Calvario, ao pé da parada de autobuses. Cercana a RENFE e estación de autobuses. Muller ou estudantes. Telf. 666 623 190.
- **Regalanse preciosos palleiros** de nai Schnanzer xigante con pai pastor belga, moi bo carácter. Telf. 986 649 419.
- **Alúganse cuartos** na zona do **Campus Sur de Santiago** de Compostela. Tlf. 636 779 794.
- **Véndese casa** con muíño e fincas, en **Mundín (Chantada, Lugo)**. Tlf. 982 441 589.
- **Traspásase taller mecánico** na **Coruña**, en pleno funcionamento, céntrico (perpendicular a Juan Flórez). Telf. 981 135 537.
- **Busco unha amiga** que goste de **actividades saudábeis**, unha delas saír coa bici no tempo de lecer. Falámolo? Rubén: 652 133 005.
- **Vendo casa de 60 m² con finca** de 1.300. Prezo: 78.100 euros. Zona dos Tilos (Santiago) 677 484 653 (Kiko).
- **Mestre de primaria** con experiencia na docencia e residencias de estudantes, **busca traballo con urxencia**. Aínda que non sexa na docencia, xa que tamén teño experiencia como lleiteiro, repartidor e peón. Manuel 616 354 911.
- **Alúgase casa de campo restaurada** en **Meira (Lugo)**. Tres cuartos dobres con baño e calefacción e 10.000 m de finca. Fin de semana ou tempada. Razón nos telf. 982 331 700 / 686 753 105.
- **Consegue a camisola** da selección galega de fútbol ao prezo de 25 euros (máis 4 de gastos de envío) solicitándoa ao apdo. 1.103, C.P. 15700 de Compostela, con os teus datos persoais.
- **Véndese Rover Montego PO-AX** en bon estado. Con gancho para remolque, alerón, cerrxe centralizado... Prezo: 500.000 pta., 300,51 euros. Telf. 986 320 604.
- **Sexto Feliche, o poemario erótico** de **Antom Fortes, está á venda** nas librerías *Colón, Couceiro, Lume e Nós* da Coruña; *Souto e Trama* de Lugo; *Torga de Ourense; Michelena* de Pontevedra; *A Paisaxe Perdida, Couceiro, Folias Novas, Sargadelos* e *Trasgo* de Santiago; e *Andel, Cervantes, Sargadelos* e *Versus* de Vigo.
- **Alúgase habitación** en **Santiago**, zona do **Campus Sur**. Telf. 636 779 794.
- **Mozo de 31 anos** quere **coñecer mozas** de toda Galiza de 20 a 35 anos. Son "majo" e cariñoso. Gústame o monte, pasear e os animais. Chámome Berto. Telf. 616 870 908.
- **Merco coleccións de anos completos** de **A Nosa Terra**. Merco libros antigos, documentos, fotos, postais, etc., tlf.: 678 911 804.
- **Mozo universitario de 30 anos**, que gosta das viaxes, historia, arte música, cinema, literatura, das noites de "marcha", do deporte, con sentido do humor e cunha visión ampla e progresista do mundo, **busca muller romántica**, honesta, divertida e con gustos semellantes para coñecerse e, chegado o caso, entabrar unha relación seria. As interesadas poden escribirme a renacemento@terra.es.
- **Véndese invernadoiro tipo bituñel**, con paredes curvas (14,80 x 42 m), 621 metros cadrados. Fran, Cambre (A Coruña) teléfono 981 672 573.
- **Cursos, doma natural e educación de cabalos.** Alexander Schumuck. Telf. 986 600 352 / 626 373 738 / alex.schumuck@gmx.net.
- **Precísanse persoas competentes** en lingua portuguesa. Contactar através do Apdo. de correos 1.012, CP 15.406 de Ferrol.
- **Son un mozo de 27 anos** ao que lle gustaría poñerse en contacto contigo, **muller entre 20-35 anos** e con interese pola literatura, cine, natureza e os bos momentos da vida en amizade e compañía. Non pido ningunha lúa. Se non che agrada o correo electrónico non te preocupes, tampouco a min, despois xa atoparemos o mellor medio para que a nosa amizade saia adiante. Non o vexas tan difícil e escríbeme. Son Xohán e agardo a tua mensaxe en arxiro 21@yahoo.es.
- **Requirense persoas lincenciadas (diplomadas), arquitectos e enxeñeiros (técnicos) desempregados** para pequenos traballos remunerados. Contactar através do Apdo. de correos 1.012, CP 15.406 de Ferrol.
- **Véndese teléfono móbil Siemens C-25**, ¡impecábel e para *Movistar!* inclúe adaptador para mecheiro de coche e funda. Prezo 54 euros (negociábeis). 982 501 086 (Xoan Carlos).
- **Jovem trabalhador busca piso** ou casa para compartir na cidade de Lugo. Com ambiente tranquilo polo horario de traballo. Deixar condicións do aluguer e forma de contacto no seguinte enderezo electrónico: Peixe-web@mixmail.com.
- **Música clásica para vodas diferentes.** Grupos de Cámara e Voz. Telf. 981 507 925 - 636 270 817.
- **O Colectivo Gai Milhomes da Coruña** informa que o seu novo local está en Linares Rivas 49, 3º e que atenden de 18:30 a 20:30 h. todos os días, para calquer problema ou para o servizo de empréstito da biblioteca e videoteca. Telf. 981 242 599 ou o móbil 686 307 543 as 24 horas.
- **Esquerda Nacionalista-Mocidade** ten unha **camisola de cor negra estampada coa versión patriótica da lingua dos Rolling** por 6 euros (tallas M, XL e XXL). Tamén bandeiras da patria por 7,21 euros. Máis información en enmocidade@hotmail.com ou nos telf. 646 794 726 - 626 892 484.
- **Véndese finca** no lugar de **Bexo, en Dodro (A Coruña)**, na estrada de Padrón a Riveira. Telf. 605 368 339. ♦

Diamonds Dogs, á esquerda, Super-suckers, por baixo destes, e Samesugas, embaixo destas liñas, estarán este xoves 12, a partir das 9 da noite, no Código de Barras de VIGO.



A. GONZÁLEZ GELÍN
Mostra os seus oleos na sala de mostras do *Parador* ata finais de setembro.

Viveiro
EXPOSICIÓNS
LAXEIRO 1930-1980
Unha variada selección de obras da súa produción artística esta a ser exposta no S.M.E. *San Francisco* ata o domingo 22 de setembro.

Porto
EXPOSICIÓNS
NAN GOLDIN
Ata o 6 de outubro poderemos contemplar a mostra fotográfica desta norte americana no *Museu Serralves*. Imaxes incómodas, morte, sida, violencia; turbadoras, sexo; inquietantes tanto que contan a vida da autora e achegados...
RICHARD TUTTLE
Primeira mostra antolóxica en Portugal dun dos artistas de norteamérica máis recoñecidos internacionalmente, que coa súa obra, recorrendo frecuentemente a materiais téxtiles, permitirá un diálogo e transformación das características do espazo da *Casa de Serralves*, coprodutora do *CGAG de Santiago de Compostela*. Ata o 29 de setembro. ♦

Braga
EXPOSICIÓNS
JULIAN OPIE
Os seus traballos estarán expostos na galería *Mário Siqueira* ata este domingo 15 de setembro.

Durante anos a xente polemizou sobre a existencia ou non de extraterrestres sen chegar a ningunha conclusión. O debate de agora trata sobre a existencia ou non da Unión

Europea. Como sempre hai argumentos a prol e en contra. A UE existe porque existe a cuota do leite, porque pagamos en euros etc. Pero outro din que a UE non existe porque non ten

exército, nin política internacional. Blair di *a*, Chirac di *b* e Schröder *c*. Ata que chega papá Bush e pon orde na mesa. Ademais, ¿viron a alguén coa bandeira europea na camisola?♦

DIRECTOR: Alfonso Eiré López. EMPRESA XORNALÍSTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias. PRINCIPAL: 22, planta baixa (96202) Vigo. Telf. Administración, Subscripcións e Publicidade 986 433 830. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101. info@anosterra.com. Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr/m²



Dieuzaide, fotografías de La Galice

X.E. ACUÑA.
Entrou pola Portela da Canda e alí xa se detivo a buscar a complicidade da luz e o azar. Jean Dieuzaide o viaxeiro da Gascuña viaxa ata Galiza continuando unha sorte de suite fotográfica da Iberia que principiara nos anos 50. Fotografara Portugal e tentara mesmo dar unha visión da España sureña lonxe de pandeiretas, carmes e saraos.

Home de orixe labrega usou do seu patois gascón para facerse entender coas xentes e lograr testemuños en imaxes que foran espello do noso país xusto cando as cidades galegas ensaiaban a especulación urbanística e á vez mantiñan na cotidianidade escenas que se antollaban ancestrais para os ollos de Dieuzaide.

O que foi fotógrafo no Maio do 68 de Toulouse e axitador contra o ruín papel plástico que arruinaba a fotografía en Arles, percorreu o País Basco, Turquía, as ribeiras do Mediterráneo ou o camiño de Santiago na Aquitania. No noso país, ante homes e mulleres que sobrevivían en tempos nos que o paraugas penduraba nas costas e as placas de José Antonio Primo de Rivera ¡Presente! mantiñanse immaculadas e nacional-católicas, fíxose eco dos interrogantes que asomaban e pervivían naquela derrotada sociedade. Plasmou, igual que fixera co románico de Catalunya, o pulo vital de Betanzos, Ourense, O Grove e Palas de Rei.

As súas fotos galegas de 1958 e 1961 son o esforzo daquel coleccionista compulsivo de imaxes

que logo da Liberación cun retrato do xeneral De Gaulle escomenza, baixo o pseudónimo de Yan, unha carreira artística que mantén intacta logo de 81 anos.

A cámara na cintura foi quen de manterse agachada á vista de modelos improvisados que persina, guiou por campos, rúas,


montes, portos e praias. Sorprendeuse ante as feiras e o seu polbo, coa presenza permanente e obscena da garda civil e coa constancia do loito nos tecidos e na paisaxe de todos os días. Coas mulleres que debullou e retratou recoñecendo nelas coa ledicia interior de estar sumando cómplices e compañeiras de orixe rural ao seu basto e durminte arqui-

vo. Co tempo, agora na Universidade de Compostela, de man do Centro Galego de Artes da Imaxe, voltan e reaparecen intactas desde a comodidade sorpresiva e cuasi clandestina dun xeito de fotografar que lle levou a ser recoñecido na Photokina de 1982 e que lle serven para pasar a formar desaxa ampla nómina de fotógrafos e fotógrafas de lonxe das nosas fronteiras que se prenderon por Galiza.♦



Jean Dieuzaide, á esquerda. Arriba, un fotograma de Ourense; abaixo, a feira en Palas de Rei, ambas de 1961.

NOVIDADES



**A guerra
de Arturo
Souto.**

Edición de Paulo
Porta Martínez.



Arturo Souto.

Paulo Porta Martínez.
ESENCIAS

A NOSA TERRA

Reflexions nun 11-S

XOSÉ RAMÓN POUSA

Escoitado un 11-S pola radio para promocionar unha compañía aérea: “e ademais os nosos avións son de mármore. Se te caes leva-la tumba enriba...” (sic). Non se sabe se é simple tomadura de pelo ou unha nova estratexia publicitaria que valeira de contido o significado das palabras, algo, por outra banda, imperante nos medios que sirven de soporte a esa industria da creación de necesidades comerciais.

Estamos nunha grande crise. Esta sociedade, cada día máis quen de satisfacer as necesidades materiais dos individuos, está a conseguir que moitas das liberdades que fai menos dun século eran propias dos homes perdan o seu contido. O espírito crítico, a liberdade de pensamento, a autonomía persoal, o dereito a oposición, son valores difíciles de exercer no mundo en que vivimos. Semellamos libres. Podemos escoller libremente entre unha cada vez maior variedade de bens e servizos, pero eso non significa liberdade. Satisfacemos necesidades que en gran parte son creadas polo propio sistema e asistimos impotentes a unha nova caste de cerimonia relixiosa oficiada polos medios de comunicación e que conduce irremediabilmente á conclusión de que pensar xa non ten sentido. A información substitúe o pensamento.

Paradoxas da sociedade da información, na que a in comunicación pode se-lo factor predominante. Cada día, na cadea que sexa, no telexornal das 3 ou das 9. No informativo horario, no xornal que irremediabilmente pasa polas nosas mans, recibimos milleiros de imaxes redundantes, de ideas que entran directamente a través dos sentidos –pocas veces da razón– e que recargan as nosas pilas para que o “status quo”, para que o sistema perviva e, mais aínda, se alimente do apoio de todos nos que, por riba, consideramos esta democracia como o mellor estado posíbel.

No fondo, todos os occidentais estamos a ser cómplices de Bush, cando ameaza destruír a Iraq, co apoio incondicional de Aznar. Como xa fumos o fumos desa gran mentira chamada “liberdade duradeira”: bombardeo sistemático de Afganistán para que todo siga máis ou menos igual. Dalgún xeito, estamos tan atrapados que sabemos que é mellor non facer traballar a mente demasiado e disfruta-lo momento, aínda que sexa abordo dun avión de mármore.♦